GUÍA DE RECURSOS ESPECÍFICOS PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE

COGAMI
Confederación Galega de Persoas con Discapacidade

EXCELENCIA EUROPEA 300+ PUNTOS EFQM

SANTIAGO DE COMPOSTELA 2013

1. RECOÑECEMENTOS E HOMOLOGACIÓNS

1.1 Recoñecemento do grao de discapacidade

1.2 Recoñecemento do grao e nivel de dependencia

1.3 Homologación / equiparación

2. PRESTACIÓNS SOCIO-ECONÓMICAS

2.1 Prestación non contributiva de invalidez (PNCI)

2.2 Prestación familiar por fillo a cargo con discapacidade/a

2.3 Prestacións derivadas da LISMI

2.4 Contías mínimas das pensións contributivas e non contributivas 2013

2.5 Renda activa de inserción (RAI)

2.6 Renda de integración social de Galicia (RISGA)

2.7 Productos de apoio. Prestacións ortoprotésicas do SERGAS

3. IDADE DE XUBILACIÓN PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE

4. PROGRAMAS

4.1. Programa de acollemento familiar de persoas con discapacidade

4.2. Programa de respiro familiar

4.3. Programa de axuda no fogar

4.4. Programa Xantar na Casa

4.5. Termalismo social (IMSERSO)

4.6. Programa de Lecer

4.7. Programa de asistencia integral en atención temperá de Galicia

4.8. Programa de atención odontolóxica.....

5. FAMILIA NUMEROSA.....

6. SERVIZOS.....

6.1 Teleasistencia .....
6.2 Transporte adaptado.....
6.3 Tarxeta dourada de RENFE.....
6.4 Tarxeta de estacionamento.....
6.5 Tarxeta de accesibilidade.....
6.6 Bono bus.....
6.7 Abono social de Telefónica .....
6.8 Servizo gratuíto de envío de paquetería .....

7 TAXAS .....

7.1 Taxas de xefatura provincial de tráfico.....
7.2 Taxas por participación en probas para obtención do certificado de profesionalidade.....
7.3 Taxas de acceso ó emprego público.....
7.4 Taxas e prezos públicos da Universidade.....

8 EMPREGO E FORMACIÓN .....

8.1 Empresa ordinaria .....
8.2 Emprego público.....
8.3 Emprego protexido .....
8.4 Autoemprego.....
8.5 Formación Ocupacional.....

8.6 Formación universitaria.....

9 VIVENDA .....

9.1 Axudas para a compra de vivenda .....

9.2 Axudas á construcción para uso propio de vivendas de protección autonómica.....

9.3 Axudas para rehabilitación e reconstrucción.....

9.4 Axudas para aluguer .....

10. BENEFICIOS FISCAIS.....

10.1 Directos.....

- Imposto sobre renda das persoas .....
- Imposto de sociedades.....
- Imposto sobre sucesións e doazóns .....

10.2 Indirectos .....

- Imposto sobre o valor engadido (IVE).....
- Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados .....
- Imposto especial sobre determinados medios de transporte.....

10.3 Municipais.....

- Imposto sobre actividades económicas (IAE).....
- Imposto sobre vehículos de tracción mecánica.....

11. LEY 39/2006 DO 14 DE DECEMBRO, DE PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL E ATENCIÓN A PERSOAS EN SITUACIÓN DE DEPENDENCIA.....

11.1 Catálogo de servizos e prestacións .....

- Libranza de Asistencia Persoal.....

INTRODUCCIÓN

COGAMI elabora a presente Guía coa intención de informar ás persoas con discapacidade e a toda a poboación en xeral, sobre os programas, servizos, vivenda, beneficios fiscais... que están ofertados especificamente para este colectivo de acordo co disposto nas normativas vixentes para o 2013. A finalidade desta é a de mellorar os servizos de información ás persoas con discapacidade e ás súas familias, así como a outras entidades públicas e privadas conseguindo con todo isto o desenvolvemento persoal e social do noso colectivo.

A discapacidade é máis que unha materia de benestar social, é unha cuestión de dereitos humanos, tendo en conta que as barreiras e os prexuízos da sociedade constitúen en si mesmos a verdadeira discapacidade. Por isto, dende COGAMI pretendemos promover, protexer e garantir os dereitos humanos das persoas con discapacidade.

Esta Guía de Recursos Específicos aos que poden optar as persoas con discapacidade está composta por 11 epígrafes para así facilitar o seu manexo e obter máis facilmente a información.

1. RECOÑECEMENTOS E HOMOLOGACIÓNS

1.1 Recoñecemento do grao de discapacidade.

CONCEPTO	REVISIÓN DO GRAO DE DISCAPACIDADE
O grao de discapacidade, indica as dificultades que unha persoa pode ter para realizar actividades, expresadas nunha porcentaxe. Unha limitación na actividade abarca dende unha pequena desviación ata unha grave, en termos de cantidade ou calidade, na realización da actividade, comparándoa co xeito, extensión ou intensidade en que se espera que a realizaría unha persoa sen esa condición de saúde. O certificado do grao de discapacidade responde a criterios técnicos unificados, fixados mediante baremos establecidos.	O grao de discapacidade será obxecto de revisión sempre que se prevea unha melloría razoable das circunstancias que deron lugar ao seu recoñecemento, debendo fixarse o prazo en que debe efectuarse esta revisión. En todos os demais casos, non se poderá instar a revisión do grao por agravamento ou melloría sempre que, polo menos, transcorrera un prazo mínimo de dous anos dende a data en que se ditou a resolución, excepto nos casos en que se acredite suficientemente erro de diagnóstico ou se produciran cambios substanciais nas circunstancias que deron lugar ó recoñecemento do grao, en que non será preciso esgotar o prazo mínimo.

ÓRGANO COMPETENTE NO RECOÑECEMENTO

Este recoñecemento efectúase a través dos Equipos de Valoración e Orientación (EVOs). A cualificación do grao de discapacidade que realicen os órganos técnicos competentes será independente das valoracións técnicas efectuadas por outros organismos no exercicio das súas competencias públicas.

A Coruña: Praza Luís Seoane,s/n. Edif. Administrativo–Ala Sur Monelos Tfno: 981 18 25 01 / 981 18 25 02 / 981 18 25 03
Ferrol: Plaza Camilo José Cela, s/n. Edif. Administrativo de Ferrol, 3º andar. Tfno: 981 33 72 32
Lugo: R/Serra de Ancares, 68 baixo. Tfno: 982 88 91 45
Ourense: Avda Sáenz Díez. 33 baixo. Tfno: 988 38 61 50
Vigo: R/ Conde Torrecedeira, 99. Tfno: 986 29 48 36
Pontevedra: Avenida de Vigo 16 baixo. Tfno: 986 84 47 40
Santiago: Praza de Europa 10 2º andar. Centro Comercial Área Central Tfno: 881999236

NORMATIVA DE REFERENCIA:REAL DECRETO 1971/1999 do 23 de decembro, de procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de discapacidade. (BOE nº 22 do 26 de xaneiro do 2000). (Corrección de erros: BOE nº 62, do 13/03/2000)
Real Decreto 1856/2009, de 4 de decembro, de procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de discapacidade, e polo que se modifica o Real decreto 1971/1999, de 23 de decembro (BOE,nº 311, sábado 26 de decembro de 2009)

1.2 Recoñecemento do grao e nivel de dependencia

CONCEPTO	REVISIÓN DO GRAO E NIVEL DE DEPENDENCIA E DA PRESTACIÓN RECOÑECIDA
Os Equipos de Valoración da Dependencia serán os que valoren a capacidade da persoa para levar a cabo por si mesma as actividades básicas da vida diaria, así como a necesidade de apoio e supervisión para a súa realización por persoas con discapacidade intelectual ou con enfermidade mental	O grao e nivel de dependencia será revisable, por instancia do interesado/a, dos seus representantes ou de oficio polas administracións públicas competentes, por algunha das seguintes causas: - Melloría ou empeoramento da situación de dependencia. - Erro de diagnóstico ou na aplicación do correspondente baremo. As prestacións poderán ser modificadas ou extinguidas en función da situación persoal do beneficiario/a, cando se produza unha variación de calquera dos requisitos establecidos para o seu recoñecemento, ou por incumprimento das obrigas reguladas nesta lei.

ORGANISMO DE REFERENCIA: EVOS → Certificado de Discapacidade
EQUIPOS DE DEPENDENCIA → Dependencia

NORMATIVA DE REFERENCIA:
LEI 39/2006, de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención a persoas en situación de dependencia (BOE nº 299 do 15 de decembro de 2006)

1.3 Homologación / equiparación

LEI 39/2006, de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención a persoas en situación de dependencia	**LEI 51/2003, de 2 de decembro, de Igualdade de Oportunidades, Non Discriminación e Accesibilidade Universal das Persoas con Discapacidade**.
É equiparable á dependencia: - Gran invalidez: aquelas persoas que se atopan en situación de dependencia co grao que se determine mediante a aplicación do IVD, garantindo en todo caso o Grao I: Dependencia Moderada. - Maior ou igual ó 75% de discapacidade máis 15 puntos de ATP (atención terceira persoa): • De 15 a 29 puntos → Grao I • De 30 a 44 puntos → Grao II • De 45 a 72 puntos → Grao III	Terán a consideración de persoas con discapacidade aquelas ás que se lles recoñecera un grao de discapacidade igual ou superior ó 33%. Consideraranse afectados/as por unha discapacidade en grao igual ou superior ó 33% os/as pensionistas da Seguridade Social que teñan recoñecida unha pensión de incapacidade permanente no grao de total,absoluta ou gran invalidez, e os/as pensionistas de clases pasivas que teñan recoñecida unha pensión de xubilación ou de retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade. Esta equiparación terá efectos no ámbito da LIONDAU e normativa específica que así o estableza. A acreditación do grao de discapacidade realizarase nos termos establecidos regulamentariamente e terá validez en todo o territorio nacional.

NORMATIVA DE REFERENCIA:
REAL DECRETO 1971/1999 do 23 de decembro, de procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de discapacidade. (BOE nº 22 do 26 de xaneiro do 2000). (Corrección de erros: BOE nº 62, do 13/03/2000)
LEI 51/2003, de 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade.

2. PRESTACIÓNS SOCIO-ECONÓMICAS

2.1.- PRESTACIÓN NON CONTRIBUTIVA DE INVALIDEZ (PNCI)

CONCEPTO

Prestación económica individual de carácter periódico que cubre continxencias de invalidez ou deficiencia e que garante uns ingresos mínimos a aquelas persoas que non poidan acceder a outro tipo de pensións. Asegura a aquelas persoas en situación de discapacidade e en estado de necesidade unha prestación económica e asistencia médico farmacéutica gratuíta e servicios sociais complementarios (persoas que non cotizaron ou non o fixeron o suficiente).

REQUISITOS

- Ser maior de 18 anos e menor de 65.
- Estar afectado/a por unha discapacidade ou enfermidade crónica en grao igual ou superior ó 65%.
- Residir legalmente no territorio español polo menos durante cinco anos, dos cales dous terán que ser inmediatamente anteriores á data de solicitude da pensión.
- Persoas nacionais da UE que totalicen o periodo de residencia mencionado no apartado anterior no territorio de calquera estado membro.
- Carecer de rendas ou ingresos superiores a 5108.60 € anuais para 2013. No caso de convivir con outras persoas nunha mesma unidade económica a contía de ingresos será a que se mostra na seguinte táboa:

LIMITE DE ACUMULACIÓN DE RECURSOS					
Nº CONVIVENTES ATA 2º GRAO (CÓNXUXES, NETOS IRMÁNS...)	MENSUAL	EUROS/ANO	Nº CONVIVENTES ATA 1º GRAO (PAIS E FILLOS)	MENSUAL	EUROS/ANO
2	620.33	8.684,62	2	1550.82	21.711,55
3	875.76	12.260,64	3	2189.4	30.651,60
4	1131.19	15.836,66	4	2827.97	39.591,65
5	1386.62	19.412,68	5	3466.55	48.531,70
6	1642.05	22.988,70	6	4105.12	57.471,75

No caso de recibir outra pensión, será compatible se non supera o 25% da PNC en cómputo anual, e se o supera deducirase o importe que exceda dita porcentaxe

<table>
<tr><td>COMPLEMENTO DE TERCEIRA PERSOA
Percibirán ademais da PNCI un complemento do 50% do importe da pensión.</td><td>REQUISITOS:
• Persoas maiores de 18 anos e menores de 65.
• Grao de discapacidade igual ou superior ó 75% e que como consecuencia de perdas anatómicas e funcionais, necesitan axuda doutra persoa para realizar os actos máis esenciais da vida cotiá como vestirse, desprazarse, comer ou análogos.
• Ter recoñecidos os 15 puntos esixidos no baremo específico.</td></tr>
<tr><td colspan="2">COMPLEMENTO PARA TITULARES DE PNC QUE RESIDAN NUNHA VIVENDA ALUGADA</td></tr>
<tr><td>CONCEPTO
Establecer un complemento de pensión dirixido a persoas beneficiarias de pensións non contributivas de xubilación e invalidez que carezan de vivenda en propiedade e teñan como residencia habitual unha vivenda alugada por propietarios cos que non teña relación de parentesco ata o 3º grao.</td><td rowspan="2">REQUISITOS
• Ter recoñecida unha PNC de xubilación ou invalidez na data da solicitude.
• Carecer de vivenda en propiedade.
• Ser a persoa arrendataria da vivenda na data da solicitude.
• Non ter relación de parentesco ata o 3º grao co arrendador da vivenda alugada, que se acreditará mediante declaración responsable.
• Ter fixada a súa residencia habitual na vivenda alugada.
Enténdese que a vivenda é domicilio habitual cando a vixencia do arrendamento non sexa inferior a un ano e teña residido na mesma durante un período mínimo de 180 días inmediatamente anteriores á data da solicitude e que durante dito período tivera percibido a correspondente PNC.

No caso de unidades familiares nas que convivan varias persoas perceptoras só poderá percibir o complemento a persoa titular do contrato de aluguer, ou de ser varias persoas titulares, a primeira delas.</td></tr>
<tr><td>CONTÍAS
A contía do complemento é de 525 € anuais. A contía deste complemento non se computa como rendas ou ingresos a efectos de determinar o mantemento do dereito á pensión.
Aboase nun pago único que se fará efectivo antes do 31 de decembro ou dentro do prazo dos 3 meses seguintes a dita data.</td></tr>
</table>

ORGANISMO DE REFERENCIA: Consellería de Traballo e Benestar

NORMATIVA DE REFERENCIA Lei 17/2012, de 27 de diciembre, de Presupuestos Generales del Estado para el año 2013

Real DecretoLei29/2012, de 28 de diciembre, de mejora de gestión y protección social en el Sistema Especial para Empleados de Hogar y otras medidas de carácter económi co y social, establecen la actualización y revalorización de las pensiones para 2013

INCOMPATIBILIDADE

- Percibir outra pensión de igual ou superior contía.
- Pensións Asistenciais (FAS por enfermidade). Antigo Fondo de Asistencia Social.
- Subsidio de garantía de ingresos mínimos e de axuda de terceira persoa (LISMI).
- Prestación de protección por fillo/a a cargo con discapacidade.
- Pensións do SOVI (Seguro Obrigatorio de Vellez e Invalidez).

COMPATIBILIDADE

- Compatible coa pensión de orfandade, descontándose da PNC a cantidade correspondente á pensión de orfandade.
- No suposto de que as persoas beneficiarias dispoñan de rendas ou ingresos propios superiores ao 35% do importe anual fixado na pensión non contributiva, a contía anual da pensión establecida reducirase nun importe igual á cantidade na que os ingresos persoais, en cómputo anual, excedan da porcentaxe indicada.
- O/A pensionista pode exercer actividades, lucrativas ou non, compatibles co seu estado e que non representen un cambio na súa capacidade de traballo. Se exerce actividades lucrativas, hai compatibilidade no cobro da pensión e das rendas obtidas durante os 4 anos seguintes ao inicio da actividade, cando a suma da pensión de invalidez e dos ingresos que obtén pola actividade e resto de ingresos que posúa, non sexan superiores ao importe en cómputo anual do Indicador Público de Renda de Efectos múltiples (IPREM) vixente. No caso de exceder de dita contía, reducirase o importe da pensión no 50% do exceso, sin que en ningún caso, a suma da pensión e dos ingresos poida superar 1.5 veces o IPREM . Esta reducción non afecta ao complemento por 3ª persoa.

COMUNICACIÓN

As persoas beneficiarias desta prestación que inicien unha actividade laboral por conta propia ou allea deben de comunicalo para que lle paralicen a prestación e volverán a comunicalo cando deixen de traballar, para volver a recuperar a prestación.

CONTIAS (EN EUROS)	MENSUAL	ANUAL
Integra	364,90	5.108,60
Mínimo legal do 25%	91,23	1.277,15
Complemento necesidade doutra persoa	178,85	2.503,90
Integra+ complemento necesidade 3ª persoa	547,35	7.662,90

ORGANISMOS DE REFERENCIA: Consellería de Traballo e Benestar

2.2 PRESTACIÓN FAMILIAR POR FILLO/A A CARGO CON DISCAPACIDADE

CONCEPTO

As prestacións familiares están destinadas a cubrir a situación de necesidade económica ou de exceso de gastos que produce, para determinadas persoas, a existencia de responsabilidades familiares. Estas prestacións están incluídas nos dous niveis de protección que compoñen o Sistema da Seguridade Social, o nivel contributivo e o nivel non contributivo:

- Contributivo: están comprendidas dentro da acción protectora do Réxime Xeral e dos Réximes Especiais da Seguridade Social.
- Non contributivo: o dereito a estas prestacións esténdese a todas as persoas que se atopen en situación de necesidade, aínda cando non cotizaran nunca ou non o fixeran o tempo suficiente para acadar as prestacións do nivel contributivo, aínda que está condicionado a uns niveis máximos de ingresos.

PERSOAS BENEFICIARIAS:

- Menor de 18 anos cunha discapacidade igual ou superior ao 33%.
- Maior de 18 anos cun grao de discapacidade igual ou superior ao 65% a cargo da persoa beneficiaria.
- Orfos/as de pai e nai e abandonados/as polos pais/nais, estean ou non en réxime de acollemento familiar.
- Persoas con discapacidade maiores de 18 anos que en vez de os seus proxenitores ou adoptantes, soliciten ser eles os beneficiarios, con carácter previo e audiencia dos mesmos.

REQUISITOS:

- Residir legalmente en territorio nacional.
- Non ter dereito nin o pai nin a nai a prestacións desta natureza en calquera réxime público de protección social.
- Ter recoñecida unha discapacidade no grao establecido.
- Para poder acceder á atención de Terceira Persoa é preciso ter recoñecidos ademais do grao de discapacidade ≥75%, os 15 puntos mínimos esixidos no baremo específico.

COMPATIBILIDADES	INCOMPATIBILIDADES
• É compatible cos ingresos que poida percibir por traballo lucrativo por conta allea ou propia, sempre que non supere o 100% do Salario Mínimo Interprofesional. • É compatible coa pensión de orfandade e a pensión en favor de familiares de netos/as e irmáns/irmás.	• Coa percepción por parte dos proxenitores ou adoptantes, de calquera outra prestación análoga establecida nos réximes públicos de protección social. • Entre ambos proxenitores ou adoptantes, o dereito a percibila so poderá ser recoñecido a favor dun deles.

CONTÍAS - Varían dependendo de se é:

- Fillo/a menor de 18 anos:
  - 291 €/ano (24,25 €/mes) cando o/a fillo/a ou menor acollido a cargo teña unha idade comprendida entre 3 e 18 anos e non estea afectado por unha discapacidade.
  - 1.000 euros cando o/a fillo/a a cargo estea afectado por unha discapacidade en grao igual ou superior ao 33%.

- Fillo/a maior de 18 anos:
  - 4378.8€/ano cando o/a fillo/a a cargo estea afectado por unha discapacidade en grao igual ou superior ao 65%.
  - 6568.2€/ano cando o/a fillo/a a cargo estea afectado por unha discapacidade en grao igual ou superior ao 75% con concurso de 3ª persoa.

ORGANISMO DE REFERENCIA: INSS (Instituto Nacional da Seguridade Social)
NORMATIVA DE REFERENCIA: Real Decreto 1/1994, do 20 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de Seguridade Social (BOE do 29/06/1994).(BOE nº 154 do 29/06/94);Real Decreto Lei 1/2000, de 14 de xaneiro, sobre determinadas medidas de mellora da protección familiar da Seguridade Social. (BOE nº 14, do 17/01/2000) Lei 40/2003, de 18 de novembro, de Protección ás Familias Numerosas;Lei 52/2003 de 10 de decembro de disposicións específicas en materia de Seguridade Social. (BOE nº 296 do 11/12/2003);Lei 8/2005, de 6 de xuño , para compatibilizar as pensións de invalidez na súa modalidade non contributiva co traballo remunerado;Real Decreto 1335/2005, de 11 de novembro, polo que se regulan as prestacións familiares da Seguridade Social (BOE nº 279 do 22/11/2005.

2.3 PRESTACIÓNS DERIVADAS DA LISMI

PRESTACIÓNS EN VIGOR DA LISMI

Esta Lei articula que o Goberno establecerá e regulará por Decreto un sistema especial de prestacions sociais e económicas para as persoas con discapacidade que, por non desenrrolar unha actividade laboral, non estén incluidos no campo da aplicación do Sistema da Seguridade Social. O Decreto aludido é o Real Decreto 356/1991, do 15 de Marzo, *de prestacions non contributivas.* A gestión e a tramitación de estas prestacions corre o cargo dos poderes públicos e se levará a cabo por medio do Sistema da Seguridade Social.

PRESTACIÓNS DEROGADAS DA LISMI:estes subsidios quedaron suprimidos pola Lei 26/1990, aínda que as persoas que xa son beneficiarias poden continuar precibíndoas.

SUBSIDIO TRANSPORTE DE MOBILIDADE E COMPENSACIÓN POR GASTOS DE TRANSPORTE

Axuda económica destinada a cubrir os gastos de desprazamento fóra do domicilio habitual, cando a persoa ten graves problemas de mobilidade para utilizar por si mesma, servizos colectivos de transporte.

CONTIA ANUAL	CONTIA MENSUAL
752.40 €	62.70 €

ASISTENCIA SANITARIA E FARMACÉUTICA

Prestación de asistencia médico-farmacéutica gratuíta, nas mesmas condicións do Réxime Xeral da Seguridade Social, para uso exclusivo da persoa con certificado de discapacidade.

SUBSIDIO DE GARANTÍA DE INGRESOS MÍNIMOS (SGIM)	SUBSIDIO PARA AXUDA DE 3ª PERSOA (SATP)
Prestación subsidiaria para persoas maiores de 18 anos cun grao de discapacidade ≥65% que compensa a carencia de recursos económicos e a incapacidade de obtelos. É imcompatible co FAS, PNCI e Prestación Familiar por fillo a cargo. CONTIA ANUAL: 2.098,04€ CONTIA MENSUAL: 149'86€	Prestación de subsidio complementario do SGIM, que compensaba a falta de autonomía para a realización das actividades da vida diaria. Esixíase un 75% do grao de discapacidade. CONTIA ANUAL:818,30€ CONTIA MENSUAL:58,45€

ORGANISMO DE REFERENCIA: Consellería de Traballo e Benestar

NORMATIVA DE REFERENCIA: Lei 13/1982, do 7 de abril, de Integración Social dos Con discapacidades.(BOE nº 103, do 30/04/82);Real Decreto 383/1984, do 1 de febreiro, polo que se establece e regula o sistema especial de prestacións sociais e económicas previsto na Lei 13/82. (BOE nº 49, do 27/02/1984);Orde do 13 de marzo de 1984, pola que se establecen as normas de aplicación das prestacións sociais e económicas reguladas polo R.D. 383/84 (BOE nº 70, do 22/03/84); Real Decreto 1734/1994, do 29 de xullo, polo que se adecúa a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, ás normas reguladoras dos procedementos relativos ás prestacións sociais e económicas para a integración social das persoas con discapacidade, as prestacións non contributivas da Seguridade Social e as pensións asistenciais por ancianidade a favor de emigrantes españois.(BOE nº 183, do 02/08/94);Real Decreto 1794/2010, de 30 de diciembre, prestacións sociais públicas para o exercicio 2012 (BOE nº 314 de 30/12/2008); Real Decreto 615/2007, de 11 de maio, polo que se regula a Seguridade Social dos coidadores das persoas en situación de dependencia (BOE nº 114 do 12/05/2007). O punto 2 da disposición final 2ª modifica o apartado 1.c) do art. 2 do Real Decreto 383/1984, de 1 de febreiro: as prestacións económicas e en especie outorgadas en aplicación da Lei de Dependencia son compatibles coas prestacións sociais e económicas da LISMI).

2.4 CONTÍAS DAS PENSIÓNS CONTRIBUTIVAS E NON CONTRIBUTIVAS DO 2013

PRESTACIÓNS CONTRIBUTIVAS				
CLASE DE PENSIÓN (Contías mínimas)	Titular con cónxuxe a cargo		Titular sen cónyuxe a cargo	
	Importe mensual	Importe anual	Importe mensual	Importe anual
Xubilación				
Titular con 65 anos	778.90	10904.6	598.80	8383.2
Titular menor de 65 anos	730.90	10232.6	558.00	7812
Incapacidade Permanente				
Gran invalidez	1168.40	16357.6	898.20	12574.8
Absoluta	778.90	10904.6	598.80	8383.2
Total:Titular con 65 anos.	778.90	10904.6	598.80	8383.2
Total: "Cualificada" con idade entre 60 e 64 anos.	730	1022	558.00	7812
Total derivada de enfermedad común (menor 60 anos).	392.60	5496.4	354.99	4969.86
Viudedade				
Titular con 65 anos o con discapacidade igual ou superior ó 65%.			631.30	8838.2
Titular entre 60 e 64 anos.			590.50	8267
Titular menor de 60 anos.			477.90	6690.6
Titular con cargas familiares.			730	10220
Orfandade				
Por beneficiario/a.			192.80	2699.2
Orfandad absoluta (1 solo beneficiario/a)			670.70	9389.8
Por beneficiario/a menor de 18 anos con unha discapacidade igual ou superior ó 65%			379.40	5311.6
En favor de familiares Por beneficiario/a			192.80	2699.2
Se non existe viúva/o nin orfo/a pensionista: Beneficiario/a único/a con 65 anos.			466.10	6525.4
Beneficiario/a único/a menor de 65 anos			439	6146
SOVI (Seguro Obrigatorio de Vellez Invalidez e viudedade)			403.70	

PRESTACIÓNS NON CONTRIBUTIVAS		
CLASE DE CONTÍA (contía máxima)	**Importe mensual**	**Importe anual**
Prestación por fillo a cargo (12 pagas anuais)		
Maior de 3 anos e menor de 18 anos sen discapacidade (*).		291,00
Menor de 18 anos con 33 % ou máis.	83,33	1.000,00
Maior de 18 anos con 65 % ou máis.	364.90	4378.8
Maior de 18 anos con 75 % de discapacidade e con necesidade de terceira persoa.	547.35	6568.2
Pensións non contributivas (14 pagas anuais)		
Xubilación e invalidez	364.90	5108.6
Complemento do 50% da pensión para persoas cun grao igual ou superior ó 75 % e necesidade de concurso doutra persoa.	178,85	2.503,90

2.5 RENDA ACTIVA DE INSERCIÓN (RAI)

CONCEPTO

Axuda específica dirixida as persoas desempregadas con especiais necesidades económicas e dificultade para atopar emprego que adquiran o compromiso de realizar actuacións favorecedoras da súa inserción laboral. Este programa combina a percepción dunha renda coa busca activa de emprego.

REQUISITOS

- Ter recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ó 33% ou ser pensionista por incapacidade.
- Extinguir unha prestación contributiva ou subsidio por desemprego salvo por sanción.
- Non ter dereito ás prestacións ou subsidios por desemprego, ou á renda agraria.
- Estar inscrito ininterrompidamente na oficina de emprego durante un mínimo de 12 meses.
- Non ter ingresos propios superiores a 483.98 euros/mes.
- Non ter sido beneficiario do programa da RAI nos 365 días naturais anteriores a data da solicitude, salvo ás persoas vítimas de violencia doméstica ou de xénero e as persoas con discapacidade.

OBRIGAS:

- Proporciona-la documentación e información que se considere necesaria a efectos de súa inclusión e mantemento no Programa.
- Participar nos programas de emprego ou en accións de promoción, formación ou reconversión profesionais ou en aquelas outras de mellora da ocupabilidade.
- Acepta-la colocación axeitada que lles sexa ofrecida.
- Renova-la demanda de emprego na forma e data que se determinen no documento de renovación da demanda.
- Comparecer, cando fora requirido, ante os Servizos Públicos de Emprego.
- Presentarse a cubrir a oferta e devolver aos Servizos Públicos de Emprego, no prazo de 5 días, o xustificante de ter comparecido no lugar e data indicados para cubrir as ofertas de emprego facilitadas por aqueles.
- Comunica-las causas de baixa, perda de requisitos e incompatibilidades no momento en que se produzan estas situacións.
- Reintegra-las cantidades da Renda Activa de Inserción indebidamente percibidas.
- Buscar activamente emprego.

PERCEPCIÓN	CONTÍA	DURACIÓN
A RAI percibirase transcorrido 1 mes dende a data de solicitude (agás víctimas da violencia doméstica).	**426 € mes**.	Un máximo de 11 meses. Non será necesario esperar 1 ano para volver a solicitar dita renda. Prorrogable ata 3 veces.

INCOMPATIBILIDADES

- A obtención de rendas de calquera natureza que fagan superar os límites establecidos, non se computarán a estes efectos as rendas que proveñan de accións ou traballos compatibles coa percepción da renda.
- A percepción de prestacións ou subsidios de desemprego, ou de renda agraria.
- As pensións ou prestacións de carácter económico da Seguridade Social que sexan incompatibles co traballo ou que excedan na súa contía dos límites establecidos.
- A realización simultánea de traballo por conta propia ou por conta allea a tempo completo.
- Coas axudas sociais que se puideran recoñecer ás víctimas de violencia de xénero que non poidan participar nos programas de emprego.

COMPATIBILIDADES

As becas e axudas que se puideran obter pola asistencia a acción de formación profesional vinculadas ó Plan nacional de formación e inserción profesional.

- O traballo autónomo ou por conta propia.

Co traballo por conta allea a tempo parcial, en cuxo caso se deducirá do importe da renda a parte proporcional do tempo traballado, e o período da renda pendente de percibir mentres se manteña a compatibilidade ampliarase en igual proporción.

ACCIÓNS DE INSERCIÓN LABORAL

- Tutoria individualizada
- Itinerario de inserción laboral
- Entrevista profesional polo/a titor/a para definir o seu perfil profesional
- Elaboración dun plan personal de inserción laboral. Determinación dun calendario e actividades a realizar
- Xestión de ofertas de colocación.
- Incorporación a plans de emprego e/ou formación.
- Incorporación a accións de voluntariado

ORGANISMO DE REFERENCIA: Oficina de emprego que lle corresponda ó traballador/a.
NORMATIVA DE REFERENCIA: Real Decreto Lexislativo 1/1994, de 20 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social. (Acción protectora por desemprego) Real Decreto 1369/2006, do 24 de novembro, polo que se regula o programa de renda activa de inserción para desempregados con especiais necesidades económicas e dificultade para atopar emprego.

2.6 RENDA DE INTEGRACIÓN SOCIAL DE GALICIA (RISGA)

CONCEPTO	**REQUISITOS**
Prestación social de carácter periódico destinada a garantir recursos económicos de subsistencia a quen careza deles, mediante un proxecto personalizado de inserción que, partindo das necesidades e características de cada caso, procure a autonomía persoal, familiar e económica da persoa beneficiaria, e acade a súa integración social e/ou laboral.	● Ter residencia efectiva e estar empadroados/as en calquera dos concellos da Comunidade Autónoma galega polo menos durante o ano inmediatamente anterior á formulación da solicitude. Quedan eximidas do cumprimento deste requisito dun ano: - Aquelas persoas que, procedentes doutras comunidades autónomas do Estado español, sexan beneficiarias do salario social na Comunidade Autónoma da que proceden, sempre que na lexislación desa Comunidade se recolla a reciprocidade. - As vítimas de violencia doméstica que cambian o seu domicilio por motivos de seguridade. - Os/As emigrantes galegos retornados cando fixen a súa residencia en Galicia. Asemade, aquelas persoas nacidas en Galicia que residindo noutras comunidades autónomas volvan fixar a súa residencia en Galicia. - Os cidadáns e as cidadás doutros estados non membros da Unión Europea precisarán, ademais, acreditar a residencia legal en España no momento da formulación da solicitude. ● Ter constituída unha unidade de convivencia independente, vencellada economicamente ó solicitante. ● Ter entre 25 e 65 anos. Así como menores de 25 anos que teñan menores ó seu cargo, ou maiores de 18 que: ▪Teñan recoñecida unha discapacidade e non teñan dereito a outra prestación ou axuda de igual ou análoga natureza. ▪Antes de acadar a maioría de idade estivesen tutelados/as pola Xunta e internados/as en centros de menores ou en acollemento familiar. ▪Persoas que estean en situación de orfandade absoluta, e que reunindo os demáis requisitos, non teñan dereito a outras prestacións ou axudas de análoga natureza. ● Recursos inferiores á contía da prestación económica da RISGA que lle correspondera (subsidio básico + complemento variable) considerando a súa situación económica familiar. ● Que non existan persoas legalmente obrigadas e con posibilidade real a prestarlles alimentos dacordo coa lexislación civil.

PROXECTO DE INSERCIÓN

Está constituído por un conxunto de accións programadas que terán como obxecto mellorar a integración persoal, familiar ou social, así como, se é o caso, a incorporación da persoa beneficiaria ó sistema laboral.

▪ Accións que debe de integrar o Proxecto de Inserción:

1. Que procuren a rehabilitación persoal e familiar, así como a integración no medio social.
2. Accións de motivación laboral, orientación profesional e formación ocupacional.
3. Actividades de interés colectivo e social.
4. Actividades orientadas ó traballo autónomo ou a calquera das formas de economía social.
5. Accións tendentes á plena incorporación ó mercado de traballo.

PRESTACIÓN ECONÓMICA

▪Complementaria doutros ingresos sempre que estes non superen a contía máxima para ter dereito á mesma .

▪Incompatibilidade: con outras pensións ou axudas de carácter público, salvo coas prestacións de protección á familia (Fillo/a a Cargo menor de 18 anos) que si se computan no cálculo de recursos económicos da unidade de convivencia.

▪Duración da prestación: outórgase mentres subsistan as causas que a motivaron. Revísase cada 12 meses, de non haber resolución expresa, a prestación entenderase tacitamente prorrogada.

▪Compoñentes: son tres:

1. *Subsidio Básico*: equivale ó 75% do IPREM= 399,38 €.
2. *Complemento Variable*: fíxase en función do nº de membros da unidade de convivencia independente. Nunca o Subsidio Básico + Complemento Variable pode ser maior que o IPREM. No caso de percepción de ingresos irregulares tómase como referencia a media dos obtidos os 12 meses anteriores á solicitude:
   - 12% IPREM polo 1º membro adicional= 63,90 €
   - 10% IPREM polo 2º membro adicional= 53,25 €
   - 8% IPREM por cada un dos restantes membros= 42,60 €
3. *Complemento de Inserción*: pódese beneficiar deste complemento toda persoa que, non sendo perceptora das prestacións económicas da RISGA, estea incorporada a un proxecto de inserción. Os criterios para a súa contía son:

- Compensación por perda de ingresos marxinais (concepto só aplicable no caso de non percibir subsidio básico) ata un máximo do 50% do subsidio básico = 199,69 €
- Compensación por gastos necesarios, ata un máximo dun 25%= 99,85 €
- Estímulo de inserción, ata un máximo do 25% = 99,85 €

CÁLCULO DA CONTÍA:	**OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS:**
Calcúlase esta contía sumando o subsidio básico máis o complemento variable en función do número de membros da unidade de convivencia. CONTÍA MENSUAL – RECURSOS = RISGA SUBSIDIO BÁSICO + COMPLEMENTO VARIABLE	▪ Destinar o importe da RISGA ó fin polo que se concede. ▪ Participar nas accións contidas no proxecto de inserción. ▪ Escolarizar ós menores ao seu cargo que estean en idades escolar obrigatoria. ▪ Non exercer a mendicidade, nin prostitución, nin inducir á practica de calquera delas a ningún membro da unidade de convivencia. ▪ Comunicar as variacións sobrevidas da situación. ▪ Inscribirse como demandante de emprego na correspondente oficina do servizo público de emprego. ▪ Cantas outras obrigas se deriven do obxecto e finalidade da RISGA.

ORGANISMO DE REFERENCIA: Consellería de Traballo e Benestar Benestar. (U.T.A: Unidade Técnica Administrativa de RISGA).
NORMATIVA DE REFERENCIA:-Lei 9/1991, de 2 de outubro, de Medidas Básicas para a Inserción Social. -Lei de la C.A. de Galicia 16/2004, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei 9/1991, de 2 de outubro, de medidas básicas para a inserción social

2.7 PRODUCTOS DE APOIO (PRESTACIÓNS ORTOPROTÉSICAS DO SERGAS)

CONCEPTO

A prestación ortoprotésica consiste no uso do productos sanitarios implantables ou non, que teñen como finalidade sustituír total ou parcialmente unha estructura corporal, ou ben modificar, corrixir ou facilitar a súa función. Inclúe as seguintes prestacións:

- Próteses quirúrxicas fixas e a súa oportuna renovación.
- Próteses ortopédicas permanentes ou temporais (próteses externas) e a súa oportuna renovación.
- Vehículos para persoas con discapacidade para as que o seu tipo de discapacidade o aconselle.

BENEFICIOS

- Reintegro total ou parcial dos gastos de adquisición de material.
- Renovación da prestación, se procede.
- Liberdade de elección do establecemento dispensador da prótese prescrita, segundo os criterios de planificación establecidos polo SERGAS.
- Posibilidade de acudir á Inspección Sanitaria no caso de desconformidade coa prestación.

PROCEDEMENTO

Esta prestación será facilitada polos servizos de saúde ou dará lugar a axudas económicas, nos casos e de acordo cas normas que regularmentariamente fixen as administracións sanitarias competentes.

A prescripción será realizada polos facultativos especialistas e/ou polos médicos de atención primaria na materia correspondente á clínica que xustifique a prescripción e axustarase ó establecido no catálogo autorizado pola Administración sanitaria, e a súa prestación seguirá o procedemento regulado tamén pola Administración sanitaria (para máis información sobre os servizos que cubre ver o Catálogo de Material Ortoprotésico 2003).

NOTA: Link: Catálogo de prestación de axudas técnicas da Consellería de Traballo e Benestar

NORMATIVA: Real Decreto 63/1995, do Ministerio de Sanidade e Consumo, do 20 de xaneiro , sobre a ordenación de prestacións sanitarias. (BOE nº 35 do 10/02/95) **;**Orde do 17 de xullo de 2000 pola que se modifica a regulación da prestación ortoprotésica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 206 do 24/10/2000); Corrección de erros: DOG nº 211, do 31/10/2000; Orde do 29 de decembro de 2000 pola que se modifica a do 17 de xullo de 2000 de regulación da prestación ortoprotésica na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG nº 9 de 12/01/2001); Orde de 21 de marzo de 2001 pola que se modifica a do 17 de xullo de 2000, de regulación da prestación ortoprotésica na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG nº 61 de 27/03/2001).

3. IDADE DE XUBILACIÓN PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE

3. IDADE DE XUBILACIÓN PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE

<table>
<tr><td>IDADE ORDINARIA DE XUBILACIÓN</td><td>Dende o 01/01/2013 acceso á pensión de xubilación dependerá da idade da persoa e das cotizacións acumuladas ao longo da súa vida laboral.
o 67 anos con carácter xeral esixirase no ano 2017
o 65 canos cando se acrediten 38 anos e 6 meses de cotización
o A partir do ano 2013, amplíase un mes por cada ano ata o 2017 segundo cadro.</td></tr>
<tr><td colspan="2">A IDADE DE XUBILACIÓN NO CASO DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE</td></tr>
<tr><td>REDUCCIÓN DA IDADE DE XUBILACIÓN Á PERSOAS TRABALLADORAS QUE ACREDITAN UN GRADO DE DISCAPACIDADE IGUAL OU SUPERIOR Ó 65%.
A partir do 01-01-04, a idade ordinaria de 65 anos pode ser rebaixada, mediante a aplicación de coeficientes redutores, no caso de persoas traballadoras cunha discapacidade igual ou superior ao 65%.</td><td><u>Requisitos:</u>
- Persoas traballadoras por conta allea incluídos no réxime xeral e réxime especial agrario; persoas traballadoras do mar; persoas traballadoras da minería do Carbón.
- Que realicen actividade retribuída e durante a mesma, acrediten un grao igual ou superior de discapacidade do 65%.
- Periodo de cotización: Ter un período mínimo de traballo efectivo de polo menos 15 anos.
- Feito causante:
<u>En que consiste?</u>
Na reducción da idade de xubilación para acceder á pensión de xubilación. Esa reducción será dun periodo equivalente ao que resulte de aplicar ao tempo efectivamente traballado uns coeficientes, que varían segundo a discapacidade acreditada:
<table><tr><td>GD igual ou superior a 65%</td><td>GD igual ou superior a 65% e acreditación necesidade de 3ª persoa</td></tr><tr><td>Coeficiente 0,25%</td><td>Coeficinete 0,50%</td></tr></table><u>Idade mínima de acceso:</u>
A aplicación dos correspondentes coeficientes redutores da idade non pode dar lugar a que a persoa acceda pensión de xubilación antes dos 52 anos de idade.
Esta limitación non afectará aos persoas traballadoras dos Réximes Especiais (Minería do Carbón e Persoas traballadoras do Mar) que, no 01-01-08, tivesen recoñecidos coeficientes redutores da idade de xubilación, aos que se aplicará a normativa anterior.</td></tr>
</table>

ORGANISMO COMPETENTE **INSS ou ISM** **NORMATIVA DE REFERENCIA** **Real Decreto 1539/2003, de 5 de decembro, polo que se establecen coeficientes redutores na idade de xubilación en favor dos persoas traballadoras que acrediten un grao importante de discapacidade.**	**Cómputo do tempo efectivamente traballado:** Descontaranse todas as faltas ao traballo, agás as seguintes: • As que teñan por motivo a baixa médica por enfermidade común ou profesional ou accidente, sexa ou non de traballo. • As que teñan por motivo a suspensión do contrato de traballo por maternidade, adopción ou acollemento, risco durante o embarazo ou a lactación natural. • As autorizadas nas correspondentes disposicións laborais con dereito a retribución. **Efectos:** Dende o 01-01-08, os coeficientes redutores non serán tidos en conta: • A efectos de acreditar a idade esixida para acceder á xubilación parcial (agás que, por dereito transitorio, se aplique a lexislación anterior ao 01-01-08), á xubilación anticipada coa condición de mutualista e a calquera outra modalidade de xubilación anticipada. • Nin tampouco para xerar a porcentaxe adicional establecida para aqueles que se xubilan con máis de 65 anos. **Cálculo da pensión:** O período de tempo en que resulte reducida a idade de xubilación do traballador, computarase como cotizado ao exclusivo efecto de determinar a porcentaxe aplicable para calcular o importe da pensión de xubilación. **Efectos dos coeficientes na xubilación noutros réximes**Tanto a redución da idade como o cómputo, a efectos de cotización, do tempo no que resulte reducida aquela, serán de aplicación aínda que a pensión se cause en calquera outro réxime da Seguridade Social. **Acceso á xubilación anticipada** • A os persoas traballadoras afectados por unha discapacidade nun grao igual ou superior ao 65% que, por teren a condición de mutualista en calquera mutualidade de persoas traballadoras por conta allea no día 1-1-1967 ou noutra data anterior, teñan dereito, de acordo co establecido na disposición transitoria terceira.1.2ª do texto refundido da LGSS , a causar a pensión de xubilación a partir dos 60 anos, seranlles de aplicación os coeficientes establecidos do 0,25 ao 0,50, aos efectos de determinar o coeficiente redutor da contía da pensión de xubilación que corresponda en cada caso, e terase en conta, a todos os demais efectos, a idade real do traballador. As referencias contidas ao 1 de xaneiro de 1967 entenderanse realizadas á data que se determine nas súas respectivas normas reguladoras, respecto dos réximes ou colectivos que contemplen outra data distinta, verbo da posibilidade de anticipar a idade de xubilación. • Igual regra será de aplicación aos persoas traballadoras afectados por unha discapacidade nun grao igual ou superior ao 65% que desexen xubilarse anticipadamente, de acordo co previsto no |art. 161.3 do citado texto refundido, a partir dos 61 anos de idade.

XUBILACIÓN PERSOAS CON DICAPACIDADE IGUAL OU SUPERIOR AO 45% A partir do 01-01-10, tamén poderá reducirse a idade ordinaria de 65 anos, no caso de persoas traballadoras cun grao de dicapacidade igual ou superior ao 45%, sempre que se trate de discapacidades regulamentariamente determinadas nas que concorran evidencias que determinen de forma xeneralizada e apreciable unha redución da esperanza de vida desas persoas. **Dereito de opción** As persoas con discapacidade que poden optar por esta ou a anterior modalidade de anticipación da idade de xubilación, poderán optar pola aplicación do que lles resulte máis favorable.	**Requisitos:** - Persoas traballadoras por conta allea; Persoas traballadoras por conta propia incluídos en calquera do rexímenes da Seguridade Social. - Que estén de alta ou situación asimilada á alta na data do feito causante. - Que ao longo da súa vida laboral, traballasen un tempo efectivo (mínimo o periodo mínimo de cotización esixido para acceder á pensión de xubilación), cunha discapacidade igual ou superior ao 45 % sempre e cando sexa derivada dalgunha das enfermidades enumeradas. **Discapacidades que permiten acceso a esta reducción**: As discapacidades nas que concorren evidencias que determinan de forma xeneralizada e apreciable unha redución da esperanza de vida e que poderán dar lugar á anticipación da idade de xubilación, son as seguintes: • Discapacidade intelectual (antes retraso mental). • Parálise cerebral. • Anomalías xenéticas: o Síndrome de Down. o Síndrome de Prader Willi. o Síndrome X fráxil. o Osteoxénese imperfecta. o Acondroplasia. o Fibrose Quística. o Enfermidade de Wilson. • Trastornos do espectro autista. • Anomalías conxénitas secundarias a Talidomida. • Síndrome Postpolio. • Dano cerebral (adquirido): o Traumatismo craneoencefálico. o Secuelas de tumores do SNC, infeccións ou intoxicacións. • Enfermidade mental: o Esquizofrenia. o Trastorno bipolar. • Enfermidade neurolóxica:

<table>
<tr>
<td></td>
<td>

o Esclerose Lateral Amiotrófica.
o Esclerose múltiple.
o Leucodistrofias.
o Síndrome de Tourette.
o Lesión medular traumática.

<u>Idade mínima de xubilación</u>
Será a de 56 anos.
<u>Cómputo do tempo traballado</u>
Para o cómputo do tempo efectivamente traballado, descontaranse todas as ausencias ao traballo, agás as seguintes:

As que teñan por motivo a baixa médica por enfermidade común ou profesional ou accidente, sexa ou non de traballo.
As que teñan por motivo a suspensión do contrato de traballo por maternidade, paternidade, adopción, acollemento, risco durante o embarazo ou risco durante a lactación natural.
As ausencias do traballo con dereito a retribución.

<u>Cálculo da pensión</u>
O período de tempo en que resulte reducida a idade de xubilación do traballador, computarase como cotizado ao exclusivo efecto de determinar a <u>porcentaxe</u> aplicable á correspondente <u>base reguladora</u> para calcular o importe da pensión de xubilación.
</td>
</tr>
<tr>
<td colspan="2">ÓRGANO COMPETENTE.INSS ou ISM
REFERENCIA NORMATIVA Real decreto 1851/2009, de 4 de decembro, polo que se desenvolve o artigo 161 bis da Lei xeral da Seguridade Social en canto á anticipación da xubilación dos persoas traballadoras con discapacidade en grao igual ou superior ao 45%.</td>
</tr>
</table>

4. PROGRAMAS

4.1 PROGRAMA DE ACOLLEMENTO FAMILIAR DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE

CONCEPTO

Axudas económicas para persoas con discapacidade que desexen integrarse no programa de Acollemento Familiar.

A finalidade deste programa é procurar o mantemento da persoa con discapacidade no seu medio social habitual facilitando así a súa integración e evitando o internamento en institucións cando este non sexa axeitado ou desexado.

REQUISITOS

SOLICITANTE

- Ser español/a ou cidadán/a dalgún dos estados membros da Unión Europea, estar empadroado/a e ter residencia efectiva en calquera dos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Non ter relación de parentesco en liña recta en ningún grao ou en liña colateral por consanguinidade ata o terceiro grao con ningún membro da familia acolledora.
- No caso de que o acollido/a sexa unha persoa dependente, poderá formalizarse o acollemento en liña recta por afinidade, salvo que na unidade de acollida existan outros familiares do acollido en liña recta consanguínea que sexan maiores de idade e estean obrigados legalmente a prestarlles alimentos.
- Ser maior de idade.
- Ter un grao de discapacidade recoñecido igual ou superior ó 65%.

FAMILIA ACOLLEDORA

- Ser español/a ou cidadán/a dalgún dos estados membros da Unión Europea, e estar empadroado/a e ter residencia efectiva en calquera dos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Que polo menos un dos acolledores sexa maior de idade e non supere os 65 anos no momento de formular a solicitude, goce de boa saúde e non padeza de limitacións físicas ou mentais que lle impidan atender as tarefas domésticas normais.
- Ausencia de ánimo de lucro no que respecta ó programa de acollemento
- Cada familia non poderá acoller a máis de dous beneficiarios.
- Non poderá existir con anterioridade ó acollemento testamento ou transmisións de bens ou dereitos a título gratuíto feitos ó seu favor por parte da persoa acollida.
- Non ter a condición de titor/a legal da persoa acollida.

VIVENDA

O acollemento poderá levarse a cabo tanto na vivenda do/a acolledor/a como na do acollido/a. En ambos os dous casos acolledor/a e acollido/a deberán convivir na mesma vivenda, que deberá:

- Ter fácil acceso.
- Estar dotada de suficientes condicións hixiénicas e de salubridade, auga corrente, luz eléctrica e cuarto de baño.
- Carecer de barreiras que impidan o acceso e normal desenvolvemento da vida diaria da persoa acollida de acordo coas súas características persoais.

CONTÍA	Se o acollemento se leva a cabo na vivenda do/a acolledor/a	Se o acollemento se leva a cabo na vivenda do/a acollido/a (40% menos)
Grao de discapacidade igual ou superior ó 65% que non lles impidan realizar as actividades de vida diaria	421 €/mes	252,60 €/mes
Grao de discapacidade igual ou superior ó 75% con necesidade de axuda de 3ª persoa.	700 €/mes	420 €/mes

A contía máxima mensual subvencionable será a diferenza resultante entre os importes máximos establecidos e a achega da persoa beneficiaria (60% dos seus ingresos mensuais líquidos, excluídas as pagas extraordinarias das pensións)

Transición ao sistema de promoción da autonomía persoal e atención á dependencia:

Aquelas persoas recoñecidas en situación de dependencia que estean dentro do calendario de implantación do sistema (grao III e grao II, nivel 2), que sexan beneficiarias do programa de acollemento familiar, procederase a xestión do expediente para a concesión dun **servizo ou prestación do catálogo**, e se é o caso, procederase a baixa no programa de acollemento familiar.

Non obstante, se o outorgamento do cheque-libranza lle prexudica economicamente ao usuario, antes da resolución do PIA, poderá optar por permanecer no programa de acollemento familiar ata a súa baixa definitiva. (todas as solicitudes novas seguirán a vía anteriormente exposta).

NORMATIVA:
Decreto 318/2003, do 26 de xuño, polo que se regula o programa de acollemento familiar para persoas maiores e persoas con discapacidade.(DOG nº 145 do 29/07/03)
Orde do 8 de xaneiro do 2004 pola que se convocan axudas económicas para o acollemento familiar de persoas maiores e persoas con discapacidade.(DOG nº 15 do 23/01/04)

4.2 PROGRAMA DE RESPIRO FAMILIAR

1-Para coidadores de persoas en situación de dependencia Poderán participar nesta modalidade, con carácter xeral, aquelas persoas maiores de 16 anos que teñan recoñecido un grao de dependencia III e II ou aqueloutras persoas, que non reunido o requisito anterior, requiran da atención dun coidador, segundo se acredite no informe médico e social, e que además reúnan as seguintes condicións. -Ter residencia efectiva na Comunidade Autónoma de Galicia -Non estar afectado por enfermidade en estado agudo nin se atopen en fase terminal. -Non estar afectado por enfermidade infecto-contaxiosa activa, trastornos mentais ou condutuais graves e non compensados que poidan alterar a normal convivencia. - Efectuar a oportuna solicitude e pagamento do prezo estipulado, agás no caso de prazas gratuítas.	**3- No Centro de referencia estatal de enfermidades raras** E un servizo de estadías temporais, en réxime residencial de 12 días de duración, para persoas afectadas por unha enfermidade rara co obxectivo de servir de soporte ás familias en tarefas de atención e coidado, permitíndolles desenvolver unha vida familiar e social satisfactoria así como mellorar a súa calidade de vida. O Programa vai destinado a nenos/as, xóvenes ou persoas adultas afectadas por unha enfermidade rara a partir dos 6 anos de idade. Poderán acudir sós ou acompañados por unha persoa de apoio se é necesario. Existirá un total de 20 prazas por cada unha das quendas. Os programas de Respiro Familiar desenvolveranse en Burgos, nas instalacións do CRE de Atención a Persoas con Enfermidades Raras e as súas Familias, onde se ofrecerá unha estadía en réxime de atención residencial.
2-Para familias de persoas con discapacidade intelectual É un servizo que ofrece FADEMGA ós familiares-coidadores e que se ocupa temporalmente do coidado da persoa con discapacidade, a través de estancias longas, medias ou de fin de semana en residencias ou en turnos programados. Tamén hai a opción de solicitar apoios puntuais (canguros) no domicilio familiar ou na entidade (para facilitar a participación das familias nas actividades dirixidas a elas)	**ONDE INFORMARSE** Nos servizos sociais comunitarios do Concello, nos centros de saúde, no Teléfono Social ou nos Departamentos Territoriais da Consellería de Traballo e Benestar da provincia. FADEMGA: 981519650 www.fademga.org Centro de Referencia Estatal de Atención a Persoas con Enfermidades Raras (C.R.E.E.R.)R/ Bernardino Obregón, nº 24, C.P. 09001 Burgos Tel: 947 253 950 | | info@creenfermedadesraras.es| | www.creenfermedadesraras.es

ORGANISMO DE REFERENCIA: Consellería de Traballo e Benestar

4.3 PROGRAMA DE AXUDA NO FOGAR

<table>
<tr>
<td>CONCEPTO

O servizo de axuda no fogar ten por obxecto prestar un conxunto de atencións ás persoas no seu domicilio, desde unha perspectiva integral e normalizadora, naquelas situacións nas que teñan limitada a súa autonomía persoal ou nos casos de desestructuración familiar.

Son obxectivos do SAF:

• Mellorar a calidade de vida das persoas usuarias.
• Posibilitar a permanencia das persoas no seu contorno de convivencia habitual.
• Favorecer e potenciar a autonomía persoal no propio domicilio.
• Manter, mellorar e recuperar as redes de relación familiar e social.
• Previr situacións de dependencia ou exclusión social.
• Retardar ou evitar a institucionalización.
• Reforzar a solidariedade e potenciar o voluntariado social.</td>
<td>PERSOAS DESTINATARIAS

• O servizo de axuda no fogar estará aberto a todas as persoas ou unidades de convivencia para as que, dacordo coa valoración técnica correspondente, supoña un recurso idóneo de atención. De xeito particular, o servizo atenderá a persoa maiores con déficits de autonomía e a persoas con discapacidade especialmente cando carezan de apoio persoal no seu contorno inmediato, así como a fogares con menores nos que se observe necesidade dunha intervención de carácter socioducativo. Tamén poderá dar unha resposta preventiva e socializadora a diversas situacións de familias en risco de exclusión social.
• En todo caso, darase prioridade no acceso ó servizo ás persoas que teñan un dereito recoñecido de atención dentro do sistema de autonomía e atención á dependencia (SAAD).
• Sen prexuízo dos criterios de carácter xeral establecidos nesta orde, as ordenanzas municipais reguladoras do servizo establecerán os sistemas de acceso por libre concorrencia ó servizo de axuda no fogar, en tanto que prestación básica do sistema de servizos sociais, para situacións diferentes á contemplada no parágrafo anterior.</td>
</tr>
<tr>
<td colspan="2">CONTIDO DO SERVIZO
De conformidade coa valoración técnica realizada polos servizos sociais que en cada caso correspondan, no marco do servizo de axuda no fogar poderán prestarse os seguintes tipos de atención:</td>
</tr>
</table>

Atención de carácter básico: • Atencións de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria e doutras. • Atención das necesidades de carácter doméstico e da vivenda. • Atencións de carácter psicosocial e educativo: intervencións técnico-profesionais formativas e de apoio ó desenvolvemento das capacidades persoais, a afectividade, a convivencia e a mellora da estrutura familiar.	**Atencións de carácter complementario:** • Actividades de acompañamento, socialización, e desenvolvemento de hábitos saudables. • Prestación de atención a distancia mediante dispositivos de teleseguimento, teleasistencia e similares. • Adaptacións funcionais do fogar. • Servizo de podoloxía. • Servizo de fisioterapia.	**Atencións excluídas do servizo:** En ningún caso poderán formar parte das actuacións desenvolvidas polo servizo: • A realización de actividades domésticas que non fosen incluídas no proxecto de intervención e no acordo do servizo. • Actuacións que, polo seu carácter sanitario, deban en todo caso ser realizadas por persoal facultativo.

NORMATIVA: Orde do 22 de xaneiro de 2009, pola que se regula o servizo de axuda no fogar (DOG nº 22 do 2/02/2009). Ordenanzas reguladoras municipais do S.A.F. **Decreto 99/2012, do 16 de marzo**, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento. (DOG nº 63 do 30/03/2012).

4.4 PROGRAMA XANTAR NA CASA

CONCEPTO	**REQUISITOS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS**	**LUGAR E PRAZO DE SOLICITUDE**
Servizo de comida a domicilio que pretende facilitar e garantir unha alimentación equilibrada e de calidade adaptada ás necesidades das persoas maiores e/ou en estado de dependencia, que non poden valerse por si mesmas para cubrir as súas necesidades básicas relacionadas coa compra ou elaboración de menús. Os xantares entregaranse ós beneficiarios nun único día á semana, no seu domicilio en sete bandexas diferentes co xantar para cada día da semana durante o período en que se atopen de alta no servizo.	• Empadroados e residentes no Concello • Persoas maiores de 60 anos, que teñan limitada a súa capacidade de autonomía persoal, e sen rede de apoio que puidera suplir tal situación. • Persoas menores de 60 anos en situación de exclusión social, tecnicamente avaliada polos servizos sociais do Concello. • Persoas en estado de dependencia, que carezan de apoio familiar, e requiren de axuda para a preparación de alimentos.	– Lugar: Servizos Sociais do Concello de referencia. – Prazo: todo o ano.

ORGANISMO DE REFERENCIA: Consellería de Traballo e Benestar

4.5 TERMALISMO SOCIAL (IMSERSO)

CONCEPTO: servizo complementario ás prestacións do sistema de Seguridade Social, que ten por obxecto facilitar a asistencia que se presta nos balnearios, ás persoas que a precisen por prescripción facultativa.

REQUISITOS

1. Ser pensionista do sistema da Seguridade Social polos conceptos de xubilación ou invalidez e, en todo caso, polo concepto de viudez ou doutras pensións cando a persoa beneficiaria cumprira os 60 anos de idade. Tamén poderán ser persoas beneficiarias das prazas, os españois residentes no exterior, sempre que perciban unha pensión pública, teñan máis de 60 anos.
2. Non padecer alteracións de comportamento que impidan a convivencia nos establecementos, nin enfermidade infecto-contaxiosa.
3. Poder valerse por si mesmo/a para as actividades da vida diaria.
4. Precisar os tratamentos termais solicitados e carecer de contraindicación médica para os mesmos.
5. Acadar de conformidade coa valoración establecida a puntuación que lle permita acceder a un dos balnearios e quendas solicitadas. Ponderaranse as seguintes variables:
   - Grao de necesidade de recibir os tratamentos termais.
   - Situación económica das persoas solicitantes.
   - Idade das persoas solicitantes.
   - Que non disfrutara da praza en anos anteriores.
   - Se a persoa solicitante e membro dunha familia numerosa.
   - Outras circunstancias excepcionais.

A persoa solicitante poderá ir acompañada do seu cónxuxe ou da persoa con quen conviva en relación de parella, para a que non se esixe a obriga de percibir pensión da Seguridade Social pero sí os requisitos 2, 3 e 4.

BENEFICIOS

As quendas terán unha duración de 12 días cada unha, comprendendo os seguintes servizos:

- Aloxamento e manutención en réxime de pensión completa e en habitacións dobres.

- Tratamentos termais que comprenderán: recoñecemento médico ó ingresar no balneario; o tratamento termal que, en cada caso, prescriba o médico/a do balneario; o seguimento médico do tratamento con informe final.

- Póliza colectiva de seguro.

- O transporte correrá por conta da propia persoa beneficiaria ou por conta do balneario, segundo o balneario o que se refira (algúns teñen servizo de transporte dende a localidade que está máis perto)

Información: web IMSERSO y Teléfonos: 901 109 899 / 900 406 080

ORGANISMO DE REFERENCIA: IMSERSO
NORMATIVA DE REFERENCIA: Orde de 26 de decembro de 1990 pola que se modifica a do 15 de marzo de 1989, que estableceu e regulou o servizo de Termalismo Social do Instituto Nacional de Servizos Sociais; Orde do 15 de marzo de 1989 pola que se establece e regula o servizo de Termalismo Social do Instituto Nacional de Servizos Sociais; Resolución de 20 de diciembre de 2011, del Instituto de Mayores y Servicios Sociales, por la que se convoca la concesión de plazas para pensionistas que deseen participar en el Programa de Termalismo Social.

4.6 PROGRAMAS DE LECER

*** Campamentos de verán para PCD da Xunta de Galicia**	**REQUISITOS**	**CONTÍA**
Procura a integración social de menores con discapacidade mediante a súa participación nos campamentos de verán e campos de traballo a través de quendas de integración, así como a súa participación en quendas específicas. ***** http://xuventude.xunta.es/: Web de Lecer Teléfono xove: 902 15 25 35	Ter unha discapacidade recoñecida igual ou superior ó 33%	Campamentos: Quendas integración e quendas específicas. Prezos: depende do tipo de quenda. Os membros dunha familia que teña o título de familia numerosa poderán ter descontos sobre os prezos.

ORGANISMO DE REFERENCIA: Consellería de Traballo e Benestar

ENTIDADES CON PROGRAMAS DE LECER	
COCEMFE	Programa de vacacións dirixido a: • Persoas que acrediten un grao de discapacidade física ou orgánica igual ou superior ó 33%, tendo prioridade aquelas persoas con discapacidade que superen o 50%. • Ser maior de 16 anos. Autorización do Pai, nai ou Titor no caso de menores. • Poden asistir con carácter excepcional os/as fillos/as das persoas beneficiarias menores de 16 anos, sempre que se xustifique a imposibilidade de poder viaxar sen a súa compañía. • Poderán levar acompañante aquelas persoas que utilicen cadeira de rodas, ou que requiran axuda, para desenvolver as actividades básicas da vida diaria PUNTO DE INFORMACIÓN: **www.cocemfe.es**

COGAMI (www.cogami.es)	Programa de lecer para persoas con discapacidade de Galicia • Proporcionar as persoas beneficiarias unha experiencia de vida diferente, a través dun conxunto de actividades ocupacionais, nun medio ambiente novo, dinamizando o grupo e estimulando a súa socialización. • Estimular capacidades e explorar potencialidades de cada unha das persoas participantes con xogos e actividades creativas que constitúen desafíos e que faciliten a expresión e a comunicación. • Exploración do medio a través de desprazamentos ás proximidades, realizando visitas a locais de interese. • Procurar a satisfacción das necesidades e de estimular a autonomía persoal. • Proporcionar un "respiro" para a familia e para a persoa con discapacidade en relación á propia familia. • Fomentar a solidariedade con persoas alleas ó seu contorno, facer comprender que vive con outras persoas con discapacidades diferentes e con necesidades diferentes. • Perder a dependencia do núcleo familiar ou residencial aínda que sexa por un curto espazo de tempo. Proxecto GAVEA: Pretende achegar actividades náutico deportivas ás persoas con discapacidade a través de bautismos de mar a bordo do veleiro Laion e escolas de vela lixeira adaptadas as persoas con discapacidade (Temporada estival).
FUNDACIÓN MARIA JOSÉ JOVE (www.fundacionmariajosejove.org)	▪ Programa ESFUERZA: Promove a actividade física saudable entre as persoas con discapacidade mediante diferentes modalidades deportivas (vela, piragüismo, natación,...) ▪ Préstamo de bicicletas adaptadas.
FUNDACIÓN TAMBIÉN (www.fundaciontambien.org	Entidad cuxa finalidade é conseguir ou promover tanto programas coma iniciativas para a integración social das persoas con discapacidade (física, intelectual, e/ou sensorial), mediante o fomento de actividades deportivas adaptadas, de lecer e tempo libre (vela adaptada, curso de padel adaptado, cursos de esquí alpino, piragüismo, ciclismo...).

ASOCIACIÓN ÁMBAR- CLUB NÁUTICO DE RIBEIRA www.asociacionambar.org www.nauticoriveira.com	**REAL CLUB NÁUTICO DE A CORUÑA** www.rcncoruna.com	**REAL CLUB NÁUTICO DE SANXENXO** www.rcnsanxenxo.com
Escolas de vela adaptada		
ESCOLA DE TENIS MARINEDA A CORUÑA www.tenismarineda.net www.fgtenis.net	Tenis adaptado	

4.7 PROGRAMA DE ASISTENCIA INTEGRAL NA ATENCIÓN TEMPERÁ DE GALICIA.

<table>
<tr><td colspan="2">CONCEPTO

Atención Temperá é o conxunto de medidas postas ó servizo dos menores que presenta trastornos ou desarmonías no seu desenvolvemento, nas áreas motoras, sensoriais e /ou mentais ou risco de padecelas, así como ó servizo da súa familia e do seu contorno, coa finalidade de garantir e potenciar ó máximo o desenvolvemento das capacidades físicas, sensoriais e sociais dese neno dende os primeiros momentos da súa vida.
A poboación diana deste Programa son os/as neonatos de risco ou con deficiencias. Dirixido a nenos/as de 0 a 6 anos. Hai unha Unidade de Atención Temperá en cada un dos complexos hospitalarios de Galicia.</td><td colspan="2">OBXECTIVOS

• Prevención e detección precoz
• Atención globalizada e integral
• Manter ó/á menor no seu contorno familiar
• Favorecer a integración escolar e social
• Apoiar e asesorar ós pais
• Dar apoio e asistencia técnica ós centros educativos con menores integrados</td></tr>
<tr><td colspan="4">NIVELES DE ATENCIÓN</td></tr>
<tr><td>1º NIVEL: Unidade Hospitalaria de Atención Temperá.

Nesta unidade estudase e valórase a situación clínico-funcional, psicolóxica e social de cada menor, da súa familia e do seu contorno e confecciónanse os Programas Terapéuticos individualizados e adaptados ó nivel de desenvolvemento e ás necesidades específicas de cada menor</td><td>2º NIVEL: Atención primaria.

• Atención Primaria de Saúde. Servizos sociais de atención primaria.</td><td>3º NIVEL: Servizos terapéuticos de apoio

Os servizos terapéuticos de Apoio levan a cabo Programas ou Terapias que non se poden prestar a través dos recursos de Atención Primaria de Saúde, seguindo a prescrición terapéutica establecida dende a Unidade de Atención Temperá Hospitalaria.</td><td>4º NIVEL: A escola

A atención levaríase a cabo a través de programas de coordinación entre Educación, Atención Primaria e a Unidade de Atención Temperá Hospitalaria.</td></tr>
</table>

NORMATIVA: Decreto 69/1998, do 26 de febreiro, polo que se regula a atención temperá a con discapacidades na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG nº 47 do 10/03/1998)

4.8 PROGRAMA DE ATENCIÓN ODONTOLÓXICA.

CONCEPTO	DERIVACIÓN
Pacientes que presenten retraso mental e/ou discapacidade física importante (tetraplexias, parálise cerebral, etc). As persoas susceptibles de tratamento baixo anestesia local ou sedación consciente, trataranse na Unidade de Pacientes Especiais da Facultade de Mediciña e Odontoloxía.tfo 981 582399 (Rúa San Francisco,S/N, 15704 Santiago de Compostela) As persoas que requiran tratamento baixo anestesia xeral, serán atendidos na Unidade de Ciruxía Ambulatoria (UCA) do Hospital de Conxo.	O acceso a este programa realízase sempre a través do odontólogo de Atención Primaria. Despois da primeira consulta co odontólogo/a, e cando a intervención supere as posibilidades deste nivel, poderase derivar coa seguinte información: • Informe odontolóxico, xustificando a necesidade da intervención na Unidade Especializada. • Radiografía panorámica oral. • Informe médico detallado do/a pediatra, ou do/a médico/a que habitualmente atende as persoas.

ORGANISMO DE REFERENCIA: Sección de Odontoloxía da Universidade de Santiago de Compostela

5. FAMILIA NUMEROSA



- Considérase familia numerosa a integrada por un ou dous ascendentes con tres ou máis fillos/as, sexan ou non comúns.
- Equipáranse a familia numerosa as constituídas por:
  - Un ou dous ascendentes, con dous fillos/as, sexan ou non comúns, sempre que a lo menos un deles sexa persoa con discapacidade ou estea incapacitado/a para traballar (os fillos).
  - Dous ascendentes, cando ambos os dous foran persoas con discapacidade ou, a lo menos, un deles tivera unha discapacidade en grao igual ou superior ó 65%, ou estiveran incapacitados/as para traballar, con dous fillos/as sexan ou non comúns (os ascendentes).
  - O pai ou a nai separados/as ou divorciados/as, con tres ou máis fillos/as, sexan ou non comúns, aínda que estean en distintas unidades familiares, sempre que se atopen baixo a súa dependencia económica, aínda que non vivan no domicilio conxugal.
  - Dous ou máis irmáns orfos/as de pai e nai sometidos/as a tutela, acollemento ou garda que convivan coa persoa titora, acolledora ou gardadora, pero que non estean ás súas expensas.
  - Tres ou máis irmáns/irmás orfos/as de pai e nai, maiores de 18 anos, os dous, se unha delas ten discapacidade, que convivan e teñan unha dependencia económica entre elas.
  - O pai ou a nai con dous fillos/as, cando falecera un dos proxenitores.

Considéranse ascendentes: o pai, a nai ou ambos conxuntamente cando exista vínculo conxugal e no seu caso ó cónxuxe dun deles.
Terán a mesma consideración que os fillos/as, as persoas sometidas á tutela ou ó acollemento familiar permanente ou preadoptivo legalmente constituído.
Ninguén poderá ser computado/a en dúas unidades familiares ó mesmo tempo.
Ós efectos desta lei, entenderase por persoa con discapacidade aquela que teña recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ó 33%, e por incapaz para traballar aquela persoa que teña reducida a súa capacidade de traballo nun grao equivalente ó da incapacidade permanente absoluta ou gran invalidez.

ORGANISMO DE REFERENCIA: Consellería de Traballo e Benestar
NORMATIVA DE REFERENCIA:

-Real Decreto 1801/1995, do 3 de novembro, polo que se desenvolve a disposición final cuarta da Lei 42/1994, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e de orde social, pola que se amplía o concepto de familia numerosa (BOE nº264, do 4 de novembro de 1995)
-Lei 8/1998, do 14 de abril, de ampliación do concepto de familia numerosa (BOE nº90, do 15 de abril de 1990)
-Real Decreto 6/1999, do 8 de xaneiro, polo que, en cumprimento da Lei 8/1998, do 14 de abril, se modifica o Real Decreto 1801/1995, do 3 de novembro, de ampliación do concepto de familia numerosa (BOE nº30, do 4 de febreiro de 1999)
-Lei 40/2003, de 18 de novembro, de Protección á familia numerosa (BOE nº277, de 19 de novembro de 2003)

6. SERVIZOS

6.1 TELEASISTENCIA

CONCEPTO	**ACCESO O SERVIZO**
Servizo de atención telefónica ininterrompida cun equipamento de comunicacións e informática específicos. O sistema consta dunha unidade de alarma que leva a persoa, un terminal telefónico e unha central informatizada, receptora de chamadas situada no Centro de Atención. Permite ás persoas usuarias ante calquera situación de emerxencia e con tan só premer un botón, comunicarse coa central, e ser atendida por persoal especializado, para dar resposta á crise presentada. E requisito imprescindible para poder ser usuario dispoñer de liña telefónica.	Deberase acreditar o recoñecemento da situación de dependencia, conforme ao calendario previsto. Cando unha persoa estea interesada en acceder a este servizo terá que formulalo na solicitude de recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema e sinalar como expectativa o servizo de teleasistencia, ademais de acompañar a documentación preceptiva establecida no artigo 21 do citado decreto No suposto de que unha vez valorada a persoa solicitante, non acadara un grao e nivel de dependencia implantado segundo o calendario establecido na disposición final primeira da Lei 39/2006, do 14 de decembro, a solicitude do servizo de teleasistencia será derivada de oficio e tramitarase polo procedemento de libre concorrencia que se determine ao efecto.

SERVIZO DE TELEASISTENCIA PARA PERSOAS CON AUTONOMIA

As Deputacións asumen a prestación da teleasistencia ás persoas que non teñan recoñecida unha situación de dependencia.

Cando as persoas solicitantes se atopen en situación de autonomía débese tramitar este recurso a través das Deputacións

SERVICIOS INCLUÍDOS:

Servizo de "Xestión de alarmas e axenda": Este servizo pretende proporcionar unha resposta rápida que permita, a través das TIC establecer unha comunicación entre o/a usuario/a e o centro de atención, que será atendido por persoal cualificado, para actuar de xeito adecuado ante situacións de emerxencia, inseguridade, soidade e illamento, durante as 24 horas do día , os 365 días do ano. E que se complementará cun servizo de axenda-recordatorio de determinadas tarefas: control de tratamentos crónicos e consultas médicas e sociais.

ORGANISMO DE REFERENCIA: Consellería de Traballo e Benestar Concellos.
Normativa de referencia: Decreto 15/2010, do 4 de febreiro

6.2 TRANSPORTE ADAPTADO

<table>
<tr><th colspan="2">SERVIZO GALEGO DE APOIO Á MOBILIDADE PERSOAL (065)</th></tr>
<tr><td>CONCEPTO

Servizo público de carácter social de axuda ó desprazamento programado e non urxente das persoas que reúnan os requisitos que, a través dunha rede de responsabilidade pública, se efectúe, en condicións de máxima seguranza, cos medios necesarios e coa presenza dun/dunha monitor/a acompañante.
Utilización do servizo:

A prestación do servizo acomodarase, na medida do posible, á demanda de desprazamento do/a usuario/a. Este deberá contactar cunha antelación mínima, sempre que sexa posible, de 48 horas coa unidade competente, indicando o seu nº de usuario e as circunstancias que sexan necesarias para a organización do servizo.

Teléfono Servizo de Transporte Adaptado (gratuíto): 065</td><td>REQUISITOS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

• Ter a súa residencia en Galicia no momento de solicitaren o recoñecemento da condición de persoa usuaria do Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal para persoas con discapacidade e/ou en estado de dependencia.
• Ter recoñecida a situación de dependencia en calquera dos graos conforme a normativa aplicable e/ou recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ó 65%.
• Imposibilidade de utilización de transportes colectivos, motivada pola súa situación de dependencia ou discapacidade.
Participación das persoas usuarias no financiamento do servizo:

O custo real do servizo determinarase en función do nº de quilómetros comprendidos no desprazamento demandado polo/a usuario/a. O prezo máximo que poderá acadar o custo do kilómetro será de 1,40 euros.
O número de quilómetros que comprendan o desprazamento das persoas usuarias determinarao o centro de coordinación do servizo en atención á ruta máis curta existente entre os puntos de orixe e destino, con independencia dos eventuais desvíos que tivese que efectuar o vehículo durante o desprazamento co fin de acadar unha maior rendibilidade do servizo.

Os/as usuarias do servizo deberán aboar unha contraprestación económica por cada desprazamento segundo o itinerario demandado, que terá a consideración de prezo público. Para a determinación individualizada da porcentaxe de participación das persoas usuarias no financiamento do servizo, computarase unicamente a capacidade económica persoal da persoa solicitante.</td></tr>
</table>

ORGANISMO DE REFERENCIA: Consellería de Traballo e Benestar
NORMATIVA DE REFERENCIA: Lei 13/1982, do 7 de abril, de integración social de persoas con discapacidade; Lei 4/1993, do 14 de abril, de Servizos Sociais de Galicia (art. 3 e 21); Lei 8/1997, do 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia; Real Decreto 1971/1999, de 23 de decembro, de procedemento para o recoñecemento, declaración e calificación da discapacidade; Decreto 195/2007, do 13 setembro polo que se regula o Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal para persoas con discapacidade e/ou dependentes (DOG nº 202 do 18/10/2007); Orde do 9 de setembro de 2008 pola que se desenvolve o Decreto 195/2007, do 13 de setembro, polo que se regula o Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal para persoas con discapacidade e/ou en estado de dependencia e se aproba o Catálogo de prestacións do servizo. (DOG nº 179 do 16/09/2008).

6.3 TARXETA DOURADA DE RENFE

CONCEPTO	**BENEFICIARIOS/AS:**
Tarxeta que ofrece descontos para viaxes rexionais, de curto percorrido, AVE e longo percorrido.	• Persoas maiores de 60 anos. • Persoas cunha discapacidade igual ou superior ó 65%. As persoas acollidas a este apartado, terán dereito a ser acompañadas por outra, a cal disfrutará da Tarxeta, se ben, en ningún caso poderá viaxar soa, sen acompañar ó titular, cando se acolla a esta oferta. • Ser pensionista maior de 18 anos en situación de incapacidade física ou intelectual permanente total, absoluta ou gran invalidez, formalmente declarada, así como as persoas con discapacidade cun grao igual ou superior ó 65%. (as persoas con discapacidade sensorial poden acceder a outra modalidade a través dun convenio entre RENFE e a ONCE) • Estranxeiros/as residentes en España que reúnan as condicións dos apartados anteriores e empadroados máis de 6 meses.

BENEFICIOS

- Os luns, martes, mércores e xoves se beneficia dun 40% de desconto. Os venres, sábados e domingos, así como para billetes que non se obtiveran en venda anticipada e con reserva o desconto será do 25%.
- A Tarxeta Dourada, ten validez anual, pódese adquirir en estacións Renfe, Oficinas de Vendas e Axencias de Viaxes.

Emitirase unha tarxeta coa impresión " Y ACOMPAÑANTE" que permite viaxar a outra persoa disfrutando das mesmas condicións de desconto.

ORGANISMO DE REFERENCIA: RENFE

6.4 TARXETA DE ESTACIONAMENTO

CONCEPTO

Concederáselle ás persoas con graves problemas de mobilidade que teñan recoñecida a imposibilidade de uso do transporte público polos equipos de valoración e orientación (EVO), como documento acreditativo da súa situación, con carácter persoal e intransferible, coa finalidade de favorecer o uso e disfrute dos transportes privados, facilitando o seu estacionamento.

ACCESO

Serán os concellos quen deberán aprobar normativas que garantan e favorezan a accesibilidade das persoas titulares deste tipo de tarxeta debendo establecer, como mínimo, o seguinte:

a) Reservas con carácter permanente de prazas de aparcamento debidamente sinaladas.

b) Ampliación do límite do tempo, cando este estivera establecido, para aparcamento de vehículos titulares desta tarxeta.

c) Autorización para que os vehículos ocupados polas devanditas persoas poidan deterse na vía pública durante o tempo imprescindible e sempre que non entorpezan a circulación rodada ou peonil.

USO

Cando a persoa titular da tarxeta sexa unha persoa física poderá utilizala en calquera vehículo, sexa ou non da súa propiedade. Cando persoa titular da tarxeta sexa unha persoa xurídica deberá incluír a/s matrícula/s dos vehículos habilitados para transportar ás persoas con graves problemas de mobilidade. Deberase colocar a tarxeta nun lugar visible do vehículo.

NORMATIVA DE REFERENCIA: Artigos 27 y 28 da Lei 8/1997, de 20 de agosto, de accesibilidade y supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia Artigos 50 a 53 do Decreto 35/2000, de 28 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia

6.5 TARXETA DE ACCESIBILIDADE

CONCEPTO	**ACCESO**
Esta tarxeta da dereito a utilizar as correspondentes facilidades para persoas con discapacidade nos transportes públicos vixentes na Comunidade Autónoma de Galicia.	A expedición das tarxetas de accesibilidade corresponde ao concello onde resida a persoa interesada
VALIDEZ As tarxetas de accesibilidade terán validez en todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.	**CADUCIDADE/RENOVACIÓN** • No caso de que a cualificación da discapacidade sexa permanente, a tarxeta caducará ós dez anos. • No caso de que a cualificación da discapacidade sexa provisional caducará cando transcorre o prazo que esta indique.

NORMATIVA DE REFERENCIA:
- Decreto 35/2000 do 28 de xaneiro polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de Accesibilidade e supresión de barreiras da comunidade autónoma de Galicia.

6.6 BONO BUS

CONCEPTO	**REQUISITOS**
Descontos por viaxes en transportes públicos que ofertan algúns concellos ó colectivo de persoas con discapacidade	Variables segundo Concello.

ORGANISMO DE REFERENCIA: Concello

6.7 ABONO SOCIAL DE TELEFÓNICA

CONCEPTO	**REQUISITOS**
O Abono Social é unha facilidade que ofrece Telefónica ás persoas xubiladas e pensionistas que consiste nunha redución do 70% da cuota de alta da líña telefónica e do 95% da cuota mensual. O custe das chamadas é o mesmo que para calquera outra persoa, e non existe límite de consumo.	. • Ser xubilado/a ou pensionista (tanto de pensións públicas da Seguridade Social como pensións privadas) • Que a SUMA das RENTAS de todas as persoas que conviven no mesmo domicilio, non supere o equivalente ó 120% do IPREM. Ambos requisitos considéranse cumplidos cando concurren na persoa que figura como titular do contrato do teléfono ou no seu cónxuxe, sempre que ambos convivan no mesmo domicilio. • Que a instalación da líña beneficiaria do Abono Social coincida co empadroamento do/da titular e que éste/a non dispoña de outro teléfono que se beneficie de esta redución.

ORGANISMO DE REFERENCIA: Telefónica

6.8 SERVIZO GRATUÍTO DE ENVÍO DE PAQUETERÍA, PLAN 2000, MRW.

CONCEPTO

Para que calquera persoa con algunha discapacidade dispoña dun servizo gratuíto ó mes, tanto como destinatario ou receptor, sempre que presente o seu Certificado de Discapacidade. Dende e ata calquera lugar de Andorra, España, Gibraltar e Portugal.
Abonar 1€ que se destinará a la campaña "1€ solidario" de MRW

REQUISITOS E CONDICIÓNS DE ENVIO

– Ter recoñecida unha discapacidade igual ou superior ó 33%
– Envío de ata 5 kg. e que a suma dos seus tres lados non exceda do metro, e de 2kg para Baleares, Canarias, Ceuta e Melilla. A través del "Servicio Urgente 14". Os impostos, arbitrios e prestacións complementarias non son gratuítos.

ORGANISMO DE REFERENCIA: MRW - tlfn:902 300 400

NOTA/RECORDATORIO

-Presentando o certificado de discapacidade pódese ter dereito a descontos ou entradas de balde en algúns establecementos, como museos, salas de espectáculos, monumentos arquitectónicos, ximnasios...

7.TAXAS



7.1 TAXAS DA XEFATURA PROVINCIAL DE TRÁFICO

<table>
<tr><td colspan="2">Cantidades que se deben aboar en Tráfico como contraprestación dos servizos e actividades e/ou trámite relacionado cos vehículos e/ou autorizacións para circular.</td></tr>
<tr><td>Suposto: Aquelas persoas que por razón das súas aptitudes psicofísicas estean obrigados a solicitar a prórroga de vixencia dun permiso ou outra autorización administrativa para conducir da que sexan titulares, con unha frecuencia maior á que normalmente lles correspondería (en un prazo inferior ao establecido), terán dereito a unha bonificación nas taxas</td><td>BONIFICACIÓNS
• Do 80% da contía da taxa cando a prórroga se produza por períodos iguais ou inferiores a un ano, reducíndose a bonificación en 20 puntos porcentuais por cada ano adicional.
• A taxa aboarase na súa totalidade a partir do período de vixencia superior a catro anos.
Bonificación
Variable en función do tempo polo que se concede:
• Prórroga de vixencia de permiso ata 1 ano: 80%
• Prórroga de vixencia de permiso ata 2 anos: 60%
• Prorroga de vixencia de permiso ata 3 anos: 40%
• Proroga de vixencia de permiso ata 4 anos: 20%
Unha vez calculado o importe reducido, aplicaráselle o redondeo de cantidades aprobado con carácter xeral para as taxas da Xefatura Central de Tráfico co fin de obter a contía a esixir</td></tr>
<tr><td colspan="2">NORMATIVA DE REFERENCIA:
Lei 16/1979, de 2 de outubro, sobre taxas da Xefatura Central de Tráfico.
Lei 17/2012, de 27 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2013.</td></tr>
</table>

7.2. TAXAS POR PARTICIPACIÓN EN PROBAS PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE PROFESIONALIDADE

<table>
<tr><td><u>Exención a persoas con discapacidade.</u>

A participación (fase de asesoramento e/ou avaliación) nas probas para a obtención do certificado de profesionalidade, previa xustificación documental. Esta exención tamén se aplica as persoas traballadoras desempregadas.

Se a persoa con discapacidade aspirante ás probas precisase algún tipo de adaptación de tempo e medios, terán que solicitalo a hora de inscribirse no procedemento.</td></tr>
<tr><td>NORMATIVA DE REFERENCIA: Lei 6/2003, de 9 de decembro, de taxas, prezos e exencións reguladoras da Comunidade Autonóma de Galicia
Lei 14/2006, de 28 de decembro, de orzamentos xerais para a Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2007</td></tr>
</table>

7.3 TAXA DE ACCESO AO EMPREGO PÚBLICO

INSCRICIÓNS NAS CONVOCATORIAS DE SELECCIÓN DE PERSOAL NA ADMINISTRACIÓN XERAL DO ESTADO	INSCRICIÓNS NAS CONVOCATORIAS DE SELECCIÓN DE PERSOAL NA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA	INSCRICIÓNS NAS CONVOCATORIAS DE SELECCIÓN DE PERSOAL NA ADMINISTRACIÓN LOCAL
<u>Exención a persoas con discapacidade.</u> A participación como aspirante en probas selectivas de acceso ou promoción a corpos ou escalas de funcionariado ou categorías de persoal laboral convocadas pola Administración pública estatal. A participaciòn en probas de aptitude que a Administración pública estatal organice como requisito previo para o exercicio de profesións reguladas na Unión Europea.	<u>Exención a persoas con discapacidade.</u> A inscrición nas convocatorias para a selección de persoal da Comunidade Autónoma, logo da xustificación documental	Só se aplicarán beneficio fiscal se así o prevé a correspondente convocatoria.
NORMATIVA: Lei 66/1997, do 30 de decembro, de Medidas Fiscais, Administrativas e do orde Social	NORMATIVA**:** Lei 6/2003, de 9 de decembro, de taxas, prezos e exencións reguladoras da Comunidade Autonóma de Galicia.	NORMATIVA : Real decreto lexislativo de Facendas Locais

7.4 .TAXAS E PREZOS PÚBLICOS UNIVERSIDADE

<u>Universidades públicas e concertadas</u>: Exención do pago de taxas e prezos públicos nos estudos conducentes á obtención dun titulo universitario. (exención pago de matrículas)
<u>UNED</u>: Exención do pago de prezos públicos por servizos académicos na primeira matrícula de ensinazas regladas, incluído o Doutorado e o Curso de Acceso directo para maiores de 25 anos. Na segunda matrícula da mesma asignatura terá unha bonificación do 50%. No caso de que a persoa non supere algunha asignatura por razón da rehabilitación médico-funcional ou pola natureza dexenerativa da súa discapacidade, poderán solicitar na seguinte convocatoria a plena exención de pago de prezos públicos para as asignaturas afectadas. A solicitude , terá que estar debidamente documentada, terá que realizarse ante o Vicerreitorado de estudantes e desenvolvemento profesional.

NORMATIVA: Lei Orgánica 4/2007, de 12 de abril, pola que se modifica a Lei Orgánica de Universidadades Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades (D.A. 24ª) Consello de Goberno da UNED, celebrado o 4 de abril de 2006

7.5. TAXA POR SERVIZOS ADMINISTRATIVOS

• Aquel importe que se aboa cando se percibe algún servizo administrativo que nos afecte ou beneficie de un modo particular, mediante algunha das modalidades como: Autorizacións, permisos, licenzas, guías, expedición de títulos, dilixencias... Rexistro: sexa por inscrición en rexistros, matrículas ou Certificacións: por verificación de documentos, expedición de certificación, copia de arquivos ou elaboración de documentos con información dalgún arquivo ou rexistro público. EXENCIÓN de pago para persoas con discapacidade, na Inscrición en convocatorias para a selección de persoal na Comunidade Autónoma Galega. (Bonificación do 50% cando o solicita unha persoa membro dunha familia numerosa de categoría xeral, ou ben que figuren como demandantes de emprego dende os 6 meses anteriores a data da convocatoria e non perciban prestación ou subsidio por desemprego) EXENCIÓN de pago para as persoas con discapacidade, cando se inscriben nas probas para a obtención do certificado de profesionalidade, previa xustificación documental, e para as persoas que figuren inscritas na oficina de emprego como desempregadas.
NORMATIVA:Lei 6/2003, de 9 de decembro de taxas, prezos e exaccións de Galicia

8. EMPREGO E FORMACIÓN



8.1. EMPRESA ORDINARIA

A contratación de persoas con discapacidade na empresa ordinaria réxese pola mesma normativa laboral que o resto da cidadanía só que se prevé unha serie de medidas de acción positivas para incentivar a contratación e/ou mantemento do emprego de persoas con discapacidade na empresa ordinaria.
NORMATIVA: Estatuto de traballadores (RDL 1/1995, 25 de marzo) Lei 43/2006, de 29 de decembro, para a mellora do crecemento do emprego. Lei 3/2012, de 6 de xullo, medidas urxentes reforma do mercado laboral. RD 488/1998, DE 27 DE MARZO, MODIFICADO POR RD 1529/2012, de 8 novembro, que desenvolve o contrato para a formacón e o aprendizaxe e a formación profesional dual. RDL 4/2004, de 5 de marzo, Imposto de sociedades RD 1777/2004, de 30 xullo, Regulamento Imposto Sociedades. Orde 21/08/2012 subvencións programa promoción integración laboral de persoas con discapacidade na empresa ordinaria (DOG 27/08/2012) Lei 13/1982, de 7 de febreiro de Integración Social das Persoas con Discapacidade. RD 364/2005, de 8 de abril. RD 290/2004, de 20 de febreiro polo que se regulan os enclaves laborais como medida de fomento do emprego das persoas con discapacidade. Real Dlei 3/2011, de 18 de febreiro de medidas urxentes para a mellora da empregabilidade e a reforma das políticas activas de emprego ORGANISMO DE REFERENCIA: Consellería de Traballo e Benestar. Instituto Nacional da Seguridade Social.

INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE

CONTRATACION INDEFINIDA, INICIAL OU TRANSFORMACION en indefinidos de contratos formativos e contratos temporais de fomento do emprego para persoas con discapacidade.

Tipo de incentivos	Contías	
*** BONIFICACIÓNS DA COTA EMPRESARIAL:** Aplicables de xeito automático dende a xestión da alta na seguridade social e a presentación dos salarios sociais. Vixencia durante todo o contrato indefinido inicial, incluída a modalidade fixo descontinua; e a transformación de contratos temporais de fomento do emprego, contratos para a formación a aprendizaxe e contratos en prácticas a xornada completa. No caso de contratacións a tempo parcial, as bonificacións aplicaranse proporcionalmente segundo a xornada pactada incrementada nun 30% sen que a contía supere	Home:	375 €/mes (4,500 €/ano).
	Muller:	445,83 €/mes (5,350 €/ano)
	Home ou Muller maior de 45 anos	475 €/mes (5,700 €/ano)
	Home con discapacidade severa	425 €/mes (5,100 €/ano)
	Muller con discapacidade severa	495,83 €/mes (5,950 €/ano)

o 100% da contía total.

Home ou Muller con discapacidade severa e maior de 45 anos	525 €/mes (6,300 €/ano)

Consideracións:

- Persoas con discapacidade desempregadas e inscritas no Servizo Público de Emprego, sen ocupación laboral.
- Persoas con discapacidade contratadas nunha empresa cunha xornada inferior a 1/3 da xornada completa.
- Non estar nos 24 meses anteriores á data da contratación bonificada, con contrato indefinido na mesma empresa, grupo de empresas ou entidade, nin supostos de sucesión de empresa, agás:
  a) persoa con discapacidade que presente especiais dificultades de inserción.
- Non ter finalizado unha relación laboral indefinida noutra empresa nos 3 meses previos á contratación bonificada, agás finalización de contrato por despido recoñecido ou declarado improcedente, ou despido colectivo, agás que:
  a) Sexa unha persoa con discapacidade que presente especiais dificultades de inserción laboral.
  b) Se a persoa procede dun centro especial de emprego (tanto por incorporación a empresa ordinaria como por retorno a un CEE).
  c) Traballadores/as con discapacidade no marco do programa de emprego con apoio.
- Definición de PCD con especiais dificultades de inserción laboral son:
  a) Persoas con parálise cerebral, con enfermidade mental ou con discapacidade intelectual nun grao igual ou superior ao 33%.
  b) Persoas con discapacidade física ou sensorial cun grao igual ou superior ao 65%.
- As bonificacións máximas non poden superar o 100% da cota empresarial que procedera.
- As bonificacións xunto co resto de medidas de apoio nin poden superar o 60% do custo salarial anual correspondente ao contrato que se bonifica.
- Caso de contratos concertados a tempo parcial que se amplía xornada ou se reduce, non perde bonificación senón que se axusta proporcionalmente á xornada, agás na segunda vez que só se mantén se o cambio é de xornada parcial a completa.
- Mantemento da bonificación das cotas no caso de extinción voluntaria do contrato e sexa contratado sen solución de continuidade mediante novo contrato indefinido a tempo completo ou parcial, incluída a modalidade fixo discontinua, por outra empresa ou entidade dentro do mesmo grupo de empresas, ou sucesión de empresas.
- Devolución de bonificacións con recargo e xuros de demora en caso de obtención indebida das bonificacións.

Son axudas de mínimis, polo que algúns sectores de actividade quedan excluídos.

*** SUBVENCIÓNS DE PAGO ÚNICO AO COMEZO DO CONTRATO:**

Importes a solicitar na Delegación provincial da Consellería de Traballo e Benestar, tras publicación da convocatoria anual. Contratacións indefinidas iniciais ou por transformación en indefinidos de contratos formativos e temporais de fomento do emprego para persoas con discapacidade, desempregadas no

3.907 €	Home con discapacidade
5.107 €	Muller con discapacidade
4.907 €	Home con especiais dificultades inserción laboral
6.107 €	Muller con especiais dificultades inserción laboral

<table>
<tr>
<td>momento da contratación ou procedentes dun centro especial de emprego.
Prazos de solicitude ata os 2 meses de contratación.
Prazo máximo xeral: 30/09/2012.
Prazo para as contratacións iniciais, transformacións de contratos temporais e adaptacións de posto, realizadas entre 01/10/2011 e 27/08/2012.</td>
<td>
<table>
<tr><th colspan="2">Adicionais</th></tr>
<tr><td>500 €</td><td>Procedente de centro especial de emprego</td></tr>
<tr><td>500 €</td><td>Contratacións por empresas que teñan ata 49 persoas contratadas, ou no caso de contratacións para prestar servizos en centros de traballo de concellos rurais.</td></tr>
</table>
</td>
</tr>
<tr>
<td><u>Subvención de pago único no caso de contratacións indefinidas de persoas con discapacidade procedentes dun enclave laboral:</u></td>
<td>
<table>
<tr><td>7.814 € si se trata de persoa con discapacidade con especiais dificultades para a súa inserción laboral contratada a xornada completa</td></tr>
<tr><td>Resto de persoas con discapacidade do enclave laboral, non incluídas no suposto anterior : as contías previstas na subvención pola contratación indefinida.</td></tr>
<tr><td>Características específicas desta contratación: a contratación deberá realizarse sen solución de continuidade e transcorrido, polo menos, un prazo de 3 meses dende o inicio do enclave ou dende a incorporación do/a traballador/a , se esta fose posterior ao inicio do enclave.</td></tr>
</table>
</td>
</tr>
<tr>
<td><u>Subvención por contratación de persoas con discapacidade procedente dun proxecto de emprego con apoio:</u></td>
<td>
<table>
<tr><td>Incrementase a subvención pola contratación indefinida, nun 50%.</td></tr>
</table>
</td>
</tr>
<tr>
<td colspan="2">Consideracións:
• Obriga de manter no cadro de persoal da empresa subvencionada ás persoas contratadas durante 3 anos, non podendo despedir sen causa xustificada.
• Despedimento procedente ou baixa voluntaria hai que substituír por outra persoa con discapacidade no prazo de 3 meses dende a data da baixa, e terase que comunicar dentro dos 20 días seguintes.
• No caso de non substitución por non existir candidato idóneo no servizo público de emprego, reintegrarase parcialmente a subvención correspondente ao período de tempo que quedou sen cubrir o posto de traballo.
• Despido declarado ou recoñecido improcedente, procede o reintegro das subvencións percibidas por esas persoas traballadoras contratadas.</td>
</tr>
</table>

- Terase que xustificar o mantemento do emprego, polo que ao transcorrer os 3 anos dende a contratación indefinida ou transformación, hai que presentar dentro dos 3 meses seguintes á Xefatura territorial da Consellería de Traballo e Benestar, unha relación das persoas traballadoras polas que se percibiu a subvención, e acreditar a súa permanencia na empresa, e se procede, as persoas que os/as substituíron.
- As empresas con 50 ou mais persoas traballadoras, terán que cumprir a cota de reserva legal 2%.
- Os contratos bonificados poden acollerse a redución da indemnización por despedimento improcedente de 33 días de salario por ano de servizo, ata un máximo de 24 mensualidades.
- Centros de traballo de concellos rurais:

*** DEDUCIÓN NO IMPOSTO DE SOCIEDADES** Será deducible da cota íntegra a cantidade de 6,000 € por cada persoa/ano de incremento do promedio do cadro de persoal laboral con discapacidade, contratado de modo indefinido e a xornada completa, que experimente o período impositivo respecto do cadro de persoal medio de traballadores/as con discapacidade contratados de modo indefinido e a xornada completa no período inmediatamente anterior. Para o cálculo do incremento promedio computaranse só, os traballadores/as con contrato indefinido a xornada completa. Os traballadores/as contratados que dean dereito a esta dedución non se computarán a efectos da liberdade de amortización con creación de emprego. Non será aplicable no caso de traballadores/as xa estean no cadro de persoal e aos cales lle sobreveña unha discapacidade, xa que precisan que o incremento se produza pola contratación de persoas con discapacidade demandantes de emprego.
A dedución fiscal no Imposto de Sociedades só é aplicable a contratacións indefinidas a tempo completo e teñen un límite co resto de deducións pois non poden exceder o 35% da cota íntegra minora coas deducións.

*** SUBVENCIÓN PARA ADAPTACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO, DOTACIÓN DE EQUIPAMENTO DE PROTECCIÓN PERSOAL**
Dirixido a evitar accidentes laborais ou á eliminación de barreiras e obstáculos que impidan ou dificulten o traballo.

Importe axuda máxima	
902 €	A solicitar antes de realizar a adaptación, pola empresa ou traballador/a. A necesidade da adaptación ou dos medios de protección require un informe favorable da Inspección de Traballo e Seguridade Social

Consideracións:
- Obriga de manter o destino dos bens polo mesmo tempo en que están obrigados a manter o posto de traballo cuxa adaptación se solicita, e non poderá ser inferior ao período mínimo de amortización do ben subvencionado.
- Contratacións indefinidas, incluídas as realizadas por un enclave laboral, as temporais de fomento do emprego para persoas con discapacidade, ou contratos temporais de prácticas ou de formación e aprendizaxe, de duración igual ou superior a 12 meses, ou as de proxectos de emprego con apoio.

Prazo solicitude xeral: 30/09/2012.

CONTRATO TEMPORAL DE FOMENTO DO EMPREGO

Trátase dun contrato temporal de duración mínima 1 ano e máxima de 3 anos que non é causal, polo que non se precisa xustificar causa para utilizar esta modalidade contractual. Dito contrato ten unha serie de incentivos

Tipo de incentivos	Contías
*** BONIFICACIÓNS ÁS COTAS DA SEGURIDADE SOCIAL:** Aplicación automática, durante toda a vixencia do contrato do/a traballador/a a xornada completa. No caso de contratación é a tempo parcial, as bonificacións aplicaranse proporcionalmente segundo a xornada pactada incrementada nun 30% sen que a contía supere o 100% da contía total.	Home: 291,66 €/mes (3,500 €/ano) Muller: 341,67€/ es (4,100 €/ano) Home maior de 45 anos: 341,67 €/mes (4,100 €/ano) Muller maior de 45 anos: 391,67 €/mes (4,700 €/ano) Home con discapacidade severa: 341,67 €/mes (4,100 €/ano) Muller con discapacidade severa: 391,67 €/mes (4,700 €/ano) Home maior de 45 anos con discapacidade severa: 391,67 €/mes(4,700 €/ano) Muller maior de 45 anos con discapacidade severa: 441,67 €/mes (5,300 €/ano)
*** SUBVENCIÓNS DE PAGO ÚNICO AO INICIO DO CONTRATO TEMPORAL**	home con discapacidade: 2.000 € Muller con discapacidade: 2.600 € **Adicionais** Persoa con especiais dificultades para a súa inserción: 600 € Contratacións en empresas ata 49 persoas ou para prestar servizos en centros de traballo nun concello rural: 500 €
***** Subvención por contratación de persoas con discapacidade procedente dun proxecto de emprego **con apoio:**	Incrementase a subvención pola contratación temporal , nun 25%.
***SUBVENCIÓNS POR ADAPTACIÓN DO POSTO DE TRABALLO**	Importe axuda máxima: 902 €

OU PARA A DOTACIÓN DE EQUIPAMENTOS DE PROTECCIÓN PERSOAL : Dirixido a evitar accidentes laborais como para eliminación de barreiras e obstáculos que impidan ou dificulten o traballo.	A solicitar antes de realizar a adaptación, pola empresa ou traballador/a. A necesidade da adaptación ou dos medios de protección require un informe favorable da Inspección de Traballo e Seguridade Social
Consideracións: • Persoa con discapacidade desempregada e inscrita como demandante de emprego. • A subvención de pago único tamén procede no caso de contratación temporal de persoas con discapacidade procedentes de centros especiais de emprego. • Non se aplicará a subvención de pago único no supostos das contratacións realizadas con persoas con discapacidade que prestasen servizos na mesma empresa nos últimos 6 meses mediante un contrato de natureza temporal agás contrato de interinidade. • O/A traballador/a non pode ter traballado na mesma empresa ou grupo de empresas nin en supostos de sucesión de empresa, con contrato indefinido nos 24 meses anteriores á contratación, agás se trate dunha persoa traballadora con especiais dificultades para a súa inserción laboral • Non poden contratar as empresas que nos 12 meses anteriores á formalización do contrato extinguisen contratos indefinidos por despedimento improcedente ou colectivo. • Poderán converterse en indefinidos/as recibindo tódolos incentivos. • Cando se concerte por un prazo inferior o máximo establecido poderá ser prorrogado antes da súa finalización por períodos non inferiores a 12 meses. • No caso de obter as subvencións, hai a obriga de mantemento do posto durante todo o tempo acordado do contrato temporal. Non se pode despedir sen causa xustificada, e no caso de despedimento procedente ou baixa voluntaria, hai que substituílo por outro traballador/a con discapacidade no prazo de 3 meses dende a data da baixa, e terase que comunicar á xefatura territorial da Consellería de Traballo e Benestar dentro dos 20 días seguintes. Se non é posible a substitución por non existir candidato/a idóneo/a: procede reintegro parcial da subvención polo período de tempo que quedou sen cubrir o posto. • Transcorrido o tempo mínimo de 12 meses ou da duración do contrato deberán presentar dentro dos 3 meses seguintes, na Xefatura territorial da Consellería e Traballo e Benestar, unha relación dos/as traballadores/as polos/as cales se lles concederon as axudas para os efectos de acreditar a súa permanencia na empresa, e no seu caso, das persoas que as substituíron. • Suposto de despedimento declarado ou recoñecido improcedente: procede reintegro. • A terminación do contrato o traballador terá dereito a percibir compensación económica equivalente a 12 días de salario por ano de servizo ou parte proporcional. • O/A traballador/a non pode ter finalizado un contrato indefinido noutra empresa nos 3 meses anteriores, agás nos seguintes casos: a) por despedimento improcedente ou colectivo. b) que proceda dun centro especial de emprego ou proceda dun enclave laboral ou en base ao programa emprego con apoio (ben sexa por incorporarse á empresa ordinaria, ou por retorno ao CEE de procedencia ou para outro CEE) c) que se trate dun/dunha traballador/a con especiais dificultades para a súa inserción laboral	
CONTRATACIÓN TEMPORAL RESTO MODALIDADES (Duración mínima 12 meses)	

Igual que contrato temporal fomento do emprego, agás as bonificacións á seguridade social que non se aplican.

CONTRATO PARA A FORMACIÓN E APRENDIZAXE	
*** BONIFICACIÓNS Á SEGURIDADE SOCIAL:** 100% das cotas no caso de empresas ata 250 traballadores/as (pemes) 75% das cotas nas empresas de mais de 250 traballadores/as. ***SUBVENCIÓNS POR ADAPTACIÓN DO POSTO DE TRABALLO OU PARA A DOTACIÓN DE EQUIPAMENTOS DE PROTECCIÓN PERSOAL :** Dirixido a evitar accidentes laborais como para eliminación de barreiras e obstáculos que impidan ou dificulten o traballo. para a eliminación de barreiras ou dotación de medios de protección persoal, sempre que a súa duración sexa igual ou superior a 12 meses. A solicitar antes do inicio da adaptación por parte do/a empresario/a ou traballador/a. 902 €	**Consideracións:** • A persoa ten que ser maior 16 anos e sen límite de idade cando a persoa teña discapacidade ou persoa en risco de exclusión contratada por unha EIL. (no seu defecto ata un máximo de 25 anos ou 30 mentras a taxa de paro se sitúe por riba do 15%) Carecer de cualificación profesional recoñecida polo sistema de formación profesional para o emprego ou do sistema educativo. • Para obter a bonificación a persoa ten que estar desempregada e inscrita no servizo público de emprego, e atender as limitacións que se prevén con carácter xeral pa na lei 43/2006, de 29 de decembro. No caso de non acceder a bonificación, a cotización é unha cota fixa con independencia do salario que se aboe. • A finalidade do contrato é adquirir a cualificación profesional das persoas traballadoras nun réxime de alternancia de actividade laboral retribuída nunha empresa, coa actividade formativa recibida no marco do sistema de formación profesional para o emprego ou do sistema educativo. • De xeito transitorio: Os contratos que se subscriban ata o 31/12/2013 no caso de non existir título de formación profesional ou certificado de profesionalidade relacionados co traballo efectivo a realizar, centros formativos dispoñibles para a súa impartición, a actividade formativa inherente a estes contratos estará constituída polos contidos mínimos orientativos que establece no ficheiro de especialidades formativas dispoñible na web do Servizo publico de emprego, ou no seu defecto serán os contidos formativos que establezan as empresas cando o comuniquen ao servizo publico de emprego e sexan validados no marco do sistema nacional de emprego. • Os contratos para a formación realizados con persoas con discapacidade, non computan para os efectos de establecer o número máximo de contratos a realizar en función do tamaño da empresa. • Duración mínima de 1 ano e máxima de 3 anos. Posibilidade segundo convenio de establecer unha duración de seis meses e a máxima de tres anos. Se a persoa ten discapacidade e previo informe favorable do Servizo público de emprego e co informe dos equipos técnicos de valoración e orientación da discapacidade, se é preciso polo tipo e grao de discapacidade ou polas circunstancias profesionais e individuais da persoa traballadora, ou ben polas características do proceso formativo a realizar, se a persoa non alcanza o nivel mínimo de coñecementos requiridos para desempeñar o posto de traballo, poderase ampliar ata máximo de 4 anos. • Se a persoa contratada ten discapacidade intelectual, ata un 25% do tempo de traballo efectivo, poderá dedicarse á realización de procedementos de rehabilitación, habilitación ou de axuste persoal e

	social. Tamén poderán realizar no posto de traballo ou no procesos formativos presenciais a formación de módulos formativos que non sexan a distancia. • O contrato terá que formalizarse por escrito e en modelo oficial e non se pode celebrar a tempo parcial. • Terase que dedicar como tempo de traballo efectivo un máximo do 75% da xornada durante o primeiro ano, ou un 85% durante o segundo e terceiro ano, respecto da xornada máxima legal ou segundo a establecida no convenio. O resto terá que dedicarse á formación. • Os centros nos que se imparta a formación inherente aos contratos para a formación e o aprendizaxe, disporán das condicións que posibiliten o acceso, circulación e comunicación das persoas con discapacidade, sen prexuízo dos axustes razoables que deban adoptarse de xeito que se garantice a plena igualdade no traballo. • Non pode acollerse a esta modalidade mentras se curse formación profesional do sistema educativo. • Expirada a duración máxima do contrato para a formación, o/a traballador/a non poderá ser contratado/a baixo esta modalidade pola mesma ou distinta empresa. • Non se poderán asinar contratos para a formación que teñan por obxecto a cualificación para un posto de traballo que fose desempeñado con anterioridade polo/a traballador/a na mesma empresa por tempo superior a doce meses • A subvención para adaptación do posto de traballo e/ou eliminación de barreiras, esixe obter con carácter previo un informe favorable da Inspección de Traballo • Aplícase os incentivos no caso de transformación a indefinido.

CONTRATO EN PRÁCTICAS	
*** <u>BONIFICACIÓNS Á SEGURIDADE SOCIAL</u>:** Redución 50% da aportación empresarial por continxencias comúns, durante toda a vixencia do contrato ***<u>SUBVENCIÓNS POR ADAPTACIÓN DO POSTO DE</u>**	• Requisitos da persoa traballadora: Estar en posesión de título universitario, formación profesional, certificados de profesionalidade, ou outras titulacións oficialmente recoñecidas como equivalentes por parte do sistema educativo vixente. • Os títulos de máster, grao e doutorado correspondentes aos estudos universitarios, non se considerarán a mesma titulación, agás que ao ser contratado por primeira vez mediante un contrato en prácticas, a persoa traballadora estivese xa en posesión do titulo superior de que se trate. • Que non transcorresen 7 anos dende a terminación dos estudos. • O posto de traballo a cubrir terá que permitir a obtención da práctica profesional axeitada ao nivel de estudos e/ou formación cursados. • Duración mínima de 6 meses e máximo 2 anos, con posibilidade de ampliación por convenio colectivo.

TRABALLO OU PARA A DOTACIÓN DE EQUIPAMENTOS DE PROTECCIÓN PERSOAL : Dirixido a evitar accidentes laborais como para eliminación de barreiras e obstáculos que impidan ou dificulten o traballo. para a eliminación de barreiras ou dotación de medios de protección persoal, sempre que a súa duración sexa igual ou superior a 12 meses. A solicitar antes do inicio da adaptación por parte do/a empresario/a ou traballador/a. 902 €	• Non é posible estar contratado en prácticas na mesma empresa para o mesmo posto de traballo por tempo superior a 2 anos, aínda que se trate de distinta titulación ou certificado de profesionalidade. • Non se pode concertar esta modalidade en base a un certificado de profesionalidade obtido como consecuencia dun contrato para a formación e aprendizaxe celebrado anteriormente coa mesma empresa. • Ao finalizar o contrato, a empresa obrígase a expedir un certificado a persoa traballadora no que conste a duración das prácticas, o posto coupado e as principais tarefas desenvoltas. • A empresa terá que informar aos traballadores/as sobre a existencia de postos de traballo vacantes co fin de garantir as mesmas oportunidades de acceder a postos permanentes que os demais. Farase mediante anuncio publico ne lugar axeitado. • A retribución será a fixada por convenio colectivo respecto do fixado para quen desempeñe o mesmo ou equivalente posto, sen que poida ser inferior ao 60% durante o primeiro ano, ou o 75% durante o segundo ano de vixencia do contrato. • Aplícase os incentivos no caso de transformación a indefinido.

CONTRATO DE INTERINIDADE PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE

- Aquel contrato que se celebra cunha persoa con discapacidade desempregada e inscrita no Servizo público de emprego, para cubrir /substituír o período de baixa por incapacidade temporal dunha persoa traballadora con discapacidade, mentres persista dita situación.
- Regúlase polas normas xerais dos contratos de interinidade coas seguintes particularidades para acceder a bonificación das cotas empresariais da Seguridade Social

*** BONIFICACIÓN DO 100% DAS COTAS EMPRESARIAIS A SEGURIDADE SOCIAL INCLUÍDAS AS DE ACCEDENTE DE TRABALLO E DE ENFERMIDADE PROFESIONAIS E AS COTAS EMPRESARIAIS DE RECADACIÓN CONXUNTA.**

A COTA LEGAL DE RESERVA EN FAVOR DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE 2%

Concepto:
As empresas públicas e privadas que teñan un cadro de persoal de 50 ou mais traballadores/as deben cumprir a cota de reserva en favor das persoas con discapacidade previstas na LISMI.
Isto supón que o 2% do persoal total que teñan contratado (con independencia dos centros de traballo que posúa ou do tipo de relación laboral que os vincule), terá que estar integrado por persoas con discapacidade.

Nalgúns casos (declaración de excepcionalidade), as contratacións poden suplirse si se adopta algunha medida alternativa.
O cómputo do cadro de persoal farase sobre o número total de persoal laboral da empresa nos últimos 12 meses anteriores, independentemente da modalidade de contratación que as vincule así como o persoal con discapacidade que estea prestando servizos en virtude de contratos de posta a disposición con empresas de traballo temporal.

Exención da obriga:

De modo excepcional, de forma parcial ou total, por acordo na negociación colectiva ou opción voluntaria da persoa empresaria, previa comunicación á autoridade laboral, e obtención de declaración de excepcionalidade, poderase cumplir a obriga mediante a realización das medidas alternativas.

- Declaración de excepcionalidade: vixencia de 3 anos.

a) Prodúcese por imposibilidade de incorporar traballadores/as con discapacidade ó cadro de persoal por non existir demandantes de emprego con discapacidade inscritos na ocupación ou existindo, acrediten non estar interesados na mesma.

b) Cando existan e se acredite pola empresa cuestións de carácter productivo, organizativo, económico e técnico que motiven a especial dificultade para incorporar traballadores/as con discapacidade.

- Medidas alternativas:

1. Celebración de contrato mercantil ou civil por importe anual non inferior a 3 veces o IPREM anual por cada traballador/a con discapacidade deixado de contratar por debaixo da cota do 2%, con CEE ou traballador/a autónomo/a con discapacidade, para a prestación de servizos, subministro de materias primas,maquinaria ou bens, necesarios para o normal desenvolvemento da actividade da empresa.
2. Celebración de contrato mercantil ou civil cun CEE ou un traballador/a autónomo/a con discapacidade, para a prestación de servizos accesorios á actividade normal da empresa, por importe anual non inferior a 3 veces o IPREM anual por cada traballador/a con discapacidade deixado/a de contratar por debaixo da cota do 2%
3. Realización de doazóns e accións de patrocinio, de carácter monetario para o desenvolvemento de actividades de inserción laboral e creación de emprego de persoas con discapacidade, a fundación, asociación de utilidade pública, por importe non inferior o 1.5 veces o IMPREM anual por cada traballador/a con discapacidade deixado/a de contratar por debaixo da cota do 2%
4. A constitución dun enclave laboral por importe anual non inferior a 3 veces o IPREM anual por cada traballador/a con discapacidade deixado/a de contratar por debaixo da cota do 2%

IPREM ANUAL 2013: 6.390,13 € ***www.cegasal.com*** Consulta o formulario de cálculo orientativo.

EMPREGO CON APOIO:

Concepto:

Trátase dun conxunto de accións de orientacións e acompañamento individualizado no posto de traballo, prestado por preparadores/as laborais especializados/as, que teñan por obxecto facilitar a adaptación social e laboral de traballadores/as con discapacidade con especiais dificultades de inserción laboral en empresas do mercado ordinario de traballo en condicións similares ao resto do persoal que desempeñan postos equivalentes.

Anualmente convócanse subvencións para a posta en marcha de ditos proxectos de emprego con apoio.

Tipos de subvencións e contías

• Subvencións destinadas a financiar os custos salariais e da Seguridade Social que se xeren durante o período de desenvolvemento do proxecto de emprego con apoio, derivados da contratación de preparadores laborais polas entidades promotoras de emprego con apoio.

A contía das subvencións establécese en función do número de traballadores e traballadoras con discapacidade contratados/as por unha empresa do mercado ordinario de traballo mediante un contrato indefinido ou de duración determinada, sempre que a duración sexa como mínimo de seis meses, correspondendo:

• 6.600 € anuais por cada traballador/a con parálise cerebral, con enfermidade mental ou con discapacidade intelectual, cun grao de discapacidade recoñecido igual ou superior ao 65%.
• 4.000 € anuais por cada traballador/a con parálise cerebral, con enfermidade mental ou con discapacidade intelectual, cun grao de discapacidade recoñecido igual ou superior ao 33% e inferior ao 65%.
• 2.500 € anuais por cada traballador/a con discapacidade física ou sensorial cun grao de discapacidade recoñecido igual ou superior ao 65% e persoas xordas e con discapacidade auditiva, cun grao de discapacidade recoñecido igual ou superior ao 33%.

Estas subvencións reduciranse proporcionalmente en función da duración dos contratos dos traballadores con discapacidade así como en función da duración da xornada no suposto de que o contrato sexa a tempo parcial.

Promotores de proxectos de emprego con apoio e entidades beneficiarias

Asociacións, fundacións e outras entidades sen ánimo de lucro, centros especiais de emprego e empresas do mercado ordinario de traballo, incluídos traballadores autónomos, que conten no seu cadro de persoal con preparadores laborais especializados ou se comprometan a incorporalos e que dispoñan dos recursos materiais necesarios que garantan un desenvolvemento idóneo dos programas de emprego con apoio.
Prazo de solicitude: 27/09/2012

OS ENCLAVES LABORAIS

Concepto:
Un Enclave laboral é un contrato subscrito entre un Centro Especial de Emprego e unha empresa do mercado ordinario (empresa colaboradora) para a realización de obras ou servizos que garden relación directa coa actividade normal da empresa, para o cal se despraza temporalmente un grupo de traballadores con discapacidade do CEE ao centro de traballo da empresa colaboradora.

A duración mínima é de 3 meses e máxima de 3 anos. Só prorrogables se se acredita a contratación indefinida de traballadores/as

do enclave con especiais dificultades para o acceso ó mercado ordinario.

O 60% como mínimo, dos/as traballadores/as do enclave deben presentar, especiais dificultades de acceso ó traballo. Se a empresa colaboradora ten 50 ou máis persoas contratadas, o grupo de traballadores/as do enclave laboral terá que ser de 5 persoas con discapacidade e de 3 persoas con discapacidade se o cadro de persoal da empresa é inferior.
Presentan **especiais dificultades para o acceso ó mercado ordinario**: persoas con parálise cerebral ou enfermidade mental ou discapacidade intelectual con grao de discapacidade igual ou superior ó 33%; persoas con discapacidade física ou sensorial cun grao de discapacidade igual ou superior ó 65%; mulleres con discapacidade non incluídas antes con grao de discapacidade igual ou superior ó 33% (este grupo pode alcanzar ata o 50% dos traballadores/as do enclave laboral)

A empresa colaboradora poderá en calquera momento contratar, baixo calquera modalidade, a traballadores/as do enclave laboral, gozando cos incentivos previstos legalmente. Neste caso, non procederá período de proba salvo que sexa contratado para realizar outras funcións distintas das realizadas no enclave laboral.

Existen incentivos á contratación de persoas con discapacidade procedentes dun enclave laboral segundo se indica no apartado de incentivos á contratación de persoas con discapacidade.

8.2 EMPREGO PÚBLICO

No acceso ao emprego público por parte de persoas con discapacidade temos que ter en conta a normativa en materia de Función Pública, Persoal Laboral e outra específica publicada, as Ofertas de Emprego público publicadas dos correspondentes organismos e as convocatorias específicas dos procesos selectivos.
NORMATIVA: Lei 7/2007, do Estatuto Básico do Empregado Público

Tendo en conta isto, recóllense unha serie de **accións positivas** previstas para garantizar a igualdade de oportunidades e para para promover o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade.

1. Nos procesos selectivos da Administración xeral do Estado, establécese a promoción da participación nos Tribunais e Órganos de selección de persoas con discapacidad naqueles procesos selectivos nos que exista a reserva para persoas con discapacidade.
2. Nos procesos selectivos para o ingreso no emprego público da Comunidade autónoma galega, (persoal funcionario, promoción interna, e persoal laboral), non se establecerá exclusións por limitacións psíquicas e/ou físicas sen prexuízo das incompatbilidades co desempeño das tarefas ou funcións correspondentes.
3. RESERVA DE PRAZAS PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE: A reserva dun 7% das prazas ofertadas na Oferta pública de emprego para ser cubertas por persoas con discapacidade, sempre que superen os procesos selectivos e acrediten a

compatibilidade co desempeño das funcións coa súa discapacidade, de modo que se alcance progresivamente que o 2% dos efectivos totais da Administración Xeral do Estado sexan persoas con discapacidade, distribuídas da seguinte forma:

2% das prazas ofertadas persoas que acrediten discapacidade intelectual	5% para persoas que acrediten calquera outro tipo de discapacidade.

As prazas reservadas para persoas con discapacidade poderán ser convocadas conxuntamente coas prazas ordinarias ou mediante convocatoria independente á dos procesos libres, garantizándose en todo caso, o carácter individual dos procesos

As prazas reservadas para persoas con discapacidade intelectual convocaranse en turno independente, agás as de promoción interna que se convocarán conxuntamente co resto

No suposto de que algunha persoa aspirante con discapacidade que se houbera presentado polo cupo de reserva , se supera os exercizos e non obtivera praza nese cupo, sendo a súa puntuación superior á obtida por outros aspirantes do sistema de acceso xeral, será incluído pola súa orde de puntuación no sistema de acceso xeral.
Na OPE do ano 2011, establécese unha relación de reserva de prazas para persoas con discapacidade , en corpos, escalas ou categorías cuxas actividades ou funcións sexan mías compatible en maior medida coa posible existencia dunha discapacidade o número de prazas reservadas quedarán recollidas nas convocatorias.

As prazas reservadas para persoas con discapacidade que queden desertas nos procesos de acceso á función pública, non serán incluídas ao turno xeral, senon que se sumarán ao cupo da oferta do ano seguinte ata un límite máximo do 10%.

Nos procesos de promoción interna as prazas reservadas para persoas con discapacidade que quedan desertas si se acumularán ao turno xeral deste procesos.

Na CCAA GALICIA: Reservarase tamén unha cota non inferir ao 7% das vacantes ofertadas para ser cubertas por persoas con discapacidade, sempre que superen os procesos selectivos, acrediten q a súa discapacidade e a compatibilidade no desempeño das súas funcións, de xeito que progresivamente se acade o 2% dos efectivos totais da Administración Galega.
A reserva farase sobre o cómputo total das vacantes incluídas oferta de emprego público e poderán concentrarse as prazas reservadas para persoas con discapacidade naquelas convocatorias que se refiran a corpos, escalas ou categorías cuxo desempeño se adapte mellor ás peculiaridades das persoas con discapacidade. Poderán ser excluídas da reserva, aqueles corpos, escalas ou categorías que se consideren incompatibles coas tarefas ou funcións que requiran os postos de traballo, sen que a cota total da reserva se vexa alterada.
Se a aplicación da porcentaxe resulta fraccións decimais arredondarase por exceso para o seu cómputo. O nº exacto de prazas reservadas recollerase nas correspondentes bases específicas da convocatorias.

Se as prazas reservadas e que foron cubertas polas persoas con discapacidade non acadan a taxa do tres por cento das prazas

convocadas no correspondente proceso, as prazas non cubertas acumularanse á cota do sete por cento da oferta seguinte, cun límite máximo do doce por cento

A opción a prazas reservadas terá que formularse na solicitude de participación nas convocatorias con declaración expresa dos interesados de reunir a condición esixida ao respecto, que se acreditará, se obtén praza, mediante certificación dos órganos competentes. As probas selectivas terán idéntico contido e realizaranse en condicións de igualdade co resto dos e das aspirantes de promoción interna ou de novo ingreso, segundo corresponda, garantíndose, en todo caso, o carácter individual dos procesos, dándose un tratamento diferenciado ás dúas quendas durante o procedemento selectivo de promoción interna ou de novo ingreso. Non obstante, ao finalizar o proceso, elaborarase unha relación única en que se incluirán todas as persoas candidatas que superen todas as probas selectivas, ordenadas pola puntuación total obtida, con independencia da quenda pola cal participen. A dita relación será a determinante para a petición e a adxudicación de destinos.

Se na realización das probas surxen dúbidas ao órganos de selección respecto da capacidade do/a aspirante para o desempeño das actividades habitualmente desenvolvidas polos funcionarios/as do corpo ou escala a que se opta, poderán solicitar o correspondente ditame do órgano competente.

3. ADAPTACIÓN E AXUSTES RAZOABLES DE TEMPO: Establécese a adaptación ás necesidades das persoas con discapacidade, nas probas selectivas, nos cursos de formación e nos períodos de prácticas, mediante a adaptación e axustes razoables necesarios de tempo e medios para a súa realización, de xeito que se asegure a súa participación en igualdade de condicións co resto de aspirantes. Para iso a persoa terá que solicitalo ao presentar a solicitude de participación no proceso selectivo, reflexando as necesidades específicas que teña para acceder ao proceso de selección.Con esta solicitude aportará o ditame técnico facultativo emitido polo EVO, para que o órgano de selección valore a procedencia ou non da concesión da adaptación, en función da relación directa da discapacidade coa proba ás circunstancias da mesma, e tendo en conta o baremo (criterios xerais para as adaptacións de tempo, proba oral e/ou escrita segundo as limitacións e grao de discapacidade). A adaptación de tempos consiste na concesión dun tempo adicional para realizar os exercizos. A adaptación de medios e os axustes razoables consisten na posta a disposición do aspirante os medios materiais e humanos, as asistencias e apoios, así como axudas técnicas ou tecnoloxías asistidas que precise para realizar as probas nas que participen.

4.ADXUDICACIÓN DE DESTINO. ALTERACIÓN DA ORDE. Superado o proceso selectivo, as persoas que ingresan en corpos, escalas de funcionarios e persoal laboral que foran admitidas na convocatoria ordinaria con prazas reservadas para persoas con discapacidade, poderán solicitar ao órgano con
vocante a alteración da orde de prelación para a elección de prazas. As razóns desta alteración só serán por motivos de dependencia persoal, dificultades de desprazamento ou outras análogas, que terán que acreditarse debidamente. Será o órgano convocante quen decidirá sobre dita alteración si se encontra debidamente xustificado e terá que limitarse a realizar a mínima modificación na orde de prelación necesaria para posibilitar o acceso ao posto da persoa con discapacidade.

5.ADAPTACIÓN DE POSTOS. Nas solicitudes de adxudicación de destino de probas de novo ingreso, promoción interna ou procesos de provisión, os empregados/as públicos con discapacidade poderán pedir a adaptación do posto ou postos de traballo. Xunto a esta solicitude terá que acompañar un informe expedido polo órgano competente na materia que acredite a procedencia da adaptación e a compatibilidade co desempeño das funcións que teña atribuído o posto solicitado. Dita compatibilidade co desempeño, valorarase tendo en conta as adaptacións que se realicen nel.

6.FORMACIÓN. Incluirase como criterio de valoración para participar nos cursos de formación que realicen as organizacións do sector público estatal, ter unha discapacidade. Nestes cursos realizaranse as adaptacións e os axustes razoables necesarios para a persoa con discapacidade, previa petición concreta por parte da persoa con discapacidade que terá lugar na solicitude de participación. Dita adaptación ou axuste só se poderá denegar cando supoña unha carga desproporcionada.
Hai posibilidades de convocar cursos de formación destinados unicamente a persoas con discapacidade e dirixiranse a formar para o mellor desempeño do seu posto ou ben para apoiar a promoción dende postos de traballo reservados para persoas con discapacidades específicas.

7. Exención de pago de taxas no acceso ao emprego público, agás no ámbito local que terá que vir contemplado na propia convocatoria.

8. Outras medidas: colaboración con outras entidades, balance anual estatístico.

8.3 EMPREGO PROTEXIDO

OS CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO

CONCEPTO:
Son aqueles que participan no mercado mediante unha actividade produtiva, coa finalidade de asegurar un emprego remunerado e a prestación de servizos de axuste persoal e social que requiran os seus traballadores e traballadoras con discapacidade.

Ao mesmo tempo a súa finalidade é a de ser un medio de integración do maior número de persoas con discapacidade ás empresas ordinarias.

O cadro de persoal ten que estar composto como mínimo no 70% por persoal con discapacidade , mediante a relación laboral de carácter especial, sen que se computen a estes efectos o persoal dedicado á prestación de servizos de axuste persoal e social.

É indispensable obter a calificación e inscripción no Rexistro de Centros Especiais de Emprego dependente da Dirección Xeral de Relacións Laborais de Galicia, debendo acreditarse e presentarse:

- A personalidade do/a seu titular.
- Estudio económico de viabilidade e subsistencia do centro para o cumprimento dos seus fins.
- Acreditar a composición da súa plantilla.
- Contar con persoal técnico e de apoio coa titulación profesional adecuada para a actividade do Centro.
- A adecuación das persoas que integren o cadro de persoal con discapacidade e os postos de traballo, deteminando as súas posibilidades de integración real e capacidade de traballo.
- Que o centro conte cunha estrutura e organización empresarial propia, independente e debidamente diferenciada doutras actividades do/a seu titular ou persoas vinculadas ó mesmo por calquera título.

Na regulación distínguense segundo o destino dos beneficios ou excedentes obtidos da explotación económica aqueles que carecen de ánimo de lucro, polo que deberán reinvestilos no centro ou noutros do mesmo carácter.

Son Centros Especiais de Emprego sen ánimo de lucro, aqueles cuxa titularidade corresponda a:

- Cooperativas de carácter non lucrativo.
- Asociacións, fundacións e outras entidades sen ánimo de lucro, que contemplen expresamente nos seus estatutos sociais a irrepartibilidade do seu patrimonio, agás a favor de entidades do mesmo carácter.
- Sociedades de responsabilidade limitada nas que a maioría do capital social sexa propiedade dalgunha das entidades sinaladas anteriormente ou doutras de carácter público, directa ou indirectamente. En caso de sociedades de responsabilidade limitada laborais, poderase admitir unha menor participación atendendo o mínimo permitido legalmente na lexislación propia.

Además, os titulares dos Centros Especiais de Emprego teñen que ter como finalidade primordial a integración laboral de persoas con discapacidade e os posibles beneficios ou excedentes obtidos da explotación da súa actividade deben reinvertirse na súa totalidade no propio centro ou noutros que carezan de ánimo de lucro.

A súa estrutura e organización debe axustarse aos das empresas ordinarias do sector o que pertenzan, independentemente da forma xurídica en que se constitúan, sen prexuízo da súa función social, posto que se trata de compatibilizar a viabilidade económica co compromiso social de conseguir a inserción laboral e social das persoas con discapacidade.
NORMATIVA: Lei 13/1982, de 7 de febreiro. RD 2273/1985 Regulamento dos CEE. Decreto 200/2005, de 7 de xullo que regula o rexistro administrativo galego de CEE.

AXUDAS / INCENTIVOS:
Convocatoria anual publicada por parte da Consellería de Traballo e Benestar.

Para a creación e ampliación de centros especiais de emprego:

- **Axudas para a asistencia técnica** necesaria para a creación ou ampliación de centros especiais de emprego, solicitada durante o primeiro ano da súa constitución e que poden consistir nalgunha das modalidades seguintes: estudios de viabilidade, organización, comercialización e outros de natureza análoga; contratación de directores/as, xerentes ou técnicos/as, por un período máximo dun ano; auditorías e informes económicos sempre que estes non se realicen de xeito obrigatorio por unha disposición que así o esixa; ou labores de asesoramento nas diversas áreas de xestión empresarial, excluídas as tarefas que pola súa natureza teñan carácter ordinario e continuado na actividade da empresa.

- **Subvención financeira de redución de xuros** dos préstamos destinados a financiar investimentos en activo fixo. Non obstante, no caso de constitución do centro, poderase destinar ata un 25 % do préstamo a financiar o activo circulante. Esta subvención será como máximo de catro puntos do tipo de xuro fixado pola entidade de crédito que conceda o préstamo.

- **Subvención en función do investimento en activo fixo.** Aqueles centros especiais de emprego que se consideren proxectos de recoñecido interese social poderán beneficiarse dunha axuda en función do investimento en activo fixo que se realice durante o ano natural, excluídos os impostos que graven a adquisición.

Os centros especiais de emprego que soliciten as axudas poderán beneficiarse dunha subvención de ata 12.000 euros por cada posto de traballo creado con carácter indefinido para traballadores/as con discapacidade, sen que se poida superar a dita contía entre os tres tipos de axuda.

Para o mantemento de centros especiais de emprego:

- **A subvención do custo salarial** polos postos de traballo ocupados por persoas con discapacidade dun importe do 50% do salario mínimo interprofesional cando o contrato se celebre a xornada completa ou a parte proporcional se realiza a tempo parcial.

- **Subvencións para a adaptación de postos de traballo e eliminación de barreiras arquitectónicas** por un importe non superior ao custo real e, en todo caso, cunha contía máxima de 1.800 euros por posto de traballo.

- **Subvención para o saneamento financeiro** do centro especial de emprego, por unha soa vez, destinada a equilibrar e sanear financeiramente aos centros especiais de emprego co fin de lograr a súa reestruturación para acadar niveis de produtividade e rendibilidade que garantan a súa viabilidade e estabilidade.

- **Subvención para o equilibrio orzamentario** dos centros especiais de emprego que carezan de ánimo de lucro e sexan de utilidade pública e imprescindibles polo labor que realizan.

Bonificacións á Seguridade Social:

- Contratación inicial mediante contrato indefinido, contrato temporal ou contrato formativo: Transformación en indefinidos de

contratos temporais de fomento do emprego de persoas con discapacidade Transformación en indefinidos dos contratos de duración determinada ou temporais, incluídos os formativos: 100% cota empresarial, por continxencias profesionais ou continxencias comúns.

RELACIÓN LABORAL DE CARÁCTER ESPECIAL DE TRABALLADORES/AS EN CEE:

CONCEPTO:
O Estatuto dos Traballadores no artigo 2.1.g, recolle como relación laboral de carácter especial, a prestación de servizos Das persoas traballadoras con discapacidade nos centros especiais de emprego.
Dita relación laboral de carácter especial, regúlase no Real Decreto 1368/1985, de 17 de xullo, polo que se regula a relación laboral de carácter especial das persoas con discapacidade que prestan servizos en centros especiais de emprego, modificada polo Real Decreto 427/1999, de 12 de marzo, en cumprimento do establecido na Lei 13/1982, de 7 de abril de Integración Social das Persoas con Discapacidade (LISMI).
Segundo estas fontes, trata de axustar as características do persoal destes centros, ás esixencias previstas na normativa laboral común, introducindo determinadas especialidades:

*** Nos suxeitos da relación laboral:**
- Soamente están suxeitos a dita relación, o persoal con discapacidade que presta servizos no CEE.

*** A modalidade contractual utilizada:**
- O contrato ten que formalizarse por escrito no modelo oficial e por cuadriplicado, ademais de ser presentado para o seu rexistro na Oficina de emprego correspondente no prazo de 10 días seguintes á súa celebración.
- Pódense concertar contratos por tempo indefinido ou temporal en calquera das modalidades de contratación previstas na normativa común, pero, establécense peculiaridades nalgunhas modalidades: (**Contrato para a formación e aprendizaxe; Contrato de traballo a domicilio; Contrato de fomento do emprego temporal para persoas con discapacidade)**

*** As condicións laborais:**
- O traballo ten que ser produtivo, remunerado e axeitado as características individuais do/a traballador/a, e orientado a favorecer a adaptación persoal e social e facilitar a súa integración posterior ao mercado ordinario de traballo.
- Requírese un informe previo do equipo multiprofesional para adoptar decisións como as modificacións de condicións laborais do contrato, a mobilidade xeográfica e funcional , a promoción profesional, etc...
- Os equipos multiprofesionais someterán ó/á traballador/a a unha revisión bianual, para garantir que o traballo se adecúa as circunstancias da persoa, adoptar medidas de prevención de riscos laborais.

*** Retribucións**:
- As peculiaridades atópanse nos incentivos que poidan establecerse, xa que non poden supoñer un risco para a integridade física ou

moral do/a traballador/a.
- Poden concertarse contratos de traballo a baixo rendemento, cunha diminución salarial ata o 25%.

*** Tempo de traballo:**
- As peculiariaridades máis destacables respeto a relación laboral común, atópanse na:
- Prohibición de realizar horas extraordinarias, agás as de prever ou reparar sinistros.
- O/a traballador/a pode ausentarse do traballo con dereito a remuneración, un máximo de 10 días o semestre, para asistir a tratamento de rehabilitación e para participar en accións de orientación e formación profesional.

AS UNIDADES DE APOIO NOS CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO

CONCEPTO:
As unidades de apoio son equipos multiprofesionais enmarcados nos Servizos de axuste persoal e profesional dos CEE . A súa función é detectar necesidades de apoio do persoal con discapacidade do CEE, mediante o desenvolvemento de funcións para axudarlles a superar as barreiras, os obstáculos ou as dificultades que as persoas traballadoras con discapacidade dos ditos centros teñen no proceso de incorporación a un posto de traballo, así como a permanencia e progresión neste.

DESTINATARIAS DAS FUNCIÓNS:
Persoas con discapacidade severa contratadas no CEE:
a. Persoas con parálise cerebral, enfermidade mental ou discapacidade intelectual con grao igual ou superior ao 33%.
b. Persoas con discapacidade física ou sensorial cun grao igual ou superior ao 65%.

De xeito puntual o resto de persoas traballadoras con discapacidade do CEE.

Tipos de axuda

- As subvencións establecidas nesta orde destinaranse a financiar os custos salariais e da Seguridade Social derivados da contratación indefinida dos traballadores das unidades de apoio á actividade profesional nos centros especiais de emprego.
- A contía das ditas subvencións establécese en 1.200 euros anuais por cada traballador co tipo de discapacidade severa indicada na orde de convocatoria, contratados por tempo indefinido ou mediante contrato temporal de duración igual ou superior a seis meses.
- A subvención de 1.200 euros reducirase proporcionalmente en función da duración dos contratos dos traballadores con discapacidade aos que se refire o parágrafo anterior así como en función da duración da xornada no suposto de que o contrato sexa a tempo parcial.
- Estas subvencións concederanse por períodos anuais, previa solicitude por parte do centro especial de emprego, e terase en conta para o cálculo da contía das mesmas o número de traballadores con discapacidade indicados na orde de convocatoria e a composición da unidade de apoio á actividade profesional acreditados no momento da presentación da solicitude.

8.4. AUTOEMPREGO

As persoas que pensen en crear a súa empresa poden acceder a un asesoramento gratuíto para o estudio da viabiliade , o establecemento e a consolidación do negocio.

- COGAMI, Servizo de Asesoramento a Emprendedores www.cogami.es. COGAMI presta un asesoramento personalizado e integral, dende a idea de negocio ata a consolidación empresarial atendenedo asimesmo as dúbidas puntuais dos emprendedores. Además podes realizar con nós a tramitación telemática para crear a túa empresa.

- IGAPE (Instituto Galego de Promoción Económica).

- Entidades e organismos de carácter público e/ou privado: Universidades, Deputacións Provinciais, UPD's, fundacións e asociacións de carácter non lucrativo, asociacións e confederacións de empresarios/as, cámaras de comercio...

- Técnicos/as Locais de Emprego, encadrados/as nos diferentes Concellos da nosa Comunidade Autónoma.

RECURSOS DE INFORMACIÓN , ASESORAMENTO E FORMACIÓN SOBRE CREACIÓN E CONSOLIDACIÓN DE EMPRESAS:

Destacamos os seguintes:

- Bic Galicia (www.bicgalicia.es): además de ofrecer todo tipo de información útil ofrécense cursos presenciais e on-line.
- Autónomos Galicia (www.autonomosgalicia.org): ofrece orientación especializada para este colectivo.
- Cámaras de comercio (www.camaras.org): tes á túa disposición diferentes programas formativos nas cámaras de comercio e nas antenas camerais.
- Obra social Caixa Galicia(www.obrasocialcaixagalicia.org).
- Federación Galega de Xóvenes Empresarios (FEGAXE: www.fegaxe.com)

AXUDAS E SUBVENCIÓNS PÚBLICAS OU DE ENTIDADES PRIVADAS

As axudas económicas en materia de autoemprego poden ser subvencións a fondo perdido ou préstamos subvencionados. Destacamos aquí unha selección das axudas máis significativas:

- Subvencións a fondo perdido:
  - Para autónomos/as que inician a actividade: Programa de Promoción do Emprego Autónomo. Conta con importes de axuda incrementados para persoas con discapacidade.
  - Axuda da Fundación ONCE: ata 12.000€ para novos proxectos liderados por persoas con discapacidade.
  - Programa Emega para mulleres emprendedoras.
  - Existen outras axudas que podes consultar en internet en **www.igape.es** ou en **www.ayudas.net**
- Préstamos e outros apoios financeiros:
  - Microcrédito La Caixa–COGAMI, para persoas con discapacidade.
  - Fondo Xes-Posibilita para apoiar ás iniciativas empresariais de persoas emprendedoras con discapacidade.
  - Líñas de financiación ICO.
  - Liñas do IGAPE para financiar proxectos emprendedores.
  - Microcrédito do *Instituto de la Mujer.*
  - Instrumentos de regulación de avais.
  - Outros microcréditos sociais.

BONIFICACIÓNS E REDUCIÓNS Á COTA DA SEGURIDADE SOCIAL:

- **Bonificación do 50% da cota correspondente á base de cotización mínima vixente en cada momento, agás na incapacidade temporal, polo Réxime Especial de Traballadores/as Autónomos/as, persoas traballadoras por conta propia ou no Réxime especial do Mar da Seguridade Social:** Durante os cinco anos seguintes á data de efectos da alta inicial nalgún dos rexímenes indicados.

Este incentivo tamén se aplica ás persoas socias traballadoras de cooperativas de traballo asociados, encadrados no ´rexime especial por conta propia ou autónomos, aos traballadores/as por conta propia incluídos no Réxime especial do mar, sempre e cando cumpran os requisitos esixidos.

- **Bonificacións e reducións sobre a cota por continxencias comúns, agás na incapacidade temporal**, resultante de aplicar á base mínima o tipo mínimo de cotización vixente en cada momento por un período máximo de 5 anosl , cando a persoas traballadoras con discapacidade igual ou superior ao 33% menores de 35 anos de idade causen alta inicial ou non houbesen estado en situación de alta nos 5 anos inmediatamente anteriores, a conta dende a data de efectos da alta, no Réxime Especial por conta propia ou autónomos, ou do Réxime especial do mar. Esta bonificación aplicarase só a aqueles non empreguen a traballadores/as por conta allea e segundo a seguinte escala:
  - Redución do 80% durante os 12 meses inmediatamente seguintes á data de efectos de alta.
  - Bonificación equivalente ao 50% durante os catro anos seguintes.

Si se opta por este beneficio, poderán acollerse posteriormente no seu caso, ás Bonificación do 50% da cota correspondente á base de cotización mínima vixente en cada momento, sempre e cando o cómputo total das mesmas non supere o prazo máximo de 60 mensualidades.

Este incentivo tamén se aplica ás persoas socias traballadoras de cooperativas de traballo asociados, encadrados no ´rexime especial por conta propia ou autónomos, aos traballadores/as por conta propia incluídos no Réxime especial do mar, sempre e cando cumpran os requisitos esixidos.

- **Capitalización da prestación por desemprego (modalidade pagamento único):** abono do importe da prestación por desemprego contributivo cando se incorporen de xeito estable como socias/as traballadors/as ou de traballo en cooperativas ou sociedades laborais, ou se constitúan como persoas traballadoras autónomas. Aboarase como pago único a contía da prestación

A solicitude do abono terá que ser anterior a data de incorporación á cooperativa ou sociedade laboral, a da constitución da cooperativa ou sociedade laboral, ou a do inicio da actividade como persoa traballadora autónoma ou socia/o da entidade

mercantil, é dicir, antes da data de alta da persoa traballadora na Seguridade social. Solicítase no Servizo público de emprego.

- **Indemnización a tanto alzado da prestación por incapacidade permanente total:** no caso de persoas menores de 60 anos, cuxas lesións que determinaron a incapacidade non sexan susceptibles de modificación que conleven unha revisión da incapacidade declarada. A persoa non pode exercitar traballo por conta propia ouu allea, acreditar que importe da indemnización será invertido na preparación ou desenvolvemento de novas fontes de ingreso como traballador autónomo, sempre ue teña aptitude suficiente para o exercizo da actividade que se trate. Terá que solicitalo dentro dos 3 anos seguintes á data da resolución ou sentencia firme que lle recoñeza o dereito a pensión, ou se fora menor de 21 anos de idade en dita data, dentro dos 3 anos seguintes ao dái en que cumpra dita idade.
  A contía desta indemnización será como máximo de 84 mensualidades de pensión con menos de 54 anos e de idade e un mínimo de 12 mensualidades aos 59 anos.

NORMATIVA DE REFERENCIA: Lei 43/2006, de 28 de decembro de mellora do crecemento e do emprego. Lei 45/2002, de 12 de decembro, en redacción polo Real decreto-lei 4/2013 de 22 de febreiro de medidas de apoio ao emprendedor e estímulo crecemento económico

9. VIVENDA

Corresponde ao Instituto Galego de Vivenda e Solo as competencias en materia de vivenda e por tanto é quen establece, as políticas en materia de vivenda,por tanto, ante calquera tramite termos que acudir a

Información xeral sobre VIVENDA

SERVIZOS CENTRAIS SANTIAGO DE COMPOSTELA	DEPARTAMENTO TERRITORIAL DE A CORUÑA	SERVIZOS DE INFORMACIÓN FERROL	DEPARTAMENTO TERRITORIAL DE LUGO	DEPARTAMENTO TERRITORIAL DE OURENSE	DEPARTAMENTO TERRITORIAL DE PONTEVEDRA	SERVIZOS DE INFORMACIÓN VIGO
981 54 19 82	981 18 48 22 981 18 48 26 981 18 48 00	981 33 71 61	982 29 46 02	988 38 62 68	986 80 56 10	986 80 56 10

Información sobre o PROGRAMA ALUGA

SERVIZOS CENTRAIS SANTIAGO DE COMPOSTELA	DEPARTAMENTO TERRITORIAL DE A CORUÑA	SERVIZOS DE INFORMACIÓN FERROL	DEPARTAMENTO TERRITORIAL DE LUGO	DEPARTAMENTO TERRITORIAL DE OURENSE	DEPARTAMENTO TERRITORIAL DE PONTEVEDRA	SERVIZOS DE INFORMACIÓN VIGO
981 56 85 08	881 88 12 58	981 33 71 66	982 29 46 01	988 51 15 74	986 80 52 84	986 81 75 77

Información sobre a RENDA BÁSICA DE EMANCIPACIÓN

SERVIZOS CENTRAIS SANTIAGO DE COMPOSTELA	DEPARTAMENTO TERRITORIAL DE A CORUÑA	SERVIZOS DE INFORMACIÓN FERROL	DEPARTAMENTO TERRITORIAL DE LUGO	DEPARTAMENTO TERRITORIAL DE OURENSE	DEPARTAMENTO TERRITORIAL DE PONTEVEDRA	SERVIZOS DE INFORMACIÓN VIGO
881 03 16 12	981 29 48 72	981 35 87 42	982 22 62 93	988 37 56 90	986 80 56 06	986 49 45 62

Información sobre o REXISTRO DE DEMANDANTES DE VIVENDA PROTEXIDA

SERVIZOS CENTRAIS SANTIAGO DE COMPOSTELA	DEPARTAMENTO TERRITORIAL DE A CORUÑA	SERVIZOS DE INFORMACIÓN FERROL	DEPARTAMENTO TERRITORIAL DE LUGO	DEPARTAMENTO TERRITORIAL DE OURENSE	DEPARTAMENTO TERRITORIAL DE PONTEVEDRA	SERVIZOS DE INFORMACIÓN VIGO
881 99 90 48	981 18 48 18		982 29 46 28	988 38 62 71 988 38 68 71	986 80 53 13	

Reserva de vivendas para persoas con discapacidade:

A normativa establece que nos proxectos de vivendas protexidas se reserve un mínimo de 4% das vivendas que se constrúan, promovan ou subvencionen polo sector público, que teñan características construtivas axeitadas para garantir o acceso e desenvolvemento cómo e seguro das persoas con discapacidade. Art.57 Lismi

En cada procedemento de adxudicación de vivendas protexidas establécese a posibilidade de reservar vivendas ás unidades familiares ou de convivencia nas que teñan algunha persoa membro con mobilidade reducida ou cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33%, ata un máximo xunto coas reservas de outros colectivos do 30% das vivendas ofertadas. art 74. Lei 8/2012 de 29 de xuño de vivenda de Galicia, e serán adxudicadas prioritariamente a elas ou ás entidades.

As vivendas reservadas e destinadas ao aluguer poderán ser adxudicadas as persoas con discapacidade individualmente consideradas ou asociacións e fundacións sen ánimo de lucro da discapacidade para destinalas a vivendas asistidas, compartidas, de apoio ou a proxectos de vida independente.

As vivendas reservadas teñen que axustarse a unhas condicións e requisitos específicos de accesibilidade tanto nos espacios privativos, dependencias de uso comunitario, n e se dispoñen de garaxe deberá reservarse un número igual de prazas de aparcamento adaptadas vinculadas ás vivendas e ubicadas tan cerca como sexa posible dos accesos peonís. Decreto 35/2000, de accesibilidade de Galicia.

9.1 AXUDAS POR COMPRA DE VIVENDA

Son as mesmas que para o resto da cidadanía só que teñen en conta á discapacidade da persoa solicitante ou dalgunha persoa membro da unidade familiar, e inclúe incremento de axudas, cambios nos requisitos de acceso, etc...

a) **ADQUISICIÓN ou ALUGUEIRO DE VIVENDA PROTEXIDA SUXEITA AO PLAN DE VIVEENDA 2009-2012 :**

Establécense axudas estatais e autonómicas.

PERSOAS QUE DESEXEN COMPRAR OU ALUGAR UNHA VIVENDA DE PROTECCIÓN AUTONÓMICA

- Terá que inscribirse no Rexistro de demandantes de vivenda da Xunta de Galicia mediante modelo normalizado e presentalo no IGVS.
- A vixencia da inscrición é de 3 anos.
- Poderá acceder a algún tipo de vivendas seguintes, en función dos seus ingresos: ingresos máximos 2,5 veces o IPREM)
- Vivendas de protección autonómica de réxime xeral (ingresos máximos 4,5 veces o IPREM) ; Vivendas de protección autonómica de réxime concertado (ingresos máximos 6,5 veces o IPREM)
- Iniciarase un proceso de adxudicación das vivendas da promoción a través dun sorteo entre as persoas que inscritas no rexistro de demandantes de vivenda da Xunta, soliciten participar nese sorteo.

- Requisitos de acceso para cada tipo de vivenda:

- Non ser titular dunha vivenda suxeita a protección pública.
- Non ser titular dunha vivenda libre, agás que sexa privado do seu uso, ou teña un valor segundo o ITP non superior ao 40% do prezo da vivenda que se queira adquirir. Este límite será do 60% no caso de:

Persoas maiores de 65 anos, persoas en situación de dependencia ou c que teñan unha discapacidade e as familias que as teñan ao seu cargo; Familias numerosas, familias monoparentais con fillos/as, persoas separadas ou divorciadas ao corrente do pago de pensións alimenticias ou compensatorias;Vítimas do terrorismo e mulleres vítimas de violencia de xénero.

- Persoa que resida ou realice actividade laboral nun concello de Galicia.
- Ter ingresos mínimos do 0,7% do IPREM e non superar os ingresos familiares máximos dependendo do tipo de vivenda que se solicite (réxime especial 2,5 veces IPREM, réxime xeral 4,5 veces IPREM, e réxime concertado 6,5 veces IPREM). Dependerá das declaracións da renda, e se na unidade familiar hai unha persoa con discapacidade computarase como se houbera un membro

mais.
- As persoas adxudicatarias terán que perfeccionar o contrato e visalo para acceder as axudas.
- A vivenda terá que destinarse a residencia habitual e permanente da persoa propietaria.
- A vivenda terá un réxime de protección de 30 anos; ten limitada a súa transmisión da propiedade e estará establecido un prezo máximo de venda.

- Axudas estatais: préstamo convido e subsidiación
- Axudas da Comunidade galega: Subvencións.

<table>
<tr><th>Estatais</th><th colspan="3">Subvencións de Galicia</th></tr>
<tr>
<td>PRÉSTAMO CONVIDO
• Pode subrogarse no préstamo convido que tiña o promotor ou solicitar directamente o préstamo a calquera entidade de crédito colaboradora do Plan de Vivenda.
• A contía máxima do préstamo será igual ao 80% do prezo da vivenda fixado na escritura pública de compravenda máis o 80% do prezo do rocho e garaxe se o tivera co límite da superficie útil computable aos efectos de financiamento (25 metros cadrados para o garaxe e 8 metros cadrados para o rocho).
• tipo de xuro será fixo ou variable.
• préstamo non terán comisión ningunha.
• Estará garantido con hipoteca.
• Prazo de amortización do préstamo: 25 anos como mínimo pero poderá ser obxecto de amortización anticipada. No caso de que se transmita unicamente o dereito de superficie, a duración máxima non poderá exceder do período restante do dereito de superficie.
<u>AXUDAS DA SUBSIDIACIÓN, DA AXUDA ESTATAL DIRECTA Á ENTRADA (AEDE) E DA COMUNIDADE AUTÓNOMA:</u>
◦As vivendas estarán cualificadas como de réxime especial ou xeral.
◦Hai que ter formalizado o préstamo convido
◦Non pode ter sido propietario/a dunha vivenda salvo que fora privado do seu uso por causas que non lle fosen imputables, ou cando o valor da vivenda de acordo co Imposto de</td>
<td colspan="3">AXUDAS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA
<table>
<tr>
<td>- Unidades familiares con ingresos que non excedan de 2,5 veces IPREM.
- Con ingresos que non superen 4,5 veces o IPREM:
• Persoas que acceden por 1ª vez a unha vivenda.
• Xóvenes menores de 35 anos.
• Persoas maiores de 65 anos.
• Mulleres vítimas de violencia de xénero.
• Vítimas do terrorismo.
• Afectados por situacións catastróficas.
• Familias numerosas de menos de 5 fillos.
• Familias monoparentais con</td>
<td>• Familias numerosas de 5 ou máis fillos</td>
<td>- Persoas con ingresos que non excedan de 1,5 veces IPREM nos casos seguintes:

▪ Persoas sen fogar ou procedentes de operacións de erradicación do chabolismo.
▪ Emigrantes retornados nos dous anos anteriores ao momento da solicitude en especial situación de necesidade.</td>
</tr>
</table>
</td>
</tr>
</table>

<table>
<tr>
<td>Transmisións Patrimoniais exceda do 25% do prezo da vivenda que pretende adquirir. Son excepcións a este suposto os seguintes casos:
◦As mulleres vítimas de violencia de xénero.
◦As vítimas do terrorismo.
◦Persoas dependentes ou con discapacidade oficialmente recoñecida e as familias que as teñan ao seu cargo.</td>
<td>
<table>
<tr><td>fillos.
• Persoas dependentes ou con discapacidade recoñecida e as familias que as teñan ao seu cargo.
• Persoas separadas ou divorciadas ao corrente do pago de pensións alimenticias e compensatorias.</td><td></td><td></td></tr>
<tr><td>2.000€</td><td>4.000€</td><td>Axuda do 25% do prezo da vivenda co límite de 17.000€</td></tr>
<tr><td colspan="2">Se acredita pertencer a máis dun destes colectivos a subvención será de 2000€ por cada circunstancia.</td><td rowspan="2">Subvencións non acumulables</td></tr>
<tr><td colspan="2">Subvencións acumulables entre si e ás do Estado</td></tr>
</table>
</td>
</tr>
</table>

b) ADQUISICIÓN DE VIVENDA XA EXISTENTE OU USADA

SON AXUDAS PARA COMPRA DE VIVENDA LIBRE OU PROTEXIDA ADQUIRIDA EN 2ª OU POSTERIOR TRANSMISIÓN. VIVENDAS LIBRES DE PREZO LIMITADO ADQUIRIDAS CANDO TRANSCORRAN 1 ANO MÍNIMO ENTRE A EXPEDICIÓN DO CERTIFICADO FINAL DE OBRA E A DATA DO CONTRATA QUE DISPOÑA DE LICENZA DE PRIMERIA OCUPACIÓN. VIVENDAS PROTEXIDAS DESTINADAS ANTERIORMENTE AO ALUGUEIRO. VIVENDAS RURAIS USADAS.
• Hai que inscribirse no rexistro de demandantes de vivenda da Xunta con carácter previo. • Solicitala mediante modelo oficial de solicitude e entregala no IGVS
• Requisitos:

- non ser titular de vivenda suxeita a protección pública
- non ter axuda financeira nin préstamo convido nos 10 anos anteriores á solicitude, agás as persoas separadas, divorciadas non adxudicatarias de vivenda familiar previa, mulleres vítaimas de violencia, terrorismo, e persoas con discapacidade ou n en situación de dependencia ou as familias que as teñan ao seu cargo
- Ingresos familiares igual ou superiores ao 0,7 veces IPREM e inferiores a 6,5 veces o IPREM (consultarase a declaración da renda anterior). Se na unidade familiar hai algún membro con discapacidade, computarase como se houbese un membro mais.
- Pode obter financiamento vivendas ata 90 m2 de vivenda, 8 m2 de rocho e 25 m2 de garaxe ou anexo.
- Hai que destinar a vivenda a residencia habitual e permanente da persoa propietaria
- Hai que solicitar o visado do contrato de compravenda á Xefatura Territorial de Vivenda e Solo antes dos meses dende a sinatura do contrato.
- Entre o visado do contrato e a solicitude do préstamo convido á entidade de crédito non pode transcorrer mais de 6 meses.
- A vivenda se obtén as axudas quedará con límites de tempo para transmitila e cun prezo máximo limitado de venda.

- Axudas Estatais: Préstamo convido.
- Axudas da Comunidade de Galicia: Subvencións.

<table>
<tr><th>Préstamo convido</th><th>Subvencións</th></tr>
<tr><td>Solicitarase préstamo máximo do 80% do prezo da vivenda e do rocho e garaxe.
Tipo de xuro fixo ou variable a elección da persoa adquirente
Préstamo sen comisión, garantizado con hipoteca.
Prazo de amortización do préstamo: 25 anos como mínimo pero poderá ser obxecto de amortización anticipada</td><td>Solicitarase cando se abra a convocatoria anual.
<table>
<tr><th colspan="3">AXUDAS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA</th></tr>
<tr><td>- Unidades familiares con ingresos que non excedan de 2,5 veces IPREM.
- Con ingresos que non superen 4,5 veces o IPREM:
Persoas que acceden por 1ª vez a unha vivenda.
Xóvenes menores de 35 anos.
Persoas maiores de 65 anos.
Mulleres vítimas de violencia de xénero.
Vítimas do terrorismo.
Afectados por situacións catastróficas.
Familias numerosas de menos de 5 fillos.</td><td>Familias numerosas de 5 ou máis fillos</td><td>Persoas con ingresos que non excedan de 1,5 veces IPREM nos casos seguintes:
Persoas sen fogar ou procedentes de operacións de erradicación do chabolismo.
Emigrantes retornados nos dous anos anteriores ao momento da solicitude en especial situación de necesidade.</td></tr>
</table></td></tr>
</table>

Familias monoparentais con fillos. Persoas dependentes ou con discapacidade recoñecida e as familias que as teñan ao seu cargo. Persoas separadas ou divorciadas ao corrente do pago de pensións alimenticias e compensatorias.			
2.000€	4.000€	Axuda do 25% do prezo da vivenda co límite de 17.000€	
Se acredita pertencer a máis dun destes colectivos a subvención será de 2000€ por cada circunstancia.		Subvencións non acumulables	
Subvencións acumulables entre si e ás do Estado			

9.2. AXUDAS Á AUTOPROMOCIÓN DE VIVENDA PROTEXIDA

Para acceder ás axudas para autopromoción de vivenda protexida será preciso cumprir os seguintes requisitos:

•Non ser titular do pleno dominio ou dun dereito real de uso ou de desfrute sobre algunha vivenda suxeita a protección pública en España.
•Tampouco poderá ser titular dunha vivenda libre, salvo que fora privado do seu uso por causas que non lle fosen imputables ou cando o valor da vivenda ou o dereito sobre a mesma determinado segundo o Imposto de Transmisións Patrimoniais exceda do 40% do prezo da vivenda que pretende construír.

Este límite pasará a ser do 60% nos seguintes supostos:
•Persoas maiores de 65 anos, persoas dependentes ou con discapacidade recoñecida e as familias que as teñan ao cargo.
•Familias numerosas, familias monoparentais con fillos, persoas separadas ou divorciadas o corrente do pago de pensións alimenticias ou compensatorias.
•Mulleres vítimas de violencia de xénero e vítimas do terrorismo.
•Que resida ou desenvolva a súa actividade laboral nun municipio da comunidade autónoma de Galicia.
•Non obtivera axudas financieiras nin préstamo convido para o mesmo tipo de actuación durante os dez anos anteriores a solicitude actual (non terán que cumprir este requisito as persoas separadas ou divorciadas ás que non se lles adxudicara a vivenda familiar, as mulleres vítimas de violencia de xénero, as vítimas do terrorismo, as persoas dependentes ou con discapacidade oficialmente recoñecida e as familias que as teñan ao seu cargo).
•Obter a cualificación definitiva de vivenda protexida.
•Dispoñer duns ingresos mínimos de 0,7 veces o IPREM. Nunha ficha aparte poderá ver a súa equivalencia en euros.
•Non superar os Ingresos familiares máximos dependendo do tipo de vivenda que constrúa: réxime especial 2,5 veces IPREM, réxime xeral 4,5 veces IPREM e réxime concertado 6,5 veces IPREM.

TIPOS DE AXUDA QUE PODE PERCIBIR	
ESTATAIS	**COMUNIDADE AUTÓNOMA**
Préstamo convido Subsidiación do préstamo	Subvencións

AXUDAS DA SUBSIDIACIÓN E DA COMUNIDADE AUTÓNOMA É NECESARIO:

Ter a cualificación provisional da vivenda protexida de réxime especial ou xeral.
Ter formalizado o préstamo convido.
Non pode ter sido propietario/a dunha vivenda salvo que fora privado do seu uso por causas que non lle fosen imputables, ou cando o valor da vivenda de acordo co Imposto de Transmisións Patrimoniais non exceda do 25% do prezo da vivenda que pretendes construír. Son excepcións deste suposto os seguintes casos:

- As mulleres vítimas de violencia de xénero.
- As vítimas do terrorismo.
- As persoas dependentes ou con discapacidade oficialmente recoñecida e as familias que as teñan ao seu cargo.

O PRÉSTAMO CONVIDO

Pode solicitar directamente o préstamo a calquera entidade de crédito colaboradora do Plan de Vivenda. A contía máxima do préstamo será igual ao 80% do valor conxunto da edificación e do solo que constara na escritura de declaración de obra nova co límite de 90 metros cadrados para a vivenda, 25 metros cadrados para o garaxe ou anexo e 8 metros cadrados para o rocho.O tipo de xuro será fixo ou variable, a elección do promotor. O préstamo non terán comisión ningunha.Estará garantido con

hipoteca.
Prazo de amortización do préstamo: 25 anos como mínimo pero poderá ser obxecto de amortización anticipada. Poderá ter un período de carencia de 4 anos como máximo que finalizará coa cualificación definitiva.

<table>
<tr><th colspan="3">AXUDAS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA</th></tr>
<tr>
<td>• Unidades familiares con ingresos que non excedan de 2,5 veces IPREM.
• Con ingresos que non superen 4,5 veces o IPREM:
o Persoas que acceden por 1ª vez a unha vivenda.
o Xóvenes menores de 35 anos.
o Persoas maiores de 65 anos.
o Mulleres vítimas de violencia de xénero.
o Vítimas do terrorismo.
o Afectados por situacións catastróficas.
o Familias numerosas de menos de 5 fillos.
o Familias monoparentais con fillos.
o Persoas dependentes ou con discapacidade recoñecida e as familias que as teñan ao seu cargo.
o Persoas separadas ou divorciadas ao corrente do pago de pensións alimenticias e compensatorias.</td>
<td>• Familias numerosas de 5 ou máis fillos</td>
<td>• Persoas con ingresos que non excedan de 1,5 veces IPREM nos casos seguintes:
• Persoas sen fogar ou procedentes de operacións de erradicación do chabolismo.
• Emigrantes retornados nos dous anos anteriores ao momento da solicitude en especial situación de necesidade.</td>
</tr>
<tr>
<td>2.000€</td>
<td>4.000€</td>
<td>Axuda do 25% do prezo da vivenda co límite de 17.000€</td>
</tr>
<tr>
<td colspan="2">Se acredita pertencer a máis dun destes colectivos a subvención será de 2000€ por cada circunstancia.</td>
<td>Subvencións non acumulables</td>
</tr>
</table>

3. AXUDAS PARA REHABILITACIÓN E RECONSTRUCIÓN

O IGVS establece accións dirixidas á rehabilitación e conservación do patrimonio construído, ofrecendo axudas f diretas a promotores de rehabilitación, establecendo un catálogo de prezos ou diretorio de axentes colaboradores.

- En **VIVENDAS**: Prevese para as vivendas que cumpran uns requisitos de orzamento, localización, antiguidade e ingresos da persoa promotora, unha serie de axudas para realizar as seguintes actuacións protexibles:

a) Remate de fachadas e cubertas.
b) Rehabilitación de edificios ou vivendas.
c)Reconstrución de edificios e vivendas.

No requisito da antigüidade da vivenda a rehabilitar, se a obra está dirixida a mellorar as condicións de accesibilidade da vivenda para persoas con mobilidade reducida ou maiores de 65 anos, a antigüidade mínima das vivendas será de 5 anos, en calquera dos ámbitos e tipos de actuación protexible.

d) **Prevese tamén as axudas Renove:** aquelas dirixidas a mellorar a eficiencia enerxética, hixiene, saúde e protección do medio ambiente e uso de enerxías renovables, así como mellora da accesibilidade.

Consideraranse actuacións para a mellora da accesibilidade as tendentes a adecuar os edificios á Lei de Propiedade Horizontal. En particular:

•A instalación de ascensores ou adaptación dos mesmos ás necesidades de persoas con discapacidade ou ás novas normativas que houberan entrado en vigor tras a súa instalación.
•A instalación ou mellora de ramplas de acceso aos edificios, adaptadas ás necesidades de persoas con discapacidade.
•A instalación ou mellora de dispositivos de acceso aos edificios adaptados a persoas con discapacidade sensorial.
•A instalación de elementos de información que permitan a orientación no uso de escaleiras e ascensores.
•Obras de adaptación das vivendas ás necesidades de persoas con discapacidade ou maiores de 65 anos.

PRESUPOSTO PROTEXIDO:

O presuposto protexido será o custo total das obras a realizar sobre os elementos comúns e instalacións xerais (incluídas as necesarias sobre as partes afectadas nas vivendas e locais)

Coas seguintes limitacións:

•Máximo 90 metros cadrados útiles por vivenda resultante da actuación ou local afectado por ela.
•Para garaxes e anexos, a superficie máxima será de 25 e 8 metros cadrados respectivamente.
•A contía máxima do presuposto protexido por metro cadrado útil non pode superar o 70% do módulo básico estatal vixente no momento da calificación provisional da actuación.

IMPRESCINDIBLE:

•Polo menos o 25% do presuposto das actuacións protexidas ten que estar dedicado a:
•Utilización de enerxías renovables,
•Mellora da eficiencia enerxética, hixiene, saúde e protección do medio ambiente e

•Accesibilidade do edificio

BENEFICIARIOS

Poden ser beneficiarios:

•O promotor da actuación

•Os persoas propietarias e inquilinos autorizados

•As comunidades de persoas propietarias

Sempre que:

•Non incorran nas prohibicións para ser beneficiario do artigo 10 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

•Non ter obtido axudas financeiras nin préstamos convidos, para o mesmo tipo de actuación ao abeiro de plans estatais ou autonómicos os 10 anos anteriores á solicitude actual.

•Destinar á vivenda a domicilio permanente e habitual durante 5 anos

Os ingresos familiares das persoas beneficiarias non poderán exceder de 6,5 IPREM, cando se trate da rehabilitación, para uso propio, de elementos privativos. Nunha ficha aparte poderá ver a táboa de ingresos.

Cando a rehabilitación teña por obxecto os elementos comúns, ou a totalidade do edificio para destinalo a arrendamento, as condicións dos beneficiarios serán as mesmas que as das vivendas protexidas para arrendamento

O préstamo Convido.	**A subvención:**	**Poden acceder á subvención as persoas propietarias ou ocupantes da vivenda, promotores/as da Rehabilitación, cando:**
• A resolución de concesión do préstamo pode facerse efectiva ante calquera entidade de crédito colaboradora do Plan de Vivenda. • O préstamo poderá alcanzar a totalidade do presuposto protexido. • Tipo de xuros fixo ou variable, fixado e revisado anualmente polo Consello de Ministros. • Non terán comisión ningunha. • Estará garantizado con hipoteca. • As cotas serán constantes en toda a vida do préstamo, dentro de cada un dos períodos de amortización. • O plazo de amortización do préstamo: Iniciarase coa expedición da Calificación definitiva, será de 15 anos como máximo.	**Promotores** A subvención é incompatible coa subsidiación do Préstamo convido. Abónase polo IGVS. **Comunidades de persoas propietarias** A subvención é incompatible coa subsidiación do Préstamo convido. Abónase polo IGVS. **Contía da subvención:** Máximo 10% do presuposto protexido Límite de 1.100 €/vivenda	•Ingresos familiares no excedan de 6,5 IPREM •Contía máxima: 15 % presuposto protexido •Límite de 1.600 €/vivenda con carácter xeral •Límite de 2.700 €/vivenda, cando: ◦Sexan maiores de 65 anos ◦Persoas con discapacidade ◦As obras se destinen á eliminación de barreiras ou á adecuación da vivenda ás súas necesidades

• O período de carencia será de hasta 2 anos ampliable a 3 anos coa autorización da comunidade autónoma e o acordo da entidade de crédito. Poderán obter o préstamo para financiar a actuación protexida de Rehabilitación dun edificio: • Os persoas propietarias ou ocupantes das vivendas, con independencia dos seus ingresos familiares. • Os locais, cando se trate da rehabilitación de elementos comuns e participen nos costes de execución		específicas

4. AXUDAS PARA O ALUGUER

PROGRAMA ALUGA

Amplíanse os tramos de ingresos dos potenciais beneficiarios ata 3,5 veces o IPREM, para harmonizalo con outras actuacións en materia de vivenda protexida.

Para determinar os importes máximos da renda das vivendas alugadas téñense en conta as zonas territoriais onde se encontren as vivendas, establecendo tres zonas coma no Plan de Vivenda 2009-2012: zona territorial de prezo máximo superior, zona 1 e zona 2, establecidas para a determinación dos prezos das vivendas protexidas.

Para adecuar o prezo da renda aos ingresos e asegurar un certo grado de solvencia, establécense novos límites de renda segundo tramos de ingresos das persoas inquilinas:

PREZO MÁXIMO DO ALUGUEIRO (euros por mes)	INGRESOS MÁXIMOS DOS BENEFICIARIOS (veces o Iprem)
400	Ata 1,5
550	Máis 1,5 ata 2,5
600	Máis de 2,5 ata 3,5

10.BENEFICIOS FISCAIS

10. 1 IMPOSTOS DIRECTOS

IMPOSTO SOBRE A RENDA DE PERSOAS FÍSICAS

Concepto: é un tributo de carácter persoal e directo que grava as rendas obtidas polas persoas físicas, tanto os rendementos de traballo, as ganancias e perdas patrimoniais e as imputacións de renda establecidas por lei, os rendementos das actividades económicas, e os rendementos do capital, tendo en conta as súas circunstancias persoais e familiares, onde se inclúen as súas discapacidades ou das persoas do seu contorno familiar, fillos/as a cargo, et...
É un imposto que está cedido parcialmente ás Comunidades Autónomas, de xeito que se diferencian cotas autonómicas e estatais.

Obrigados a presentar declaración:

- Persoas contribuíntes que obtiveran rendas superiores a determinados importes.
- Persoas contribuíntes que con independencia da contía das rendas obtidas, tiveran dereito a dedución por inversión na vivenda habitual , por conta aforro-empresa, dobre imposición internacional, ou realizaran aportacións a patrimonios protexidos de persoas con discapacidade, plans de pensións, de previsión social, seguros de dependencia ou mutualidades, se exercitan o correspondente dereito nese ano.
- Persoas contribuíntes que soliciten devolución derivada da normativa do IRPF

Acreditación do grao:

Aos efectos do IRPF terán a consideración de persoa con discapacidade aquelas persoas cun grao de discapacidade recoñecido igual ou superior ao 33%. O grao de discapacidade acreditarase mediante o certificado ou resolución expedido polos Equipos de valoración e orientación (EVO) dependentes das xefaturas territoriais da Consellería de Traballo e Benestar ou órgano competente das Comunidades Autónomas.
Así mesmo, considerarase acreditado un grao de discapacidade igual ou superior ao 33% no caso de persoas pensionistas da Seguridade Social que teñan recoñecida unha pensión de incapacidade permanente total, absoluta ou gran invalidez e no caso de persoas pensionistas de clases pasivas que teñan recoñecida unha pensión de xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade.
Considerarase acreditado un grao de discapacidade igual ou superior ao 65% cando se trate de persoas cuxa incapacidade sexa declarada xudicialmente, aínda que non alcance dito grao.

Acreditación da necesidade de axuda de terceira persoa ou existencia de dificultades de mobilidade.

Aos efectos da redución por rendementos do traballo obtidos por persoas con discapacidade, as persoas traballadoras activas deberán acreditar a necesidade de axuda de terceiras persoas para desprazarse ao seu lugar de traballo ou para desempeñalo , ou a mobilidade reducida para utilizar medios de transporte colectivo, mediante o certificado do grao de discapacidade emitido polos órganos competentes nas Comunidades Autónomas, baseándose no ditame dos EVOS.

Rendas que non tributan:

- Prestacións económicas recoñecidas pola Seguridade Social: Incapacidade Permanente Absoluta ou Gran Invalidez; Prestacións familiares e pensións a favor de netas/os e irmás/ns con incapacidade para todo traballo, dos distintos rexímenes ou mutualidades (consultar)

- Cantidades percibidas de institucións públicas con motivo do acollemento de persoas con discapacidade en modalidade simple, permanente, preadoptivo ou as equivalentes e previstas na Comunidade autónoma
- Axudas económicas outorgadas por institucións públicas a persoas cun grao igual ou superior ao 65% para financiamento de estancias en residencias, centros de día, se o resto das súas rendas non excedan de 2 veces o IPREM
- Prestacións de desemprego capitalizadas por terse constituído en autónomo.
- Rendementos do traballo derivados de prestacións obtidas en forma de renda derivadas das aportacións ao sistema de previsión social ou patrimonio protexido, ata importe de 3 veces o IRPREM
- Prestacións económicas derivadas da Lei de autonomía persoal e atención á situación de dependencia
- Cantidades percibidas como consecuencia de disposicións feitas da vivenda habitual por parte de persoas con gran ou severa dependencia
- Axudas excepcionais por danos persoais, falecemento ou incapacidade permanente como por gastos de hospitalización non cubertas por ningún sistema público, a raíz de catástrofes.(consultar)
- As ganancias patrimoniais derivadas da transmisión por maiores de 65 anos da súa vivenda habitual así como polas persoas que se atopen en situación de dependencia severa ou de gran dependencia conforme a Lei de promoción da autonomía persoal, inclusive na transmisión da nuda propiedade da vivenda habitual polo seu titular reservándose este o usufruto vitalicio sobre dita vivenda.

Adecuación do imposto ás circunstancias persoais e familiares do contribuínte.

Consiste en non someter a tributación determinadas cantidades para ter en conta determinadas circunstancias: É o que se denomina

Mínimo persoal e familiar; que inclúe os seguintes:

- Mínimo do contribuínte: Xeral

- **Mínimo por descendentes**: Por cada menor de 25 anos ou con discapacidade calquera que sexa a súa idade, sempre que conviva co contribuínte e non teña rendas anuais, excluídas as rendas exentas, superiores a 8.000 €, de:

1.836 €/anual polo primeiro
2.040 €/anuais polo segundo
3.672 €/anuais polo terceiro
4.182 €/anuais polo cuarto e os seguintes

Considerarase asimilado aos descendentes ás persoas vinculadas ao contribuínte por razón de tutela e acollemento. Considerarase que convive co contribuínte os descendentes, dependentes do mesmo que este internado en centros especializados.

- Mínimo por ascendentes: Por cada un maior de 65 anos ou con discapacidade calquera que sexa a súa idade que conviva co contribuínte e non teña rendas anuais, excluídas as exentas, superiores a 8.000 €. Considerarase que conviven e dependen del, os ascendentes con discapacidade que estea internado en centros especializados.

- **Mínimo por discapacidade**: Consistirá na suma do mínimo por discapacidade do contribuínte e do mínimo por discapacidade de ascendentes e o de descendentes. Tense en conta os datos a 31 de decembro ou no momento do falecemento do contribuínte.

Por tanto temos:

a) Minimo por discapacidade do contribuínte:

GRAO	IMPORTE
De 33% a 64%	2.316 €/anuais
Igual ou superior ao 65%	7.038 €/anuais

ADICIONAL

Gastos de asistencia por cada ascendente ou descendente que precise axuda de 3ª persoa, mobilidade reducida ou grao de discapacidade igual ou superior ao 65%	2.316 €/anuais

b) Mínimo por discapacidade de ascendentes ou descendentes: Non procede cando os ascendentes ou descendentes presenten declaración de IRPF con rendas superiores a 1.800 €

GRAO	IMPORTE
por cada descendente ou ascendente con discapacidade De 33% a 64%	2.316 €/anuais
por cada descendente ou ascendente con discapacidade Igual ou superior ao 65%	7.038 €/anuais

ADICIONAL

Gastos de asistencia por cada ascendente ou descendente que precise axuda de 3ª persoa, mobilidade reducida ou grao de discapacidade igual ou superior ao 65%	2.316 €/anuais

Rendementos do traballo: Aos rendementos obtidos do traballo con carácter xeral (sexa ou non persoa con discapacidade) aplícase unha serie de reducións previstas por lei, en base a:

- Reducións por rendemento do traballo. A contía depene do importe de ditos rendementos e da obtención doutras rendas distintas das do traballo.
- Redución prolongación da actividade laboral. Consiste nun incremento do 100% da redución por rendementos do traballo. É aplicable aos traballadores activos maiores de 65 anos que continúen ou prolonguen a actividade laboral. Incremento do % da redución anterior.
- Redución por mobilidade xeográfica. Consiste nun incremento do 100% da redución por rendementos do traballo. Teñen dereito a ela os contribuíntes desempregado inscrito na oficina de emprego que acepte un posto de traballo que esixa o traslado da súa residencia habitual a un novo municipio. É aplicable a no período impositivo no que se produza o cambio de residencia ou no seguinte.
- **Redución por discapacidade.** Aos traballadores activos con discapacidade, ademais poden minorar o rendemento neto do traballo, adicionalmente ás anteriores, pero o saldo resultante non pode quedar en negativo, nas seguintes contías.

GRAO	**REDUCIÓN**
Igual ou superior 33% e inferior 65%	3,264 €/anuais
Igual ou superior ao 65%	7,242 €/anuais

Necesidade de axuda de 3ª persoa ou mobilidade reducida, independentemento do grao	7,242 €/anuais

A redución por discapacidade tense en conta no caso de traballadores activos aplicándose cando en calquera momento do período impositivo concorren estas dúas circunstancias simultaneamente: Ter discapacidade e ser traballador activo.

- **Redución por aportación e contribución a sistemas de previsión social constituídos a favor de persoas con discapacidade** (Discapacidade física ou sensorial igual ou superior a 65%.Discapacidade intelectual igual ou superior ao 33%. Incapacidade xudicial con independencia do grao.)

Partícipe con discapacidade	24.250 €/anuais na base impoñible xeral da declaración do contribuínte con discapacidade que as realiza.
Aportacións realizadas por cada unha das persoas con discapacidade coas que teña relación de parentesco ata 3º grao liña directa ou colateral, polo cónxuxe ou polas persoas que o tiveran ao seu cargo en réxime de tutela ou acollemento, sen perxuízo das aportacións que estas persoas podan realizar ao seu respectivo plan de pensións	10.000 €/anuais por cada persoa
Límite aportacións conxunta, incluídas as do partícipe con discapacidade, familiares ou titores	24.250 €/anuais

As aportacións que excedan dos límites previstos, da dereito á redución da base impoñible dos cinco períodos impositivos seguinte, ata esgotar, en cada un deles os importes máximos anuais de reducións. Aplicable nos supostos en que non proceda a redución por insuficiencia de base impoñible e sempre que se solicitara nas respectivas declaracións anteriores.

- **Reducións por aportacións a patrimonios protexidos das persoas con discapacidade (beneficiarios e titulares persoas con discapacidade intelectual igual ou superior ao 33% ou física ou sensorial igual ou superior ao 65%)**

a) Consideración de rendementos do traballo: Está previsto que determinadas aportacións realizadas ao patrimonio protexido dunha persoa con discapacidade, sexan consideradas como rendementos do traballo para a persoa con discapacidade de titular de dito patrimonio, sempre atendendo aos seguintes límites

Quen pode obter reducións base impoñible	INDIVIDUAIS	TOTAIS
- Persoas con relación de parentesco en liña directa ou colateral ata 3º grado inclusive - Cónxuxe da persoa con discapacidade - Quen os tivera ao seu cargo en réxime de tutela ou acollemento.	10.000 €/anuais e polo conxunto de aportacións a distintos patrimonios.	Total reducións practicadas por todas as persoas a favor dun mesmo patrimonio protexido. 24.250 €/anuais

Aportantes suxeitos pasivos do Imposto de Sociedades, cando é un gasto deducible no imposto. É independente dos límites antes indicados.	10.000 €/anuais
Aportacións non dinerarias	O importe da aportación computarase segundo a Lei 49/2002, de 23 de decembro 8artigo 18)

As aportacións que excedan dos límites previstos, da dereito á redución da base impoñible dos catro períodos impositivos seguintes, ata esgotar, en cada un deles os importes máximos anuais de reducións. Aplicable nos supostos en que non proceda a redución por insuficiencia de base impoñible. Soamente si se solicitou nas repectivas declaracións, senón, o resto das aportacións, non terán a consideración de rendamentos do traballo e estará suxeito ao Imposto de Sucesións e Doazóns.

Se a aportación a fai a persoa con discapacidade é considerada como rendemento do traballo pero non da dereito a reducción.

b) A integración dos rendementos do traballo na base impoñible da persoa con discapacidade titular do patrimonio protexido, efectuarase polo importe da suma dos rendementos e prestacións percibidas en forma de renda dos sistemas de previsión social constituídos ao seu favor, que exceda de 3 veces o IPREM (22.365,42 €)

Rendementos de actividades económicas: Cando os rendementos da persoa con discapacidade se obteñen por exercer actividades económicas poderase aplicar a redución especial previstas para determinados tipos de rendementos segundo a actividades se **tributa por estimación directa**, e adicionalmente minorar o rendemento neto das mestas polos seguintes importes:

Xeral	3.264 €/anuais
Adicional cando acredita necesitar de axuda de 3ª persoas ou mobilidade reducida ou un grao de discapacidade igual ou superior ao 65%.	7.242 €/anuais

- Ao mesmo tempo e aos efectos de determinar o rendemento neto obtido, cuantifícase o número de unidades empregadas, instaladas ou utilizadas en cada un dos módulos de cuantificación previsto por cada actividade independente realizada, de xeito que se inclúe a consideración da discapacidade á hora do cómputo.
(módulo persoal non asalariado: se ten discapacidade computarase ao 75%.; módulo persoal asalariado (computarase nun 40% se ten discapacidade)

- Ao determinar o rendemento neto de módulos, aplicaranse determinados índices correctores entre os cales se inclúe respecto do índice corrector por inicio de novas actividades si se trata dunha persoa con discapacidade do 60% (si se trata do 1º ano de exercizo de

actividade) ou do 70%(se se trata do segundo ano)

- A determinación do rendemento neto reducido no caso de contribuíntes que perciben rendementos derivados de actividades económicas: Ten en consideración a condición de se é persoa con discapacidade, se crea emprego entre persoas con discapacidade e aplica unha serie de índices correctores

Ganancias e perdas patrimoniais:
- Considerase que non existe ganancia ou perda patrimonial nas aportacións aos patrimonios protexidos constituídos en favor de persoas con discapacidade.

No IRPF tamén se aplica unhas **DEDUCCIÓNS NA COTA** por realizar uns determinados gastos durante o exercizo económico.

Obxecto:
Dedución na cota íntegra autonómica por inversión en vivenda habitual. Só aplicables para aquelas cantidades invertidas que se trasladan a exercizos futuros. Non se aplica para novas inversións. Con data 01/01/20113 esta deducción na cota autonómica suprímese. Art. 78 Lei 35/2006, de 28 novembro (Lei 16/2012, 27 decembro)

Límites das deducións:

Inversión en adquisición, rehabilitación, construción ou ampliación e depósito en contas vivendas	Cantidades destinadas á realización de obras e instalacíons da vivenda habitual do contribuínte por razón de discapacidade.
9.015 €/anuais	12.020 €/anuais

Concepto vivenda habitual:
- Residencia habitual do contribuínte durante prazo continuado de a lo menos 3 anos, agás que concorran determinadas circunstancias que terán que acreditarse (separación matrimonial, cambio de emprego,inadecuación por discapacidade, etc...)
- Habitar de modo efectivo e carácter permanente
- Inclúe a efectos da dedución: anexos ou calquera outro elemento que sen ser vivenda propiamente dita, si se adquire conxuntamente coa mesma)xardíns, parques, piscinas, instalacións deportivas). Prazas de garaxe ata un máximo de dous sempre que se adquiran coa vivenda.

Concepto obras e instalacións de adecuación da vivenda habitual

- Obras que impliquen reforma do interior da vivenda.
- Obras de modificación de elementos comúns do edificio que sirvan de paso necesario entre a vía pública e a finca urbana, tales como escaleiras, ascensores, pasillos, portais ou calquera outro elemento arquitectónico
- Obras necesarias para a aplicación de dispositivos electrónicos que sirvan para superar barreiras de comunicación sensorial ou de promoción da seguridade

Acreditación da necesidade de obras e instalacións:

- As obras terán que ser cualificadas como necesarias para a accesibilidade e comunicación sensorial que facilite o desenvolvemento digno e axeitado da persoa con discapacidade (acreditación por EVO)

Requisitos da dedución:

- A persoa con discapacidade ten que ser o propio contribuínte, o seu cónxuxe ou parentes en liña directa ou colateral, consanguínea ou por afinidade ata o 3º grao inclusive que convivan con él.
- A vivenda estea ocupada por calquera das persoas antes indicadas baixo títulos de propiedade, arrendataria/o, subarrendataria/ou ou usufructuaria/o

Quen ten dereito a ela?

- Calquera das persoas indicadas anteriormente
- Contribuíntes que sexan copropietarios do inmoble no que resida a persoa con discapacidade oe na que realicen as obras de modificación dos elementos comúns.

Obxecto:

Dedución por obras de mellora na vivenda, que se aplica sobre a cota íntegra estatal, e sempre que non coincidan con cantidades ás que se lle aplicou a dedución por inversión en vivenda habitual.

Aplícase a persoas contribuíntes con base impoñible inferior a 71.007,20 €, a dedución do 20% das cantidades satisfeitas entre o período **executadas entre 14/04/2011 ata 31/12/2012**apolas obras realizadas en calquera vivenda da súa propiedade ou no edificio na que ésta se atope, cando teñan por obxecto a mellora da eficiencia enerxética, hixiene, saúde, protección do medio ambiente, uso de enerxías renovables, seguridade e estanquidade, e en particular substitución instalacións electricidade, auga, gas e outros subministro, ou ben, favorezan a accesibilidade ao edificio ou as vivendas, ou obras de instalacións de infraestruturas de telecomunicación para permitir o acceso a internet e servizos de televisión dixital.

Base máxima anual da dedución:6.750 €/anuais	Cando a base impoñible igual ou inferior a 53.007,20 €
Base máxima anual da dedución: 6.750 € menos o resultado de multiplicar por 0.375 a diferencia entre a base impoñible e 53.007,20 €/anuais	Cando a base impoñible entre 53.007,20 € e 71.007,20 €

En Galicia,os Contribuíntes poderán aplicar as seguintes **DEDUCCIÓNS AUTONÓMICAS**:

- Dedución por nacemento ou adopción de fillos/as.
- Por familia numerosa: Cando algún dos cónxuxes ou descendentes aos que lle sexa de aplicación o mínimo persoal e familiar do imposto teña un grao de discapacidade igual ou superior ao 65%, a dedución será de 500 € cando se trate de familia numerosa de categoría xeral ou 800 € cando se trate de familia numerosa de categoría especial.
- Por coidado de fillos menores
- Por contribuíntes con discapacidade de idade igual ou superior a 65 anos, que precisen axuda de terceiras persoas:Aplícase o 10% das cantidades satisfeitas a terceiros ata un máximo de 600 €, sempre que o contribuínte non sexa usuario de residencias públicas ou concertadas da Comunidade Autónoma de Galicia ou beneficiario do cheque asistencial da Xunta.
- Por gastos dirixidos ao uso de novas tecnoloxías en fogares galegos:
- Por aluguer da vivenda habitual.
- Polo fomento do autoemprego dos homes menores de 35 anos e as mulleres con independencia da idade.

UNIDADE DE REFERENCIA: Axencia Tributaria www.aeat.es
NORMATIVA DE REFERENCIA: Lei 35/2006, de 28 de novembro do Imposto da renda de persoas físicas e Lei Orzamentos xerais do Estado para 2013

IMPOSTO DE SOCIEDADES

Concepto:
O imposto sobre sociedades (IS) é un tributo estatal de carácter directo e natureza persoal que grava a renda obtida por sociedades e demais persoas xurídicas. O IS ten en conta as situacións de discapacidade mediante o establecemento de incentivos fiscais para promover distintas actuacións ao seu favor.

Dedución por creación de emprego para traballadores/as con discapacidade:
(Art. 41) Deducirase na cota íntegra a cantidade de 6.000 €/cada persoa/ano de incremento do promedio do cadro de persoal de traballadores con discapacidade, contratados por tempo indefinido e a xornada completa, experimentado durante o período impositivo, respecto do cadro persoal medio de persoas traballadoras con discapacidade con eses tipo de contrato no período impositivo inmediato anterior.
Requisitos:
- As persoas traballadoras contratados teñen que ter discapacidade
- Contratacións a xornada completa e carácter indefinido
- Incremento promedio respecto do período impositivo anterior.

Dedución por contribucións empresariais a plans de pensións de emprego, mutualidades de previsión social que actúen como instrumento de previsión social empresarial, a plans de previsión social empresarial ou por aportacións a patrimonios protexidos das persoas con discapacidade
(Art.43) Con efectos ata o período impositivo iniciado en 2011 esta dedución ten varias modalidades, en función do destino da contribución ou aportación:
- O suxeito pasivo poderá practicar unha dedución na cota íntegra do 10% das contribucións empresariais imputadas a traballadores/as con retribucións brutas anuais inferiores a 27.000 €, sempre que tales constribucións se realicen a plans de pensións de emprego, a plans de previsión social empresarial, a plans de pensións regulados en directiva europea, a mutualidades de previsión social que actúen como instrumento de previsión social dos que sexa promotor o suxeito pasivo.

- O suxeito pasivo pode practicar dedución na cota íntegra do 10% das aportacións realizadas a favor de patrimonios protexidos dos traballadores/as con retribucións brutas anuais inferiores a 27.000 € ou so seus parentes en liña directa ou colateral ata 3º grao inclusive, os seus cónxuxes ou de persoas a cargo de ditos traballadores/as en réxime de tutela ou acollemento regulados na lei de patrimonios protexidos. Ditas aportacións para xerar dereito a dedución teñen non poden exceder de 8.000 €anuais por cada traballador/a ou persoa con discapacidade e as que excedan deste límite poden practicar a dedución nos 4 períodos impositivos seguintes ata esgotar en cada un, o importe máximo de dedución. Se nun mesmo período impositivo concorren deducións na cota por aportacións efectuadas nese periodo e outras pendentes, primeiro practicaranse as deducións dos exercicios anteriores ata esgotar o importe máximo que xenera o dereito a dedución.

- Están exentas do Imposto sobre Sociedades as rentas positivas que se poñan de manifesto con ocasión das contribucións empresariais a patrimonios protexidos.

Bonificación por arrendamento

Terá unha bonificación do 85% da parte da cota íntegra que corresponda ás rendas derivadas do arrendamento de vivendas, ou do 90% cando se trate de rendas derivadas do arrendamento de vivendas por parte de persoas con discapacidade e na mesma se fixeran obras e instalacións de adecuacións de accesibilidade (tano na vivenda do arrendatario coma no terreo no que a mesma se atope).

A renda que se bonifica derivada do arrendamento estará integrada para cada vivenda polo ingreso íntegro obtido, minorado nos gastos directamente relacionados coa obtención de dito ingreso e na parte dos gasos xerais que correspondan proporcionalmente.

Asimilarase á vivenda, o mobiliario, trasteiros, prazas de garaxe co máximo de dúas, e calquera outra dependencia, espazos arrendados ou servizos cedidos como accesorios da finca polo mesmo arrendador, excluídos os locais de negocios sempre que uns e outros se arrenden conxuntamente coa vivenda

Explotación económicas exentas

Prevese a exención do Imposto de Sociedades as rendas obtidas por entidades sen fins de lucro que procedan de actividades que se desenvolvan en cumprimento dos seus fins e obxectivos, de:

- asistencia a persoas con discapacidade, incluída a formación ocupacional, a inserción laboral e a explotación de granxas, talleres e centros especiais nos que desenvolvan o seu traballo.

Bonificación a cooperativas de traballo asociado fiscalmente protexidas

Prevese a aplicación dunha bonificación do 90% sobre a cota íntegra obtida de todas as rendas obtidas pola cooperativa durante os 5 primeiro anos da súa actividade social, que terán que integrar a un mínimo do 50% de socios con discapacidade e acrediten, que no momento da constitución ditos socios estaban en situación de desemprego.
Aplicación que require o mantemento do referido porcentaxe de socios.

Dedución por actividades de investigación e desenvolvemento e innovación tecnolóxica

(Artigo 35)
Prevese unha dedución pola realización de actividades, de investigación e desenvolvemento e innovación tecnolóxica.
Considéranse como actividade de investigación e desarrollo do deseño e elaboración do mostrario para o lanzamento de novos produtos asi como a concepción de “software”avanzado, sempre que supoña un progreso científico ou tecnolóxico significativo mediante o desarrollo de novos teoremas e algoritmos ou mediante a creación de sistemas operativos e linguaxe novos ou sempre que este destinado a facilitar ás persoas con discapacidade o acceso aos servizos da sociedade da información. Non se inclúe as actividades habituais ou rutinarias relacionadas co software.
A base da dedución estará constituída polo importe dos gastos de investigación e desarrollo e, no seu caso polas inversións nos elementos de inmobilizado material e intanxible excluídos os inmoles e terreos.. Consideraranse gastos de investigación e desarrollo os realizados polo suxeito pasivo, incluídas as amortizacións dos bens afectos as citadas actividades, en canto estén

directamente relacionadaos con ditas actividades e se apliquen efectivamente á realización das mesmas, constando especificamente individualizos por proyectos.
As porcentaxes serán:

- 30% dos gastos efectuados na realización das actividades no período impositivio sexan maiores que a media dos efectuados nos dous anos anteriores, aplicarase a poercentaxe establecida no párrafgrafo anterior ata dita media, e o 50% sobre o exceso respecto desta.
- 20% sobre o importe dos gastos de persoal da entidade correspondente a inverstigadores cualificados dedicados exclusivamente á actividade
- 10% das inversións en elementos de inmobilizado material e intanxible, agás inmobles e terreos, sempre que estén afectos exclusivamente ás actividades.

UNIDADE DE REFERENCIA: Axencia Tributaria www.aeat.es
NORMATIVA DE REFERENCIA: Lei 49/2002, de 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins de lucro e dos incentivos fiscais ao mecenazgo. – Real decreto lexislativo 4/2004, de 5 de marzo, que aproba texto da lei de Imposto de Sociedades.

IMPOSTO SOBRE SUCESIÓNS E DOAZÓNS

Concepto:
É un tributo de natureza directa e subxectiva, que grava os incrementos patrimoniais obtidos a título lucrativo por persoas físicas.
O obxectivo deste imposto é gravar os incrementos de patrimonio que se producen, normalmente, como consecuencia de herdanzas e doazóns, así como os seguros de vida nos que o contratante sexa persoa distinta do beneficiario.
Grávase o adquirido por cada suxeito pasivo, tomando como base, no caso das herdanzas, o patrimonio neto do causante, é dicir, os seus bens menos as cargas, débedas e gastos

Beneficios fiscais:
A normativa galega establece distintas reducións que mellora e substitúe a normativa estatal, segundo se dispón no artigo 4 da norma galega.
As adquisicións "mortis causa" o que se paga é o Imposto de Sucesións, as persoas con discapacidade, ademais das que lle correspondan en función do grao de parentesco ao persoa causante, os ben herdados e a finalidade dos mesmos, poderán aplicar unha redución a maiores por ter unha discapacidade.

Parentesco	- Grupo I: adquisicións por descendentes e adoptados menores de 21 anos, 1.000.000€, máis 100.000 euros por cada ano menos de 21 que teña o habente causa, cun límite de 1.500.000€ - Grupo II: adquisicións por descendentes e adoptados de 21 anos ou máis e menores de 25, 900.000 euros, menos 100.000 euros por cada ano maior de 21 ata 24; de 25 anos ou máis, cónxuxes, descendentes e adoptantes: 18.000 euros - Grupo III: adquisicións por colaterais de segundo e terceiro grao, e ascendentes e descendentes por afinidade: 8.000 euros. - Grupo IV: nas adquisicións por colaterais de cuarto grao, grao máis distantes e estraños, non haberá lugar a redución.
Discapacidade	- Grao de discapacidade igual ou superior ao 33% e inferior ao 65%: Redución de 150.000 € - Grao de discapacidade igual ou superior ao 65%: Suxeito pasivo pertencente ao grupo I e II con patrimonio preexistente que non exceda de 3.000.000 €: Redución do 100% da base impoñible. Suxeito pasivo pertencente ao grupo I e II con patrimonio preexistente que si excede de 3.000.000 €: Redución de 300.000 € Suxeito pasivo pertencente aos grupo III Y IV: Redución de 300.000 €
Síndrome tóxica e actos de terrorismo	**Redución do 99%** dos importes percibidos
Adquisición de bens e dereitos afectos a unha actividade económica e de participacións en	**Redución do 99%** do valor incluído na base impoñible cando concorran as seguintes circunstancias: - Que o centro principal de xestión da empresa ou negocio profesional, ou domicilio fiscal da entidade, se atope situado en Galicia e se manteña durante os cinco anos seguintes á data de devengo. - Que na data de devengo do imposto á empresa individual, ao negocio profesional ou as participacións lles sexa de aplicación a exención regulada no apartado 8º do artigo 4 da lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio. Para estes efectos, a participación do suxeito pasivo no capital da entidade debe ser:

<table>
<tr><td>entidades</td><td>- En entidades de reducida dimensión: esíxese unha participación do suxeito pasivo no capital da entidade do 5% de forma individual, ou do 20% de forma conxunta co seu cónxuxe, ascendentes, descendentes ou colaterais de ata cuarto grao do falecido, sexa por consanguinidade, por afinidade ou adopción.
- Resto de entidades: esíxese unha participación do suxeito pasivo no capital da entidade do 50% como mínimo, xa sexa de forma individual ou conxuntamente co seu cónxuxe, ascendentes, descendentes ou colaterais de ata cuarto grao do falecido, sexa por consanguinidade, por afinidade ou adopción.
- Que adquisición corresponda ao cónxuxe, descendentes ou adoptados, ascendentes ou adoptantes e colaterais, por consanguinidade ata o terceiro grao inclusive, do causante.
- Que o adquirente manteña o adquirido e e cumpra os requisitos da exención do imposto sobre o patrimonio durante os cinco anos seguintes á devengo do imposto, agás falecemento de este o transmisión da explotación por pacto sucesorio conforme ó Dereito civil de Galicia.
- Esíxese que a entidade viñese exercendo efectivamente as actividades do seu obxecto social durante un período superior aos dous anos anteriores á devengo do imposto.</td></tr>
<tr><td>Adquisición de explotación agraria</td><td>(Redacción vixente a partir 01/01/2010) Redución do 99% do valor da explotación agraria situada en Galicia ou dereito de usufruto sobre esta, cando concorran as circunstancias seguintes:
- Que na data de devengo, o causante ou o seu cónxuxe teñan a condición de agricultor/a profesional.
- Que a adquisición corresponda ao cónxuxe, descendentes ou adoptados, ascendentes ou adoptantes e colaterais, por consanguinidade ata o terceiro grao inclusive, do causante.
- Que a persoa adquirente manteña no seu patrimonio a explotación agraria durante os cinco anos seguintes ao devengo do imposto, agás que dentro do devandito prazo faleza a persoa adquirente ou transmita a explotación en virtude de pacto sucesorio conforme o previsto na Lei de dereito civil de Galicia.
Que a explotación agraria viñese exercendo, efectivamente, actividades agrarias durante un período superior aos dous anos anteriores ao devengo do imposto</td></tr>
<tr><td>Adquisición de elementos afectos a unha explotación agraria</td><td>(Redacción vixente a partir 01/10/2010) Redución do 99% do valor de elementos de unha explotación agraria situada en Galicia ou de dereitos de usufruto sobre estes incluídos na base impoñible cando concorran as circunstancias seguintes:
- Que a adquisición corresponda ao cónxuxe, descendentes ou adoptados, ascendentes ou adoptantes e colaterais, por consanguinidade ata o terceiro grao inclusive, do causante.
- Que na data de devengo as persoas adquirentes ou os seus cónxuxes teñan a condición de agricultor/a profesional en canto á dedicación de traballo e procedencia de rendas e sexan ben titulares dunha explotación agraria á cal estean afectos os elementos que se transmiten ou ben socios/as dunha sociedade agraria de transformación, cooperativa de explotación comunitaria da terra ou sociedade civil que sexa titular dunha explotación agraria á que estean afectos os elementos que se transmiten.
- Que a persoa adquirente manteña os elementos adquiridos afectos á explotación agraria durante os cinco anos seguintes ao devengo do imposto, agás que dentro do devandito prazo faleza a persoa adquirente ou transmita os elementos en virtude de pacto sucesorio conforme o previsto na Lei de dereito civil de Galicia.</td></tr>
<tr><td>Adquisición de vivenda</td><td>Redución, en función do valor total do inmoble, de acordo co seguinte:<table><tr><td>Valor real total do inmoble</td><td>Porcentaxe redución</td></tr></table></td></tr>
</table>

<table>
<tr><td></td><td>
<table>
<tr><td>Ata 150.000,00 €</td><td>99%</td></tr>
<tr><td>De 150.000,00 € a 300.000 €</td><td>97%</td></tr>
<tr><td>Máis de 300.000,00 €</td><td>95%</td></tr>
</table>
Cando a adquisición corresponda ao cónxuxe, a redución será do 100%.
O límite da redución é de 600.000€ cando:
- Que a adquisición corresponda a descendentes ou adoptados, ascendentes ou adoptantes e colaterais, por consanguinidade.
- No caso de parente colateral, este deberá ser maior de 65 anos e será necesaria a convivencia co causante durante os dous anos anteriores ao falecemento.
- Os adquirentes deberán manter a vivenda adquirida durante os cinco anos seguintes á devengo do imposto, agás falecemento de este o transmisión da vivenda por pacto sucesorio conforme ó Dereito civil de Galicia. No caso de transmisión da vivenda no indicado prazo, e a totalidade do seu importe se reinvista na adquisición dunha vivenda situada en Galicia que constitúa ou vaia constituír a vivenda habitual do adquirente, non se perderá a redución.
- O concepto de vivenda habitual será o previsto na normativa reguladora do IRPF.
- Cando por un mesmo transmitente se produza a transmisión de varias vivendas habituais nun ou en varios actos, por causa de morte ou por pactos sucesorios, unicamente se poderá practicar a redución por unha soa vivenda habitual.
</td></tr>
<tr><td>Adquisición de predios rústicos incluídos na Rede Galega de espazos protexidos</td><td>Redución do 95% do valor de predios rústicos de dedicación forestal situados en terreos incluídos na Rede galega de espazos forestais protexidos.
- A adquisición debe corresponder ao cónxuxe, descendentes ou adoptados, ascendentes ou adoptantes ou colaterais, por consaguinidade ata o terceiro grao inclusive do causante.
- Os predios adquiridos deberá manterse durante os 5 anos seguintes á adquisición, salvo falecemento do adquirente ou transmisión por pacto sucesorio previsto na Lei de dereito civil de Galicia</td></tr>
<tr><td>Adquisición de parcelas forestais que formen parte da superficie de xestión e comercialización conxunta de producións que realicen agrupacións de propietarios forestais dotadas de personalidade xurídica (en vigor dende</td><td>Lei 15/2010, de 28 de decembro, de medidas fiscais y administrativas (en vigor dende 01.01.2011)
Redución do 99% do valor das parcelas forestais que formen parte da superficie de xestión e comercialización conxunta de producións que realicen agrupacións de propietarios forestais dotadas de personalidade xurídica.
- Manter a propiedade polo prazo, contido nos estatutos sociais, que reste para o cumprimento do compromiso da agrupación de permanencia obrigatoria na xestión conxunta das parcelas.
- Non se aplicará de oficio. Deberá ser solicitada polo suxeito pasivo na presentación da declaración do imposto.A solicitude se acompañará dos xustificantes expedidos pola Consellería do Medio Rural que acrediten a inclusión das devanditas parcelas na agrupación de propietarios forestais. Só se poderá rectificar a solicitude dentro do período regulamentario de declaración.
- A porcentaxe de redución aplicarase:
a) Sobre o resultado de deducir do valor do ben ou dereito o importe das cargas e gravames que prevé o artigo 12º da Lei 29/1987, do 18 de decembro.
b) Sobre a parte proporcional do importe das débedas e dos gastos que sexan deducibles de acordo cos artigos 13º, 14º e 17º da mesma lei, sempre que estes últimos se tivesen en conta na fixación da base impoñible individual do causahabente.</td></tr>
</table>

01.01.2011)	- Se se deixasen de cumprir os requisitos establecidos nas reducións anteriores, deberase pagar a parte do imposto que se deixase de ingresar como consecuencia da redución practicada e os xuros de mora.

En **adquisicións intervivos, o que se paga é o Imposto de Doazóns**, cando a persoa ten unha discapacidade, aplícanse as seguintes:

Adquisición de bens e dereitos afectos a unha actividade económica e de participacións	**Redución do 99%** do valor incluído na base impoñible cando concorran as seguintes circunstancias: - Que o doador tivera máis de 65 anos ou tivese incapacidade permanente absoluta ou gran invalidez. - Que o doador deixara de percibir devengos por funcións de dirección dende a transmisión. A pertenza a o Consello de Administración non é función de dirección a estes efectos. - Que o centro principal de xestión da empresa ou negocio profesional, ou domicilio fiscal da entidade, se atope situado en Galicia e se manteña durante os cinco anos seguintes á data de devengo. - Que na data de devengo do imposto á empresa individual, ao negocio profesional ou as participacións lles sexa aplicable a exención regulada no apartado 8º do artigo 4 da lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio. Para estes efectos, a participación do suxeito pasivo no capital da entidade debe ser: a) En entidades de reducida dimensión: esíxese unha participación do suxeito pasivo no capital da entidade do 5% de forma individual, ou do 20% de forma conxunta co seu cónxuxe, ascendentes, descendentes ou colaterais de ata cuarto grao do falecido, sexa por consanguinidade, por afinidade ou adopción. b) Resto de entidades: esíxese unha participación do suxeito pasivo no capital da entidade do 50% como mínimo, xa sexa de forma individual ou conxuntamente co seu cónxuxe, ascendentes, descendentes ou colaterais de ata cuarto grao do falecido, sexa por consanguinidade, por afinidade ou adopción. - Que adquisición corresponda ao cónxuxe, descendentes ou adoptados, ascendentes ou adoptantes e colaterais, por consanguinidade ata o terceiro grao inclusive, do causante. - Que adquirente manteña o adquirido e cumpra os requisitos da exención do imposto sobre o patrimonio durante os cinco anos seguintes á devengo do imposto, agás falecemento de este o transmisión da explotación por pacto sucesorio conforme ó Dereito civil de Galicia. - Esíxese que a entidade viñese exercendo efectivamente as actividades do seu obxecto social durante un período superior aos dous anos anteriores á devengo do imposto.
Adquisición de explotación agraria	**Redución do 99%** na base impoñible, para determinar a base liquidable, cando concorran as seguintes condicións: - Que o doador tivera máis de 65 anos ou tivese incapacidade permanente absoluta ou gran invalidez. - Que na data da devengo o doador tivese a condición de agricultor/a profesional e perdese tal condición pola doazón.. - Que a adquisición corresponda ó conxuxe, descendentes ou adoptados e colaterais, por consanguinidade ata o terceiro grado inclusive, do doador - Que o adquirente manteña no seu patrimonio a explotación agraria e súa condición de agricultor/a profesional durante os cinco anos seguintes á devengo do imposto, agás falecemento de este o transmisión da explotación por pacto sucesorio conforme ó Dereito civil de Galicia. - Que a explotación agraria viñese exercendo efectivamente actividades do seu obxecto social durante un período

	superior aos dous anos anteriores ao devengo do imposto.
Adquisición de diñeiro destinado á adquisición dunha vivenda habitual en Galicia	**Redución do 95 %** da base impoñible cando concorran os seguintes requisitos: - Que o donatario sexa menor de trinta e cinco anos ou muller víctima de violencia de xénero. No primeiro caso debe tratarse da súa vivenda habitual. No segundo, non debe ser titular doutra vivenda. - Que o importe da doazón non supere os 60.000 € tanto para unha soa doazón, doazóns sucesivas ou varias doazóns de distintos ascendentes. Se se supera esta cantidade non haberá dereito a ningunha redución. - A suma da base impoñible total menos o mínimo persoal e familiar para efectos do IRPF do donatario correspondente ao último período impositivo no prazo regulamentario de declaración do cal estivese concluído á data da devengo da primeira doazón non poderá ser superior os 30.000 €. - Debe facerse en escritura pública con expresión de voluntade do que diñeiro doado se destine á adquisición da primeira vivenda habitual do donatario. A declaración de voluntade debe ser simultándea á doazón. - O donatario debe adquirir a vivenda situada en Galicia nos seis meses seguintes á doazón. No caso de haber varias doazóns, o prazo computarase desde a data da primeira doazón. A redución non se aplicará a doazóns de diñeiro posteriores á compra da vivenda, agás nos supostos de adquisición con prezo aprazado ou financiamento alleo, sempres que se acredite que o importe do diñeiro doado se destina ao pagamento do prexo pendente ou á cancelación total ou parcial do crédito. - O concepto de vivenda habitual será o previsto na normativa reguladora do IRPF
Adquisición de parcelas forestais que formen parte da superficie de xestión e comercialización conxunta de producións que realicen agrupacións de propietarios forestais dotadas de personalidade xurídica **(en vigor dende 01.01.2011)**	**Lei 15/2010, de 28 de decembro, de medidas fiscais y administrativas (en vigor dende 01.01.2011)** **Redución do 99 %** do valor das parcelas forestais que formen parte da superficie de xestión e comercialización conxunta de producións que realicen agrupacións de propietarios forestais dotadas de personalidade xurídica. - Manter a propiedade polo prazo, contido nos estatutos sociais, que reste para o cumprimento do compromiso da agrupación de permanencia obrigatoria na xestión conxunta das parcelas. - Non se aplicará de oficio. Deberá ser solicitada polo suxeito pasivo na presentación da declaración do imposto. A solicitude se acompañará dos xustificantes expedidos pola Consellería do Medio Rural que acrediten a inclusión das devanditas parcelas na agrupación de propietarios forestais. Só se poderá rectificar a solicitude dentro do período regulamentario de declaración. - A porcentaxe de redución aplicarase: - Sobre o resultado de deducir do valor do ben ou dereito o importe das cargas e gravames que prevé o artigo 12º da Lei 29/1987, do 18 de decembro. - Sobre a parte proporcional do importe das débedas e dos gastos que sexan deducibles de acordo cos artigos 13º, 14º e 17º da mesma lei, sempre que estes últimos se tivesen en conta na fixación da base impoñible individual do donatario. - Se se deixasen de cumprir os requisitos establecidos nas producións anteriores, deberase pagar a parte do imposto que se deixase de ingresar como consecuencia da redución practicada e os xuros de mora.

COMPETENCIA: Consellería de Facenda.
NORMATIVA DE REFERENCIA: Decreto lexislativo 1/2011, do 28 de xullo (DOG20/10/2011), Lei 29/1987 do 18 de decembro imposto sobre sucesións e doazóns,

10.2 IMPOSTOS INDIRECTOS

IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO (IVE)

Concepto.
É un imposto indirecto que recae sobre o consumo de bens e servizos, gravando tres clases de operacións:
- Entregas de bens e prestacións de servizos realizadas por empresarios e profesionais na súa actividade
- Adquisicións intra comunitarias de bens, realizadas por empresas empresarios ou profesionais normalmente
- Importacións de bens

Consideracións:
- Obras de rehabilitación ou análogas: inclúe dende 14/04/2010 a efectos deste imposto, as instalacións de elementos elevadores, incluídos os destinar a eliminar barreiras arquitectónicas para o seu uso por persoas con discapacidade.
- Acreditación do grao de discapacidade a través do certificado emitido polo EVO, ou as resolucións dos pensionistas de incapacidade permanente total, absoluta ou grande invalidez da Seguridade Social, ou pensionistas de invalidez e inutilidade das clases pasivas. Cando se trate de persoas con discapacidade cuxa incapacidade sexa declarada xudicialmente: considerarase acreditado un grao de discapacidade do 65%.
- Consideración da mobilidade reducida:
a) persoas cegas ou con deficiencias visuais, e en todo caso, as afiliadas á ONCE que acrediten a súa pertenza mediante o correspondente certificado.
b) Titulares da tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade emitidas polas Entidades Locais
- Vehículos para persoas con mobilidade reducida: Vehículo cuxa tara non é superior a 350 kg e que por construción, non pode alcanzar en liso, unha velocidade superior á reducida 45km/h, proxectado e construídos especialmente (e non meramente adaptado) para o uso de persoas con algunha disfunción ou incapacidade física. En canto ao resto das súas características técnicas equipararanse aos ciclomotores de tres rodas.
- Autoturismo: Turismo destinado ao servizo público de viaxeiros con licenza municipal, excluído o taxi.
- Autotaxi: Turismo que presta servizos con contador ou taxímetro.
- Vehículo de motor: Vehículo provisto de motor para a súa propulsión. Exclúense os ciclomotores, tranvías e vehículos para persoas con mobilidade reducida.

Beneficios fiscais:
1.- Exencións para entidades que teñan como obxectivos principais a educación ou asistencia a persoas con discapacidade:
(Nas operacións interiores:
- As prestacións de servizos de educación especial e asistencia a persoas con discapacidade (incluídos servizos de alimentación, aloxamento ou transporte), efectuadas por entidades de dereito público ou entidades privadas de carácter social
- Cesión de persoal realizado por entidades relixiosas para educación especial e asistencia a persoas con discapacidade

Nas importacións de bens:

- Aquelas concebidas para a educación, o emprego ou a promoción social das persoas con discapacidade, previo recoñecemento da Axencia Tributaria.

Nas adquisicións intracomunitarias de bens indicados anteriormente.

2.- Aplicación de tipos impositivos reducidos:

Aplicación do 4%:

a) Vehículos para persoas con mobilidade reducida, as cadeiras de rodas, e os vehículos autoturismos e autotaxis especiais, ou vehículos a motor para o transporte habitual de persoas con mobilidade reducida ou para o transporte de persoas con discapacidade en cadeira de rodas, previa adaptación ou non, e con independencia de quen sexa o condutor, sempre que:

- Se solicite previamente a Axencia Tributaria o seu recoñecemento, mediante solicitude realizada.
- Que transcorresen a lo menos 4 anos dende a adquisición doutro vehículo en análogas condicións, agás en supostos de sinistro total dos vehículos que será certificado pola entidade aseguradora ou cando se xustifique a baixa definitiva do vehículo.
- Que non sexan obxecto dunha transmisión posterior por actos inter vivos durante o prazo de 4 anos seguintes a data da súa adquisición.
- O recoñecemento producirá efectos dende a data da solicitude
- Hai que acreditar que o destino do vehículo é o transporte habitual de persoas con discapacidade en cadeira de rodas ou mobilidade reducida. Isto acreditarase a través de:
  - A titularidade do vehículo a nome da persoa con discapacidade
  - Que o adquirente sexa cónxuxe da persoa con discapacidade ou teña unha relación de parentesco en liña directa ou colateral ata o 3º grao, inclusive
  - Adquirente inscrito como parella de feito da persoa con discapacidade
  - Adquirente teña a condición de tituor, representante legal ou gardador de feito da persoa con discapacidade
  - Adquirente demostre convivencia coa persoa con discapacidade a través do empadroamento ou por ter domicilio fiscal na mesma vivenda.
  - Cando o adquirente sexa unha persoa xurídica: Terá que desenvolver actividades de asistencia a persoas con discapacidade ou, contar dentro do cadro de persoal con traballadores/as con discapacidade contratados que vaian utilizar habitualmente o vehículo.

Fases do procedemento:

- A persoa ten que solicitar en Facenda mediante formulario 04, e aportar a documentación acreditativa da discapacidade e a movilidade reducida, que o destino do vehículo será o transporte habitual de persoas con discapacidade en cadeira de rodas ou con movilidades reducida.
- Si se cumpre os requisitos emitirase acordo de aceptación provisional que permite a adquisición do vehículo aplicando o 4%.

Posteriormente o vendedor a través de Internet ou o propio solicitante nas propias oficinas, terán que comunicar os datos correspondentes á adquisición do vehículo. Se non son correctos, emitirase resolución denegatoria concedendo o trámite de audiciencia ao interesado.

Se todo é correcto, expedirase un acordo de recoñecemento definitivo do dereito a aplicación do tipo do 4%.
Os suxeitos pasivos que realicen entregas de vehículos para o transporte habitual de persoas con discapacidade en cadeiras de rodas ou mobilidade reducida só poderán aplicar o tipo impositivo reducido cando o adquirente acredite o seu dereito mediante o documento no que conste o pertinente acordo da Axencia Estatal de Administración Tributaria, o cal deberá conservarse durante o prazo de prescrición (4 anos) .Recursos posibles contra a resolución: a reclamación económica-administrativa a presentar no prazo de 1 mes dende o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou a aquel no que se poida entender desestimado o procedemento ou o recurso de reposición prévio.Dirixirase ao órgano administrativo que ditou o acto reclamable.

b) Próteses, órteses e implantes internos para persoas con discapacidade
c) A prestación de servizos de reparación de vehículos para persoas con mobilidade reducida, das cadeiras de rodas.
d) A prestación de servizos de adaptación dos autotaxis e autoturismos para persoas con discapacidade, e dos vehículos a motor que transporten habitualmente a persoas con discapacidade en cadeira de rodas ou con mobilidade reducida.
e) Os servizos de teleasistencia, axuda a domicilio, centros de día e de noite e atención residencial, sempre que non estén exentos e se presten en prazas concertadas en centros ou residencias ou mediante prezos derivados dun concurso administrativo adxudicado ás empresas prestadoras ou como consecuencia dunha prestación económica vinculada a tales servizos que cubra máis do 75% do seu prezo.

Aplicación do 10%:
Ás entregas, adquisicións intracomunitarias e importacións de bens:
- aparatos e produtos que sexan susceptibles de utilizarse esencial ou principalmente a suplir as deficiencias físicas ou previr, diagnosticar, tratar, aliviar ou curar enfermidades ou doenzas das persoas. Non se inclúe cosmética nin produtos de hixiene persoal, agás compresas, tampóns e protexeslips.
- A prestación de servizos de asistencia social que non están exentas nin lles sexa de aplicación o tipo do 4%.
- A asistencia sanitaria, dental e curas termais non exentas

ORGANISMO COMPETENTE: Axencia Tributaria www.aeat.es
NORMATIVA DE REFERENCIA: - Lei 6/2006, de 24 de abril, de modificación da Lei 37/1992, do 28 de decembro, Imposto sore o Vaor Engadido para a clarificación de vehículo destinado ao transporte de persoas con discapacidade - Real Decreto 1466/2007, de 2 de novembro, que modifica o Reglamente do Imposto sobre o Valor Engadido - Real Decreto 1496/2003, de 15 de decembro, polo que se modifica o Reglamento do IVE, aprobado polo Real Decreto 1624/1992, de 29 de decembro - Lei 53/2002, do 30 de decembro de medidas fiscais, administrativas e do Orde Social

IMPOSTO SOBRE TRANSMISIÓNS PATRIMONIAIS E ACTOS XURÍDICOS DOCUMENTADOS

Concepto:

Recolle tres impostos diferentes:

- O imposto sobre transmisións patrimoniais onerosas : transmisións de toda clase de bens e dereitos
- O imposto sobre operacións societarias: constitución, aumento e diminución de capital, fusión, escisión e disolucións de sociedades.
- O imposto sobre actos xurídicos documentados : formalización de documentos notariais, mercantís, administrativos, como por exemplo escrituras públicas, letras de cambio, etc...

Beneficios fiscais:

O imposto sobre transmisións patrimoniais onerosas

a) Está prevista a aplicación do tipo impositivo do 7% á transmisión de inmobles, así como a constitución e cesión de dereitos reais que recaian sobre bens inmobles, agás os dereitos reais de garantía.

b) 4% o tipo de gravame aplicable ás transmisións de inmobles que vaian constituír a vivenda habitual do contribuínte cando este sexa unha persoa con discapacidade física, psíquica ou sensorial cun grao igual ou superior ao 65%.

No caso de que a vivenda sexa adquirida por varias persoas, o tipo aplicarase exclusivamente á parte proporcional que lle corresponda ao contribuínte con discapacidade.

O concepto de vivenda habitual será o previsto na normativa reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas. E no momento de presentación do imposto, o contribuínte debe achegar a xustificación documental axeitada e suficiente da condición de persoa con discapacidade.

c) 6**%** o tipo de gravame aplicable á adquisición de vivenda que vaia ser obxecto de inmediata rehabilitación, e terá que cumprir os seguintes requisitos:

- Na escritura pública que documente a adquisición indicarase que a vivenda vai ser obxecto de inmediata rehabilitación.
- As obras de rehabilitación deberán ser rematadas nun prazo inferior a trinta e seis meses desde a data de devengo do imposto. Para estes efectos, no prazo dos trinta días posteriores á finalización dos trinta e seis meses, o suxeito pasivo deberá presentar perante a Administración tributaria a licenza de obras e as facturas derivadas da rehabilitación coa desagregación por partidas.
- O incumprimento desta obriga determinará a perda do dereito ao tipo reducido.

son obras de rehabilitación de vivendas as que reúnan os requisitos establecidos no número 22º B) da alínea Un do artigo 20 da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido, agás as obras destinadas á mellora e á adecuación de cerramentos, instalacións eléctricas, auga e climatización e protección contra incendios, que se considerarán como obras análogas

d) 100%, na modalidade de transmisións patrimoniais onerosas, para aqueles arrendamentos de vivenda que se realicen entre particulares con intermediación do Instituto Galego da Vivenda e Solo ao amparo do Programa de vivenda de alugueiro.

O imposto sobre actos xurídicos documentados:

a) Está prevista a aplicación do tipo de gravame do 0,3%, na súa modalidade de documentos notariais, para as primeiras copias de escrituras que documenten unha adquisición de vivenda habitual, se:

- O adquirente sexa:
  - Ser membro de familia numerosa e destine o inmoble adquirido a vivenda habitual da súa familia, e non superar de patrimonio de todos os membros da familia non superará a cifra de 400.000 euros, máis 50.000 euros adicionais por cada membro superior ao mínimo para obter a condición de familia numerosa.

- Idade inferior a trinta e seis anos e a partir do 16/11/2010 e só ata o 31/12/2011, a suma do patrimonio dos adquirentes para os que vaia constituír a súa vivenda habitual e, de ser o caso, dos demais membros das súas unidades familiares non superará a cifra de 250.000 euros, máis 30.000 euros adicionais por cada membro da unidade familiar que exceda do primeiro.

b) Está prevista a aplicación do 0,50% nas primeiras copias de escrituras que documenten a primeira adquisición de vivenda habitual suxeita ao imposto sobre actos xurídicos documentados, na súa modalidade de documentos notariais, e á constitución de préstamos hipotecarios destinados ao financiamento da adquisición de primeira vivenda habitual suxeita o imposto actos xurídicos documentados, na súa modalidade de documentos notariais

c) O 1% para as primeiras copias de escritura e actas notariais.

d) 0,75% para as primeiras copias de escrituras que documenten a primeira adquisición de vivenda habitual ou a constitución de préstamos hipotecarios destinados ó seu financiamento.

Para estes efectos, haberá que aterse ó concepto de vivenda habitual previsto na normativa reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas.

e) 2% aplicable as primeiras copias de escrituras que documenten transmisións de bens inmobles nas que se renunciase á exención do imposto sobre o valor engadido, tal e como se prevé no artigo 20.Dous da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido.

f) Bonificación do 75% da cota nas escrituras públicas outorgadas para formaliza-la declaración de obra nova ou a división horizontal de edificios destinados a vivendas de alugueiro, se cumpre o seguinte:

- Que se indique no documento que o promotor da edificación vai dedicarse directamente á súa explotación no réxime de arrendamento e destinar a esta actividade a totalidade das vivendas existentes nesta. A bonificación entenderase concedida con carácter provisional e estará condicionada a que, dentro dos dez anos seguintes á finalización da construción, non se produza calquera das seguintes circunstancias:
- Que exista algunha vivenda que non estivese arrendada durante un período continuado de dous anos.
- Que se realizase a transmisión dalgunha das vivendas.
- Que algún dos contratos de arrendamento se subscribise por un período inferior a catro meses.
- Que algún dos contratos de arrendamento teña por obxecto unha vivenda amoblada e o arrendador se obrigue á prestación dalgún dos servizos complementarios propios da industria hostaleira, como restaurante, limpeza, lavado de roupa ou outros análogos.
- Que algún dos contratos de arrendamento se subscribise a favor de persoas que teñan a condición de parentes, ata o terceiro grao inclusive, co promotor ou cos promotores, se estes fosen empresarios individuais, ou cos socios, conselleiros ou administradores, se a promotora fose persoa xurídica.

EXENCIÓNS:

Están exentas do imposto (previa solicitude ó Ministério de Economia e Facenda) as asociacións declaradas de utilidade pública adicadas á protección, asistencia ou integración de persoas com discapacidade.

ÓRGANO COMPETENTE: Consellería de Facenda

NORMATIVA DE REFERENCIA: Lei 15/2010, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (Art. 3) - Lei 8/2010, do 29 de outubro, de medidas tributarias no imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados para a reactivación do mercado de vivendas, da súa rehabilitación e o seu financiamento, e outras medidas tributarias. - Artigo 60 da Lei 16/2008, do 23 de Decembro, dos presupostos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009 - Real Decreto Lexislativo 1/1993, do 24 de setembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados - Real Decreto 828/1995, do 29 de maio, polo que se aproba o regulamento do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados

IMPOSTO ESPECIAL SOBRE DETERMINADOS MEDIOS DE TRANSPORTE

Concepto:
Este imposto grava a primeira matriculación definitiva en España de vehículos, novos ou usados, provistos de motor para a súa propulsión.

Acreditación da discapacidade

- Mediante o certificado do grao de discapacidade emitido polo EVO
- Resolución de incapacidades laborais do INSS ou Clases Pasivas (si tivera o carácter provisional dita exención esixe que se manteña a condición de pensionista durante 4 anos)

Tipo de gravame:
Depende das emisións de CO2 e do tipo de vehículo, máximo previsto no 12%

Exención do Imposto:
- Os vehículos para persoas con mobilidade reducida
- Os vehículos automóbiles matriculados a nome de persoas con discapacidade para o seu uso exclusivo, sempre concorran os seguintes requisitos:
  - Transcurrise a lo menos 4 anos dende a matriculación doutro vehículo en análogas condicións, agás en supostos de sinistro total de vehículos, debidamente acreditado.
  - Que non sexan obxecto dunha transmisión posterior por actos inter vivos durante o prazo de 4 anos seguintes á data da a súa matriculación.
- Os taxis, autotaxis e autoturismos.

Redución do 50% da base impoñible e Requisitos:
- Na matriculación de vehículos con capacidade homologada entre 5 a 9 prazas que se destinen ao uso exclusivo de familias numerosas.
- Requisitos:
  - A matriculación terá lugar a nome do pai/nai da referida familia ou de ambos conxuntamente
  - Trancorrer 4 anos dende a matriculación doutro vehículo ao amparo desta redución, agás supostos de sinistro total do vehículo debidamente acreditado
  - Non pode ser obxecto de transmisión posterior por actos intervivos durante o prazo de 4 anos seguintes á matriculación
  - Exención rogada e condicionada ao recoñecemento por parte da Axencia tributaria.

Procedemento:
- Trátase dunha exención rogada e por tanto hai que solicitala e ter o recoñecemento da exención por parte da Axencia Tributaria.
- Hai que presentar o certificado de discapacidade e /ou a resolución da incapacidade laboral do INSS ou unidades xestoras competentes.
- No caso da redución hai que solicitalo e presentar o certificado de familia numerosa.

Consideracións:
Os cautricilos non lixeiros tamén quedan incluídos dentro da posible exención por persoa con discapacidade (Consulta DGT 24/11/2000)

Non procede impugnación da autoliquidación feita para solicitar devolución ingreso indebido se a matriculación do vehículo foi anterior á solicitude da exención.
Se a persoa con discapacidade falece antes dos 4 anos, e se produce unha transmisión mortis causa do vehículo, non pasa nada e esa transmisión non da lugar a autoliquidación e ingreso do imposto.
Si se inclumple o requisito de manter o vehículo durante 4 anos, anulase os efectos da exención e deberase ingresar as cotas correspondentes dende o día da matriculación tendo como base impoñible o valor do vehículo na data de matriculación. Realizado o ingreso, si se poderá matricular un novo vehículo coa exención de novo.
Non se aplica a exención no caso de vehículos cuxa titularidade está compartida por unha persoa con discapacidade con outras, xa que non se cumpre o requisito de uso exclusivo.
Si se aplica a exención no caso de matriculación de motocicletas.
ORGANO COMPETENTE: Axencia Tributaria www.aeat.es
NORMATIVA DE REFERENCIA: LeI 38/1992, de 28 de decembro, de Impostos Especiais – Real decreto 774/2066, de 23 de xuño, que modifica o Regulamento dos impostos(RD 1165/1995, de 7 xullo) – Lei 51/2007, de 25 de decembro, de Orzamentos xerais do Estado – Real decreto 27/2003, de 10 de xaneiro.

10.3 IMPOSTOS MUNICIPAIS

IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS (IAE)

Concepto: Imposto directo de carácter real que graba o exercizo en territorio nacional, de actividades empresariais, profesionais, artísticas, coa finalidade de intervir na produción ou distribución de bens ou servizos.
Beneficios fiscais: exencións - A actividade de entidades ou fundacións declaradas de utilidade pública sen ánimo de lucro, que realicen ensinanzas, en réxime de concerto educativo. - Asociacións e fundacións de persoas con discapacidade, sen ánimo de lucro, pola realización de actividades de carácter pedagóxico, científico, asistencial, de emprego que para a ensinanza, educación, rehabilitación e tutela de persoas con discapacidade, ainda que vendan produtos resultantes dos talleres dedicados a ditos fins, sempre que o importe de dita venda se destine exclusivamente á adquisición de materias primas ou ao sostemento do establecemento.
Procedemento: - Exención de carácter rogado previa solicitude pola entidade ante a Administración Local.
ORGANISMO COMPETENTE: Administración Local onde se exerza a actividade NORMATIVA DE REFERENCIA: Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba a lei reguladora de Facendas Locais. Real decreto 243/1995, de 17 de febreiro, que dicta normas para a xestión do IAE e se regula a delegación de competencias en materia de xestión censal de dito Imposto

IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA

Concepto: Imposto directo de xestión municipal, que grava a titularidade dos vehículos aptos para circular polas víaspúblicas, calquera que sexa a súa clase e categroía. Considérase vehículo apto para a circulación o que esté inscrito nos rexistros públicos de vehículos mentras non causaren baixa neles. Tamén se considerarán aptos os vehículos provistos de permisos temporais e matrícula turística.
Beneficios fiscais: Exención a) Vehículos para persoas con mobilidade reducida b) Vehículos matriculados a nome de persoas con discapacidade para o seu uso exclusivo, mentras: • Se manteñan ditas circunstancias • Tanto vehículos conducidos pola persoa con discapacidade como os destinados ao seu transporte

Requisitos xerais: • Exención non aplicable a mais dun vehículo simultáneamente. • Consideración de persoa con discapacidade ás que teñan o certificado do grao de discapacidade emitido polos Equipos de Valoración. A equiparación no caso das persoas pensionistas non procede con carácter xeral, só se ven previsfto na Ordenanza fiscal municipal • Exención rogada previa solicitude por parte da persoa con discapacidade ou solicitante. • Terase que indicar as características do vehículo, a matrícula e a causa do beneficio. • A Administración municipal expedirá un documento que acredite a concesión da exención • Terase que aportar o certificado de discapacidade, • Terase que xustificar o destino do vehículo ante o Concello da forma prevista na correspondente Ordenanza fiscal municipal.
ORGANISMO COMPETENTE: Administración municipal NORMATIVA DE REFERENCIA: Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba a Lei reguladora de Facendas Locias Ordenanza fiscal municipal do IVTM

11. LEI 39/2006 DO 14 DE DECEMBRO, DE PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL E ATENCIÓN A PERSOAS EN SITUACIÓN DE DEPENDENCIA

OBXECTO

Esta lei ten por obxecto regular as condicións básicas que garantan a igualdade no exercicio do dereito subxectivo da cidadanía á promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, nos termos establecidos nas leis, mediante a creación dun sistema para a autonomía e atención á dependencia, coa colaboración e participación de todas as administracións públicas e a garantía pola Administración xeral do estado dun contido mínimo común de dereitos para todas as persoas en calquera parte do territorio do Estado español.

O sistema para a autonomía e atención á dependencia responderá a unha acción coordinada e cooperativa da Administración xeral do Estado e as comunidades autónomas, que conterá medidas en todas as áreas que afectan ás persoas en situación de dependencia, coa participación, se é o caso, das entidades locais.

Existe unha escala de valoración específica para menores de 3 anos (EVE), na que se establecen revisións de oficio periódicas ós 6, 12, 18, 24, e 30 meses.

GRAOS

Grao I. Dependencia moderada: a persoa necesita axuda para realizar varias actividades básicas da vida diaria, polo menos unha vez ó día ou ten necesidades de apoio intermitente ou limitado para a súa autonomía persoal.

Grao II. Dependencia severa: a persoa necesita axuda para realizar varias actividades básicas da vida diaria dúas ou tres veces ó día, pero non require o apoio permanente dun/dunha coidador/a ou ten necesidades de apoio extenso para a súa autonomía personal.

Grao III. Gran dependencia: a persoa necesita axuda para realizar varias actividades básicas da vida diaria varias veces ó día e, pola súa perda total de autonomía física, mental, intelectual ou sensorial, necesita o apoio indispensable e continuo doutra persoa ou ten necesidades de apoio xeneralizado para a súa autonomía personal.

Segundo a Resolución do 13 de xullo de 2012, da Secretaría do Estado de Servicios Sociais e Igualdade, pola que se publica o Acordo do Consello Territorial do Sistema para a Autonomía e Atención a Dependencia para a mellora do sistema para a autonomía e atención a dependencia.
Acordase no apartado segundo da Resolución como propostas de mellora, supresión da división por niveis.

E dende xullo de 2012, a valoración da situación de dependencia soamente contempla o Grao.

11.1. CATÁLOGO DE SERVIZOS E PRESTACIÓNS:

PRESTACIÓNS: destinadas á promoción da autonomía persoal e a atender as necesidades das persoas con dificultades para a realización das actividades básicas da vida diaria.

SERVIZOS

O Catálogo de servizos comprende os servizos sociais de promoción da autonomía persoal e de atención á dependencia que seguen:

- Servizos de prevención das situacións de dependencia e de promoción da autonomía persoal.

- Servizo de teleasistencia.

- Servizo de axuda no fogar:
  - Atención das necesidades do fogar.
  - Coidados persoais.

- Servizo de centro de día e de noite:
  - Centro de día para maiores.
  - Centro de día para menores de 65 anos.
  - Centro de día de atención especializada.
  - Centro de noite.

- Servizo de atención residencial:
  - Residencia de persoas maiores en situación de dependencia.
  - Centro de atención a persoas en situación de dependencia, en razón dos distintos tipos de discapacidade.

PRESTACIÓNS ECONÓMICAS

- Prestación económica vinculada ó servizo que será recoñecida unicamente cando non sexa posible o acceso a un dos servizos públicos ou concertados de atención e coidado, que terán carácter prioritario, e estará en todo caso vinculada á adquisición dun servizo.

- Prestación económica para coidados no ámbito familiar e apoio a coidadores/as non profesionais: recibirá unha prestación económica para ser atendido por coidadores/as non profesionais, sempre que se dean condicións axeitadas de convivencia e de habitabilidade da vivenda.

- Prestación económica de asistencia persoal: o seu obxectivo é contribuír á contratación dun/dunha asistente persoal, durante un número de horas, que lle facilite a persoa beneficiaria o acceso á educación e ó traballo, así como a unha vida máis autónoma no exercicio das actividades básicas da vida diaria (ABVB).

NORMATIVA ESTATAL

» LEI 39/2006, de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención a persoas en situación de dependencia (BOE nº 299 do 15/12/2006)
»Resolución de 19 de febreiro de 2007, da Secretaría Xeral Técnica, pola que se publica o Convenio de colaboración entre o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, o Instituto de Maiores e Servizos Sociais, e a Comunidade Autónoma de Galicia, para a realización de programas e/ou proxectos cofinanciados do Plan de Acción a favor de persoas en situación de dependencia.(BOE nº 56 do 6/03/2007)
» REAL DECRETO 504/2007, de 20 de abril, polo que se aproba o baremo de valoración da situación de dependencia establecido na Lei 39/2006, de 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia. .(BOE nº 96 do 21/04/2007). Corrección de erros. (BOE nº 119 do 18/05/2007)
» Resolución de 23 de maio de 2007, do Instituto de Maiores e Servizos Sociais, pola que se publica o Acordo do Consello de Ministros, polo que se aproba o marco de cooperación interadministrativa e criterios de reparto de créditos da Administración General do Estado para o financiamento do nivel acordado, previsto na Lei 39/2006. (BOE nº 132 do 2/06/2007)
»Orde TAS/1459/2007, de 25 de maio, pola que se establece o Sistema de Información do SAAD e se crea o ficheiro de datos de carácter persoal. (BOE nº 127 do 28/5/2007)
» Real Decreto 615/2007, de 11 de maio, polo que se regula a Seguridade Social dos coidadores das persoas en situación de dependencia (BOE nº 114 do 12/05/2007). Corrección de erros (BOE nº 140 do 12/06/2007)
»Real Decreto 727/2007, de 8 de xuño, sobre criterios para determinar as intensidades de protección dos servizos e a contía das prestacións económicas da Lei 39/2006, de 14 de decembro. (BOE nº 138 do 9/06/2007)
»Orde TAS/2632/2007, de 7 de setembro, pola que se modifica a Orde TAS/2865/2003, de 13 de outubro, pola que se regula o convenio especial no sistema da Seguridade Social (que regula, entre outros aspectos, o convenio especial de coidadores non profesionais de persoas en situación de dependencia) (BOE nº 221 do 14/09/2007)
» Real Decreto 1198/2007, de 14 de setembro, polo que se modifica o R.D 504/2007 de 20 de abril, en materia de recoñecemento de descanso por maternidade nos supostos de discapacidade do fillo e de recoñecemento da necesidade de asistencia de terceira persoa nas prestacións non contributivas. (BOE nº 237 do 3/10/2007)
» Real Decreto 175/2011, de 11 de febrero, polo que se modifica o Real Decreto 727/2007, do 8 de xunio, sobre criterios para determinar as intensidades de protección dos servizos e a cuantía das prestacions económicas da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención as persoas en situación de dependenza, e o Real Decreto 615/2007, do 11 de mayo, polo que se regula a Seguridade Social dos cuidadores das persoas en situación de dependencia.
» Resolución do 13 de xullo de 2012, da Secretaría do Estado de Servicios Sociais e Igualdade, pola que se publica o Acordo do Consello Territorial do Sistema para a Autonomía e Atención a Dependencia para a mellora do sistema para a autonomía e atención a dependencia.

NORMATIVA AUTONÓMICA

» Decreto 176/2007, do 6 de setembro polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia na Comunidade Autónoma de Galicia.(DOG nº 187 do 26/09/2007)

» Orde do 17 de decembro de 2007 pola que se establecen os criterios para a elaboración do Programa individual de atención, fixación das intensidades de protección dos servizos, réxime de compatibilidades das prestacións e xestión das prestacións económicas do sistema para a autonomía e atención á dependencia na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 246 do 21/12/2007).

» Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa Individual de Atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.
»ORDE do 2 de xaneiro de 2012 de desenvolvemento do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do Sistema para a Autonomía e a Atención á Dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.

LIBRANZA DE ASISTENCIA PERSOAL.

CONCEPTO	**OBXECTIVO**
Prestación que ten como finalidade a promoción da autonomía persoal, que permite a independencia e toma de decisión ás persoas en situación de dependencia sendo os axentes principais da xestión da libranza.	Contribuir á contratación dun/dunha asistente persoal, durante un número de horas, que facilite á persoa beneficiaria o acceso á educación e ó traballo, así como unha vida máis autónoma no exercicio das actividades básicas da vida diaria, participando na comunidade (educativa, económica, cultural, lecer ...)

REQUISITOS
- Ter recoñecida a valoración da situación de dependencia en:
  - Grao III
  - Grao II
  - Grao I
- Ter o recurso de libranza de asistencia persoal, recoñecido no Plan Individualizado de Atención (PIA).
	MODALIDADES
	- Contratación suscrita cun/cunha asistente persoal.
	- Contratación suscrita cunha empresa intermediadora prestadora de servizos.

ORGANISMO DE REFERENCIA: Consellería de Traballo e Benestar Benestar, Unidade de Coordinación de dependencia, COGAMI

3. CONVENIO ESPECIAL DA SEGURIDADE SOCIAL PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE QUE PRESENTEN ESPECIAIS DIFICULTADES DE INSERCIÓN LABORAL

Concepto

O convenio especial da Seguridade Social para persoas con discapacidade que teñan especiais dificultades de inserción laboral permite completar as cotizacións á Seguridade Social e ter a posibilidade de acceder ás prestacións por xubilación , morte ou supervivencia (viuvez, orfandade e a favor de familiares). Para iso pagarasemensualmente unha determinada contía á seguridade social. Durante o ano 2013 o importe ascende a 189,65 euros mensuais.

- **Requisitos para subscribir este convenio:**
  - Persoas con discapacidade con especiais dificultades de inserción laboral:
    - persoas con parálise cerebral, persoas con enfermidade mental ou discapacidade intelectual cun grao de discapacidade recoñecido igual ou superior ao 33%.
    - Persoas con discapacidade física ou sensorial cun grao de discapacidade recoñecido igual ou superior ao 65%.
  - Ter 18 anos ou mais de idade.
  - Non ter alcanzado a idade mínima para a xubilación ordinaria (
  - Residencia legal en España e telo feito nos durante 5 anos dos cales, 2 terán que ser inmediatamente anteriores á data da solicitude de subscrición do convenio especial.
  - Non estar en alta ou en situación asimilada a de alta en calquera dos rexímenes do sistema da Seguridade Social nin de outro réxime público de protección social.
  - Estar inscrita no servizo público de emprego como persoa desempregadas demandantes de emprego por un período mínimo de 6 meses, inmediatamente anteriores á data de solicitude de subscrición do convenio especial.
  - Non ter condición de pensionista de xubilación ou incapacidade permanente na modalidade contributiva, nin xubilación en modalidade non contributiva, nin percibir pensións equivalentes en calquera outro réxime público de protección social.
  - Non se esixe período previo de cotización.

Efectos do convenio:

- mesmo día da presentación da solicitude
  - Durante o ano 2013, a persoa pode elixir que os efectos do convenio sexan dende a data de presentación da solicitude ou ben, dende a entrada en vigor do real decreto (mes de abril)
  - Desde a data de efecto, a persoa atoparase en situación asimilada a alta na Seguridade social.

Obrigas que debe asumir a persoa:

- Aboar as cotas mensuais á Seguridade Social
- A cota a pagar é o resultado de aplicar a base mensual de cotización (BC) o tipo mínimo de cotización por continxencias comúns (TC). A este resultado aplicaráselle un coeficiente reductor que variará cada ano cando se publique no boletín oficial polo Ministerio de Emprego e Seguridade Social. Para o ano 2013 ascende á 0.89.

ORGANISMO COMPETENTE: INSS
NORMATIVA DE REFERENCIA:Real decreto 156/2013, de 1 de marzo